



PARLAMENTO
DE GALICIA



DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

X lexislatura
Serie Pleno
Número 40

Sesión Plenaria
26 de setembro de 2017

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA

Punto 1. Elección dun membro do Consello Social da Universidade da Coruña (doc. núm. 10135)

Punto 2. Textos lexislativos

2.1 Debate e votación do Ditame, emitido pola Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, sobre o Proxecto de lei de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia (doc. núm. 8133, PL-000003)

Publicación ditame da Comisión, BOPG nº 173, do 11.09.2017

Publicación mantemento de emendas, BOPG nº 173, do 11.09.2017

2.2 Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G.P. dos Socialistas de Galicia, de modificación da Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia (doc. núm. 8740, 10/PPL-000007)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 112, do 10.05.2017

Punto 3. Comparecencia

15162 (10/PPP-000033)

Do conselleiro de Sanidade, por petición propia, para presentar o Plan de prevención do suicidio en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 170, do 06.09.2017

Punto 4. Mocións

4.1 16476 (10/MOC-000045)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e Quinteiro Araújo, Paula

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co actual modelo de prevención e extinción de incendios forestais. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 10899, publicada no BOPG nº 136, do 28.06.2017, e debatida na sesión plenaria do 12.09.2017)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 178, do 20.09.2017

4.2 16632 (10/MOC-000046)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co Anteprojecto de lei de modificación da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 14385, publicada no BOPG nº 165, do 30.08.2017, e debatida na sesión plenaria do 12.09.2017)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 178, do 20.09.2017

4.3 16666 (10/MOC-000047)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio**

Sobre as actuacións que debe levar cabo o Goberno galego en relación coa reforma da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 13965, publicada no BOPG nº 165, do 30.08.2017, e debatida na sesión plenaria do 12.09.2017)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 178, do 20.09.2017

Punto 5. Proposicións non de lei**5.1 10437 (10/PNP-000974)****Grupo Parlamentario de En Marea****Vázquez Verao, Paula e Villares Naveira, Luis**

Sobre a demanda á Xunta de Galicia en relación co aumento do número de equipos de valoración e orientación (EVO) para acadar no presente ano a redución das listas de agarda para a valoración do grao de discapacidade ata, como máximo, tres meses

Publicación da iniciativa, BOPG nº 132, do 21.06.2017

5.2 11240 (10/PNP-001055)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Pierres López, María Luisa e tres deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para aumentar a convocatoria de concursos públicos de redacción de proxectos de arquitectura e urbanismo, así como propiciar fórmulas de participación dos profesionais novos e dos pequenos estudos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 144, do 12.07.2017

5.3 13052 (10/PNP-001113)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e cinco deputados/as máis**

Sobre as actuacións do Goberno galego en relación co proxecto de construción dun macro-complexo comercial e de lecer no monte comunal de Liñeiriños-Cabral

Publicación da iniciativa, BOPG nº 158, do 04.08.2017

5.4 15198 (10/PNP-001200)**Grupo Parlamentario de En Marea****Sánchez García, Antón**

Sobre a constitución dunha comisión parlamentaria de estudo para a elaboración participativa dunha proposta de plan de transporte público de Galicia, así como as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego ao respecto

Publicación da iniciativa, BOPG nº 174, do 13.09.2017

5.5 15393 (10/PNP-001208)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Antón Vilasánchez, María Ángeles e oito deputados/as máis**

Sobre a demanda polo Goberno galego á Deputación Provincial da Coruña da creación dunha mesa de traballo cos concellos da provincia da Coruña percorridos polo Camiño inglés a San-

tiago de Compostela e a prolongación do Camiño de Santiago a Fisterra-Muxía para a súa mellora

Publicación da iniciativa, BOPG nº 174, do 13.09.2017

5.6 15416 (10/PNP-001213)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e tres deputados/as máis

Sobre o impulso polo Goberno galego da constitución dunha comisión especial para a análise do expediente orixinal correspondente á doazón do pazo de Meirás a Franco, así como a procura e presentación dos procedementos necesarios para recuperar a súa titularidade pública

Publicación da iniciativa, BOPG nº 174, do 13.09.2017

5.7 16054 (10/PNP-001240)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Puy Fraga, Pedro e quince deputados/as máis

Sobre a realización pola Xunta de Galicia, en colaboración coas universidades galegas, dun estudo xurídico da posibilidade e mecanismos que permitan, respectando a legalidade vixente, incorporar ao patrimonio público a propiedade das Torres de Meirás, coñecidas como Pazo de Meirás, sen custo para a cidadanía galega.

Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, BOPG nº 174, do 13.09.2017

5.8 15666 (10/PNP-001223)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coa situación en que se atopan as autoescolas de Galicia a consecuencia do conflito laboral do persoal examinador de tráfico.

Publicación da iniciativa, BOPG nº 174, do 13.09.2017

Punto 6. Interpelacións

6.1 15065 (10/INT-000543)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón

Sobre a política do Goberno galego en relación coa regulación do sector eólico

Publicación da iniciativa, BOPG nº 174, do 13.09.2017

6.2 15083 (10/INT-000545)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e tres deputados/as máis

Sobre a política do Goberno galego en relación coas perdas ocasionadas polas extremas condicións climatolóxicas no sector agrario

Publicación da iniciativa, BOPG nº 174, do 13.09.2017

6.3 15654 (10/INT-000549)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e cinco deputados/as máis**

Sobre a política do Goberno galego en materia de atención ás persoas en situación de dependencia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 174, do 13.09.2017

Punto 7. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta**7.1 16700 (10/POPX-000049)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana Belén**Sobre o cumprimento do slogan electoral *Galicia Primeiro*

Publicación da iniciativa, BOPG nº 178, do 20.09.2017

7.2 16730 (10/POPX-000050)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Fernández Leiceaga, Xoaquín María**

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da defensa dos intereses de Galicia bloqueados polo Goberno central

Publicación da iniciativa, BOPG nº 178, do 20.09.2017

7.3 16846 (10/POPX-000051)**Grupo Parlamentario de En Marea****Villares Naveira, Luis**

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para darlles solucións políticas aos problemas políticos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 178, do 20.09.2017

Punto 8. Preguntas ao Goberno**8.1 14371 (10/POP-001948)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e dous deputados/as máis**

Sobre as condicións para a repartición do fondo adicional ao Fondo de Cooperación Local para o ano 2017 establecidas na Orde do 7 de xullo de 2017

Publicación da iniciativa, BOPG nº 165, do 30.08.2017

8.2 14364 (10/POP-001946)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rivas Cruz, José Luis e cinco deputados/as máis**

Sobre o asentamento por The Navigator Company dunha base de operacións en Galicia destinada á captación de madeira de eucalipto para a fabricación de pasta de papel

Publicación da iniciativa, BOPG nº 165, do 30.08.2017

8.3 14788 (10/POP-001983)**Grupo Parlamentario de En Marea****Santos Queiruga, Carmen e Merlo Lorenzo, Juan José**

Sobre a data límite que fixa a Xunta de Galicia para acadar o saneamento integral das rías galegas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 170, do 06.09.2017

8.4 12972 (10/POP-001584)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Fernández Prado, Martín e sete deputados/as máis**

Sobre as accións previstas pola Xunta de Galicia destinadas a implantar o Plan de accesibilidade do transporte metropolitano na cidade da Coruña

Publicación da iniciativa, BOPG nº 158, do 04.08.2017

8.5 16702 (10/PUP-000106)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa**

Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto das consecuencias da política levada a cabo en relación coa enerxía eólica

Publicación da iniciativa, BOPG nº 178, do 20.09.2017

8.6 12769 (10/POP-001532)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Vilán Lorenzo, Patricia e tres deputados/as máis**

Sobre a política do Goberno galego en relación coa protección e xestión da illa de Tambo, no concello de Poio

Publicación da iniciativa, BOPG nº 156, do 02.08.2017

8.7 16845 (10/PUP-000107)**Grupo Parlamentario de En Marea****Villares Naveira, Luis e trece deputados/as máis**

Sobre a recuperación da memoria histórica

Publicación da iniciativa, BOPG nº 178, do 20.09.2017

8.8 13090 (10/POP-001615)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e oito deputados/as máis**

Sobre o proceso de ampliación do Hospital de Montecelo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 158, do 04.08.2017

8.9 12911 (10/POP-001565)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Toja Suárez, María Dolores e Torrado Quintela, Julio**

Sobre os datos presentados polas empresas que fixeron achegas á Consellería do Mar en resposta á consulta preliminar do mercado en relación cos custos económicos en materia de servizos de medios aéreos para salvamento marítimo de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 156, do 02.08.2017

SUMARIO

Ábrese a sesión ás dez da mañá.

Elección dun membro do Consello Social da Universidade da Coruña. (Punto primeiro da orde do día).

O señor presidente anuncia que se vai proceder á elección dunha vacante no Consello Social da Universidade da Coruña, por renuncia de don Luís Felipe Llamas López (Páx. 12.)

A señora secretaria (Arias Rodríguez) fai o chamamento, por orde alfabética, das deputadas e dos deputados, que depositan o seu voto na urna; a seguir fano os membros do Goberno, e finalmente os membros da Mesa. (Páx. 13.)

Acadada a maioría simple, con 50 votos a favor e 17 en branco, proclámase elixido como membro do Consello Social da Universidade da Coruña a don José Ramón Louzao Cabo. (Páx. 13.)

Debate e votación do Ditame, emitido pola Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, sobre o Proxecto de lei de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia. (Punto segundo da orde do día).

O señor presidente comunica as emendas presentadas a este proxecto de lei que se manteñen para o seu debate en pleno. (Páx. 14.)

Presentación do ditame: Sr. presidente da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos (Castiñeira Broz). (Páx. 13.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar a súa posición sobre o ditame e, se é o caso, defender as emendas mantidas: Sr. Bará Torres (BNG) (Páx. 16.), Sra. Vilán Lorenzo (S) (Páx. 19.), Sr. Casal Vidal (EM). (Páx. 22.) e Sr. Trenor López (P) (Páx. 26.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar posicións sobre as emendas mantidas polos demais grupos: Sr. Bará Torres (BNG) (Páx. 31.), Sra. Vilán Lorenzo (S) (Páx. 33.), Sr. Casal Vidal (EM). (Páx. 34.) e Sr. Trenor López (P) (Páx. 36.)

Debate de toma en consideración da Proposición de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, de modificación da Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia. (Punto segundo da Orde do día).

Presentación da proposición de lei: Sr. Álvarez Martínez (S). (Páx. 37.)

Intervención dos grupos parlamentarios para fixar posicións: Sra. Rodil Sánchez (BNG) (Páx. 41.), Sra. Cuña Bóveda (EM) (Páx. 44.) e Sra. Arias Rodríguez (P). (Páx. 47.)

Rolda de réplica: Sr. Álvarez Martínez (S). (Páx. 49.)

Votación dos textos lexislativos

Votación das emendas do G.P. do Bloque Nacionalista Galego ao Proxecto de lei de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia non incorporadas ao ditame: *rexeitadas por 32 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 51.)

Votación das emendas números 2, puntos 1 e 2, 34, 38, 46 e 50 do G. P. dos Socialistas de Galicia ao Proxecto de lei de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia non incorporadas ao ditame: *rexeitadas por 32 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 52.)

Votación das emendas do G. P. dos Socialistas de Galicia, agás as votadas previamente, ao Proxecto de lei de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia non incorporadas ao ditame: *rexeitadas por 32 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 52.)

Votación das emendas números 3.1, 9.13, 30.10 bis, 32.5, 50.3 bis, 79 e 80 do G. P. de En Marea ao Proxecto de lei de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia non incorporadas ao ditame: *rexeitadas por 32 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 52.)

Votación das emendas do G. P. de En Marea, agás as votadas previamente, ao Proxecto de lei de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia non incorporadas ao ditame: *rexeitadas por 32 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 53.)

Votación do Ditame, emitido pola Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, sobre o Proxecto de lei de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia: *aprobado por 39 votos a favor, 32 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 53.)

Votación da toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. dos Socialistas de Galicia, de modificación da Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia: *rexeitada por 32 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 53.)

Comparecencia do conselleiro de Sanidade, por petición propia, para presentar o Plan de prevención do suicidio en Galicia. (Punto terceiro da Orde do día.)

Intervención do Goberno: Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña). (Páx. 54.)

Rolda dos grupos parlamentarios: Sra. Prado Cores (BNG) (Páx. 59.), Sr. Torrado Quintela (S) (Páx. 61.), Sra. Solla Fernandez (EM) (Páx. 65.) e Sr. Núñez Centeno (P). (Páx. 68.)

Réplica do Goberno: Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña). (Páx. 72.)

O señor presidente abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx. 75.) Nesta rolda interveñen a Sra. Prado Cores (BNG) (Páx. 75.), o Sr. Torrado Quintela (S). (Páx. 77.), a Sra. Solla Fernández (EM) (Páx. 78.), o Sr. Núñez Centeno (P) (Páx. 81.) e o Sr. Conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña). (Páx. 83.)

Suspéndese a sesión ás dúas e trinta e cinco minutos da tarde e retómase ás catro e catro minutos da tarde.

Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. David Rodríguez Estévez e D^a Paula Quinteiro Araújo, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co actual modelo de prevención e extinción de incendios forestais. (Punto cuarto da orde do día).

Intervención do grupo autor da moción: Sr. Rodríguez Estévez (EM). (Páx. 85.)

Intervención dos grupos parlamentarios: Sr. Rivas Cruz (BNG) (Páx. 88.), Sr. Quiroga Díaz (S) (Páx. 90.) e Sr. Balseiros Guinarte (P). (Páx. 92.)

Nova intervención do señor Rodríguez Estévez (EM). (Páx. 94.)

O señor presidente anuncia o debate acumulado de dúas mocións. (Páx. 96.)

Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Eva Solla Fernández, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co Anteproxecto de lei de modificación da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia. (Punto cuarto da orde do día)

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa reforma da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia. (Punto cuarto da orde do día)

O señor presidente comunica as emendas presentadas ás mocións. (Páx. 96.)

Intervención dos grupos autores das mocións: Sra. Solla Fernández (EM) (Páx. 97.) e Sr. Torrado Quintela (S). (Páx. 100.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sra. Prado Cores (BNG) (Páx. 103.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sr. Núñez Centeno (P). (Páx. 106.)

Replica dos autores: Sra. Solla Fernández (EM) (Páx. 108.) e Sr. Torrado Quintela (S). (Páx. 110.)

Votación das mocións

Votación da Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. David Rodríguez Estévez e D^a Paula Quinteiro Araújo, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co actual modelo de prevención e extinción de incendios forestais: *rexeitada por 31 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 111.)

Votación da Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Eva Solla, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co Anteproxecto de lei de modificación da Lei 8/2008, de 10 de xullo, de saúde de Galicia: *rexeitada por 31 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 112.)

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa reforma da Lei de modificación da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia: *rexeitada por 31 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 112.)

Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Paula Vázquez Verao e D. Luís Villares Naveira, sobre a demanda á Xunta de Galicia en relación co aumento do número de equipos de valoración e orientación (EVO) para acadar no presente ano a redución das listas de agarda para a valoración do grao de discapacidade ata, como máximo, tres meses. (Punto quinto da orde do día)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 113.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Sánchez García (EM).* (Páx. 114.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Prado Cores (BNG)* (Páx. 115.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Blanco Rodríguez (S)* (Páx. 116.) e *Sra. Rodríguez-Vispo Rodríguez (P)* (Páx. 118.)

A señora Vázquez Verao (EM) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 121.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialista de Galicia, por iniciativa de D^a María Luisa Pierres López e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para aumentar a convocatoria de concursos públicos de redacción de proxectos de arquitectura e urbanismo, así como propiciar fórmulas de participación dos profesionais novos e dos pequenos estudos. (Punto quinto da orde do día).

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 121.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Pierres López (S).* (Páx. 122.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Prado del Río (P)* (Páx. 125.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Bará Torres (BNG)* (Páx. 127.) e *Sr. Cal Ogando (EM)* (Páx. 128.)

A señora Pierres López (EM) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 130.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións do Goberno galego en relación co proxecto de construción dun macrocomplexo comercial e de lecer no monte comunal de Liñeiriños-Cabral. (Punto quinto da orde do día).

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sr. Bará Torres (BNG). (Páx. 131.)

Intervención dos grupos parlamentarios: Sr. Losada Álvarez (S) (Páx. 134.), Sr. Merlo Lorenzo (EM) (Páx.136 .) e Sr. Egerique Mosquera (P). (Páx. 137.)

Nova intervención do señor Bará Torres (BNG). (Páx. 140.)

O señor Losada Álvarez (S) pide a palabra por unha alusión no debate que é denegada polo señor presidente ao considerar que se trata dun malentendido. (Páx. 139.)

Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Antón Sánchez García, sobre a constitución dunha comisión parlamentaria de estudo para a elaboración participativa dunha proposta de plan de transporte público de Galicia, así como as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego ao respecto. (Punto quinto da orde do día).

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sr. Sánchez García (EM) (Páx. 141.)

Intervención dos grupos parlamentarios: Sr. Bará Torres (BNG) (Páx. 144.), Sr. Fernández Fernández (S) (Páx. 146.) e Sr. Fernández Prado (P). (Páx. 148.)

Nova intervención do señor Sánchez García (EM). (Páx.150.)

Suspéndese a sesión ás sete e trinta e nove minutos da tarde.

Ábrese a sesión ás dez da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Imos dar comezo á sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, polo que non procedemos á súa lectura.

Comezamos co punto 1 da orde do día.

Elección dun membro do Consello Social da Universidade da Coruña

O señor PRESIDENTE: Como é unha votación mediante elección en urna, prégolles xa aos servizos da Cámara que vaian repartindo as papeletas para a votación.

E a explicación do procedemento consiste en que, tendo en conta que a Mesa do Parlamento, na reunión do 13 de xuño de 2017, tivo coñecemento da vacante como membro do Consello Social da Universidade da Coruña de don Luís Felipe Llamas López por renuncia, que foi elixido por esta Cámara na sesión plenaria do 12 de xullo de 2016 por proposta do Grupo Parlamentario Popular, en cumprimento do disposto no artigo 79 da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia, procede elixir unha persoa para cubrir a vacante.

Posteriormente, a Mesa, o 19 de setembro de 2017, logo da audiencia á Xunta de Portavoces, acordou a apertura do prazo para a formalización de propostas de candidaturas. Rematado o prazo, a Mesa, na reunión do 25 de setembro, tivo coñecemento da proposta formulada, que comunicou aos grupos parlamentarios.

(Murmurios.)

¡Silencio, por favor!, que, se non, non se enteran do que van votar.

A elección, de conformidade co disposto nos apartados 1.2 e 2 do artigo 91 do Regulamento do Parlamento de Galicia, será secreta mediante papeletas e chamamento por orde alfabética. A expresión do voto efectuarase introducindo na urna a papeleta previamente entregada polos servizos na Cámara, na que consta o nome do candidato proposto marcado cunha aspa no recadro. Considerarase voto en branco de non marcar ningún recadro. Considerarase voto nulo cando se escribisen os nomes doutras persoas ou outros sinais. Efectuado o escrutinio, proclamarase elixido o candidato se obtén maioría simple.

Supoño que todos vostedes teñen xa a papeleta. Se están repartidas, comezaremos a votación por chamamento por orde alfabética feito pola secretaria da Mesa.

Antes prégolles ao vicepresidente primeiro e á vicesecretaria que se sitúen onda a urna para a recollida de papeletas.

Cando queira, señora secretaria, proceda ao chamamento dos señores deputados para a votación.

A señora SECRETARIA (Arias Rodríguez): Si, grazas, presidente.

(A señora secretaria, Arias Rodríguez, fai o chamamento, por orde alfabética, dos deputados e das deputadas, que depositan o seu voto na urna; a seguir fano os membros do Goberno e finalmente os membros da Mesa.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Penso que todos os deputados e deputadas exerceron o voto e, polo tanto, procedemos ao reconto.

(Realízase o escrutinio.) (Pausa.)

O señor PRESIDENTE: O resultado é o seguinte: votos emitidos, 67; votos a favor de don José Ramón Louzao Cabo, 50; votos en branco, 17.

Este é o resultado, polo tanto, hai maioría simple e proclámase elixido membro do Consello Social da Universidade da Coruña a don José Ramón Louzao Cabo.

Continuamos coa orde do día.

Textos lexislativos.

Debate e votación do Ditame, emitido pola Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, sobre o Proxecto de lei de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia

O señor PRESIDENTE: Mantéñense para este debate emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, do Grupo Parlamentario Socialista e do Grupo Parlamentario de En Marea.

Para a presentación do ditame da comisión ten a palabra o presidente da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, don Jaime Castiñeira Broz.

O señor PRESIDENTE DA COMISIÓN 2ª, ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E SERVIZOS (Castiñeira Broz): Señor presidente.

Señorías, bos días.

O Proxecto de lei de benestar dos animais de compañía en Galicia tivo entrada no Rexistro do Parlamento con data 20 de abril de 2017, e a súa admisión a trámite efectivizouse pola Mesa do Parlamento na reunión do 24 de abril, procedendo á apertura do prazo de presen-

tación de emendas, que rematou o 13 de maio e o 1 de xuño de 2017 para as emendas á totalidade e ao articulado respectivamente.

Concretamente, a emenda á totalidade de devolución presentada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia rexeitouse na sesión plenaria do 6 de xuño de 2017.

Pola súa parte, as emendas ao articulado presentadas e admitidas a trámite foron un total de 175: 30 do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, 53 do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, 80 do Grupo Parlamentario de En Marea e 12 do Grupo Parlamentario Popular.

A Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, na sesión do 14 de xuño designou a ponencia encargada de elaborar o informe, que se constituíu o 20 de xuño coa asistencia desta Presidencia que lles fala e da ponente e dos ponentes titulares seguintes: don Gonzalo Trenor López, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia; don Francisco Casal Vidal, do Grupo Parlamentario de En Marea; dona Patricia Vilán Lorenzo, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e don Luis Bará Torres, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Nas seis reunións seguintes elaboraron o informe coas recomendacións definitivas, que emitiron con data 12 de xullo.

A Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, na sesión do 7 de setembro, aprobou o ditame que estou a presentar por 7 votos a favor, 1 en contra e 3 abstencións, conforme ás recomendacións do informe da ponencia, incorporando ao texto do proxecto de lei, ademais das emendas técnicas propostas pola ponencia, 73 emendas: 12 do Grupo Parlamentario Popular, 29 do Grupo Parlamentario de En Marea, 23 do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e 9 do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Logo da retirada en ponencia de 38 emendas, mantéñense para o seu debate neste pleno as 64 emendas rexeitadas na comisión.

Este proxecto de lei de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia consta, ademais da exposición de motivos, de 49 artigos agrupados en 8 títulos; e a súa parte final está integrada por 4 disposicións adicionais, 4 transitorias, 1 disposición derogatoria e 2 derradeiras.

Cómpre rematar a tramitación deste procedemento lexislativo coa aprobación, se é o caso, do proxecto de lei de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia.

Antes de rematar, quero agradecer e salientar o traballo feito pola ponente e os ponentes que participaron nesta elaboración do ditame, así como agradecer o traballo aos servizos da Cámara.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Castiñeira.

Comezamos coa rolda dos grupos parlamentarios para fixar a súa posición sobre o ditame e, se é o caso, defender as emendas.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Moi bo día.

En primeiro lugar, gustárame, en nome do BNG, expresar o recoñecemento e a gratitude a todas as persoas e colectivos que fixeron achegas, emendas e propostas, especialmente aos colectivos animalistas e ás protectoras, que realizaron —entendemos nós— un labor inxente de revisión, de crítica e de redacción de textos alternativos. O agradecemento por parte do BNG, e penso que por parte de todos os grupos, xa que estas entidades son as mellores coñecedoras desta realidade, e a verdade é que nos facilitaron moito o traballo. Ademais estamos convencidos de que a maior riqueza que ten unha sociedade é precisamente ter persoas comprometidas, persoas xenerosas, persoas solidarias, altruístas, persoas que se moven, neste caso, polo amor aos animais e en defensa do ben común.

Estas demandas do asociacionismo foron en moitos casos canalizadas polos grupos políticos, e unha parte delas tivéronse en conta e foron incorporadas ao texto definitivo da ponencia.

En segundo lugar, tamén me gustaría facer unha referencia, un recoñecemento, ao traballo desta ponencia, que me pareceu un traballo produtivo, cun espírito construtivo e cunha vontade de acordo en moitos temas e en moitos aspectos que permitiu unha mellora substancial do texto da lei sobre o documento inicial.

Este traballo da ponencia, de todas as maneiras, tamén puxo en evidencia precisamente todas as carencias, as deficiencias e os déficits de participación e de información pública en todo o proceso previo, que eu creo que deixa moito que desexar no sentido de que houbo un certo menoscabo do labor das asociacións, que puideron ser tidas máis en conta precisamente para evitar que ese debate se levase ata un momento xa final do estudo e da proposta.

A realidade é que, contra o que dicía o texto inicial, non houbo un labor de consulta e consenso coas principais asociacións protectoras de animais e ecoloxistas, e tampouco houbo un traballo suficiente de participación, de debate, de información e de posicionamento no Consello Galego de Protección dos Animais Domésticos e Salvaxes en Catividade, que, contra o que se dicía, non informou este documento; e iso deu lugar a ese clamor en contra, a esa multitude de emendas e alegacións presentadas por todo o movemento animalista e das protectoras. E non foi por falta de tempo, porque realmente pasou máis dun ano desde a aprobación polo Goberno do texto ata a entrada no Parlamento, e houbo tempo abondo para facer ese traballo previo de participación e de información pública, o que pasa é que, claro, agora, á última hora, á conselleira entráronlle as prásas, ten que presentar o seu balance porque xa está coa cabeza na carreira electoral, na carreira para ser candidata na Coruña, e ten que aprobar unhas cantas leis e intentar poñer en marcha esa estratexia contra o cambio climático e algúns anuncios para a galería para presentar algún balance, porque a verdade é que de momento non hai moito balance.

Ben, aínda recoñecendo... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿O señor Tellado ten algo que dicir? (*Murmurios.*) ¡Ah!

Aínda recoñecendo que o texto é, desde logo, sensiblemente mellor, sobre todo no apartado das prohibicións xenéricas e das sancións, o BNG ten aínda profundas discrepancias en aspectos centrais que non nos permiten avalar esta lei, e o principal motivo de discrepancia é a exclusión do ámbito desta norma dos espectáculos de tortura animal, e refírome expresamente ás corridas de touros, ás touradas, que é obxecto dunha emenda pola nosa parte, a emenda número 3.

Quero recordarlles, se non o coñecen, que o Partido Popular parece que quere incluso conseguir o recoñecemento da tauromaquia por parte da UNESCO. Segundo a UNESCO, a tauromaquia é a infame e comercializada arte de torturar e matar animais en público. Non creo que a UNESCO estea moi disposta, con esta declaración, a darlle categoría de patrimonio inmaterial internacional a esta arte do maltrato e da tortura animal.

O feito de que manteñan estas prácticas e estes espectáculos entra en contradición aberta coas prohibicións xenéricas, por exemplo, do título I, que falan da utilización de animais en pelexas, festas, espectáculos ou calquera outra actividade que leve consigo malos tratos, crueldade ou sufrimento, que se lles pode aplicar punto por punto, e aínda nos quedaríamos curtos, ás touradas. É o espectáculo de tortura e maltrato animal por antonomasia; un espectáculo cruel, que non ten ningunha tradición en Galiza, como tampouco ten nos países máis avanzados de Europa. Por iso nos parece unha provocación e unha exaxeración que a conselleira diga aquí, en sede parlamentaria, que é a lei máis avanzada de Europa e que o señor portavoz do Partido Popular, o señor Trenor, diga que é a máis avanzada do Estado. Mire, non lle queremos dar leccións de europeísmo, pero neste caso si que lle podemos dar desde o BNG —os nacionalistas galegos—, leccións de europeísmo, porque neste punto e noutros moitos estamos do lado daqueles países e sociedades que defenden comportamentos civilizados e propios de sociedades avanzadas, de sociedades modernas, como as europeas, que non entenden este tipo de prácticas.

É incomprendible, polo tanto, que unha lei de protección e benestar animal permita estes actos de crueldade extrema, e aquí vostedes eu creo que poñen de manifesto unha falta de valentía e sobre todo de autonomía para abordar esta cuestión, porque vostedes, claro, teñen aí o chip, o automatismo da obediencia a Madrid, ao que diga Madrid. Outras comunidades si que tiveron valentía e capacidade para regular e para ordenar esta cuestión, porque non teñen tradición, son culturas diferenciadas, culturas diferentes, como fixo Cataluña, como fixo Canarias ou como acaba de facer recentemente Baleares. Xa sei que vostedes teñen aí a arma esa de destrución masiva que é o Tribunal Constitucional para eliminar, para liquidar, todas estas leis que van contra a doutrina do pensamento único do Partido Popular, que quere impoñer en todo o Estado a súa visión unitaria, centralista e rancia, do españolismo máis rancio, como neste caso.

O BNG, polo tanto, non vai avalar esta cuestión por esta vontade uniformizadora. Porque, ademais, a vostedes non lles chega iso, non lles chega o Tribunal Constitucional, que mesmo aprobaron leis a medida para protexer as touradas, a tauromaquia, para impoñela en todo o

Estado, como a Lei de 2013, da tauromaquia como patrimonio cultural —¡xa manda truco chamarlle á tauromaquia patrimonio cultural— ou a Lei de 2015, para a salvagarda do patrimonio cultural inmaterial. É a vontade, xa digo, da imposición dun modelo cultural alleo ao noso país, que non apoia practicamente máis que un 10 % da poboación galega —hai máis dun 85 % que está en contra das touradas— e ao que asiste un raquíctico 0,3 % da poboación. Desde logo, algúns que sentan nesas bancadas si que son habituais das touradas. Actúan con absoluta e total coherencia; en todo caso, con absoluta e total submisión a Madrid, e ademais pavonéanse cada verán nas touradas da Peregrina, que é unha especie de pasarela exhibicionista, agora sen raiña das festas, afortunadamente, desde que no ano 1999 o BNG suprimiu esta figura clasista, esta figura sexista e esta figura franquista —que non sei se sabían a que se dedicaba; dedicábase, entre outras cousas, a repartir os puros e os licores nos palcos das autoridades; xa non existe esta figura—. E dicía que se pavonean, e aquí os teñen (*O señor Bará Torres exhibe unha fotografía.*): o señor Rajoy —a plana maior—, o señor Feijóo, o señor Rueda e tamén un tal Louzán, (*Murmurios.*) que agora xa non vai estar; a partir de agora xa non vai estar porque caeu en desgraza, está imputado. Aí tamén aparecía outro imputado, o señor Pachi Lucas, tamén habitual deste palco compartido cos máximos dirixentes do Partido Popular.

Vostedes son perfectamente coherentes, porque son os promotores, patrocinadores e os habituais dos palcos deste espectáculo cruel e absolutamente bárbaro como ao que asisten todos os anos nas festas da Peregrina.

E non son só as corridas de touros, vostedes tamén están intentando promover outro tipo de espectáculos taurinos nos concellos onde gobernan. Acabámolo de ver recentemente no caso de Valga e no caso de Moraña, incluso con espectáculos non autorizados pola Administración e nos que participou a alcaldesa de Moraña.

Temos, ademais desta cuestión, outros motivos de discrepancia, outras emendas, como, por exemplo, o que ten que ver cos animais en circos. Non se resolve ben esta cuestión. Nós somos partidarios de que se prohíba expresamente calquera uso de calquera animal, sexa silvestre ou de compañía, nos circos, de todos os animais; igual que hai que velar pola protección dos animais para que deixen de participar nos espectáculos dos circos. Nese sentido, nós fixemos propostas que esperamos que se traten tamén proximamente no Parlamento respecto da necesidade de regular mediante unha norma os santuarios para animais, e traeremos este tema a debate proximamente ao Parlamento.

Igual que pedimos que se prohiban expresamente espectáculos con animais, como, por exemplo, o tiro ao pombiño. Claro, vostedes non o queren introducir porque vostedes estáis noutra liña, noutra dirección. Acaban de asinar un convenio coa Federación Galega de Caza por valor de 25.000 euros, onde entre outras cuestións introducen como novidade a promoción da caza entre a mocidade, entre os menores de 30 anos, e mesmo organizaron un encontro de xuventudes pola caza. Esta é a súa política respecto desta cuestión. Igual que propoñemos —e non aceptaron— a identificación dos animais de compañía, non só nos casos dos cánidos, senón dos gatos, dos felinos e dos furóns. Parécenos que é unha medida positiva para a prevención do abandono, e tamén por razóns sanitarias. Hai outras comunidades, algunhas delas gobernadas polo Partido Popular, que xa aprobaron esta medida.

Tamén nos parece que non está ben resolta a cuestión da eutanasia e do sacrificio. Hai unha redacción intencionadamente ambigua para abrir demasiado as posibilidades de aplicar o sacrificio en casos que non nos parecen necesarios.

Tamén nos parece que queda moi curta a visión que teñen das funcións do Comité Consultivo para a Protección Animal, que é unha visión moi restritiva. Ten unha composición moi burocratizada e fáltanlle funcións, sobre todo de control, de avaliación, de seguimento e de formulación de propostas para que o Goberno poida avanzar nestas políticas. Esa debería ser a función deste consello.

Tamén nos parece que é insuficiente o tratamento que lles dan ás asociacións, a falta de verdadeiro recoñecemento e do importante labor que realizan as asociacións, que moitas veces están suplindo as obrigas e as responsabilidades que lles corresponden ás administracións e que, se deixasen de facer ese labor, desde logo, o problema ía ser moi grande.

Polo tanto, deberían comprometerse moito máis no texto da lei con medidas de apoio, de axuda, incluíndo a convocatoria anual de subvencións para este tipo de asociacións.

E non quero rematar esta intervención sen mencionar un caso de maltrato animal que me parece que está tendo moita repercusión internacional, (*O señor Bará Torres amosa un debuxo.*) o caso Piolín. (*Aplausos.*)(*Risos.*) Deixen en paz a Piolín, non lle fagan iso a Piolín, porque é unha auténtica vergoña (*O señor Bará Torres exhibe unha fotografía.*) dentro dese esperpento, dese auténtico esperpento que está a ser a utilización deste animal nesa campaña de acoso, (*O señor Bará Torres amosa agora nunha man o debuxo e na outra unha fotografía.*) de represión coa vontade democrática do pobo de Cataluña, de facer un referéndum de autodeterminación (*Aplausos.*) e de expresar a libre vontade do seu pobo. É un proceso imparabile, e por moita policía, por moita fiscalía, por moita represión, non van conseguir paralo.

Pero, invocando o benestar animal, non lle fagan isto a Piolín.

Remato.

Dicía Ghandi que a grandeza dun país e o seu progreso moral poden ser xulgados pola forma en que trata os animais. E, neste ámbito, temos moito que avanzar. Recoñezo que se avanza con esta lei, que é un avance nalgúns cuestións, pero queda aínda por avanzar en todos estes temas que acabo de mencionar, sobre todo nos que teñen que ver con eses espectáculos crueis de maltrato, de crueldade e de sufrimento dos animais, que non podemos permitir.

Temos discrepancias de fondo, temos principios que nos parecen irrenunciábeis e, por coherencia co que levamos toda a vida defendendo e tamén cos acordos que xa foron adoptados en deputacións e concellos, gobernados ou cogobernados polo BNG e noutros concellos, non podemos apoiar esta lei.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grazas, señor Bará.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Vilán.

A señora VILÁN LORENZO: Grazas, presidente.

Bo día.

Hai unha imaxe dun fotógrafo da *National Geographic* que se chama Michael Nichols. Nela sae unha man dun primate e ao lado, coa cabeza baixa, o primate acaricia o pelo da famosísima defensora dos chimpancés, que é Jane Goodall. Esa imaxe amosa que os animais son seres vivos que senten exactamente igual ca nós, e hoxe iso debería servirnos para recapacitar un pouco sobre esta lei, sobre este proxecto de lei de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia que nos propoñen o Goberno e o Grupo Parlamentario Popular.

A mesma Jane Goodall dicía unha vez: ¿en que termos debemos pensar nestes seres non humanos pero que posúen moitas características semellantes aos humanos? —preguntábase—, e ela mesma respondaba: por suposto, debemos tratalos coa mesma consideración e amabilidade que aos humanos. Lamentablemente, os membros do Goberno do Partido Popular non pensan exactamente igual que Jane Goodall; precisamente por iso é posible que nunca leven o Premio Príncipe de Asturias, que levou esta muller.

O director xeral de Emerxencias dicía o outro día na Comisión 1ª, falando do proxecto de lei de espectáculos, de espectáculos públicos —literalmente—: «O Goberno galego respecta o dereito de todas as persoas a elixir espectáculos de consumo». Supoñemos que estes espectáculos de consumo son as touradas, e dentro desa liberdade de mercado defendida a capa e espada polo Partido Popular entra tamén a morte destes touros, que, polo visto, nin merecen a nosa consideración nin a nosa amabilidade.

Non accederán —segundo nos dicía o director xeral de Emerxencias— ás prazas de touros os menores de 12 anos —si os que teñan 12 anos e 3 días, ou 1 día—, e, iso si, matizaba: o Goberno está en contra do maltrato animal. Pois quedamos moito máis tranquilos. Grazas, señor director xeral de Emerxencias.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista pensamos que se fixo un moi bo traballo na Comisión 2ª e queremos dar as grazas ao Servizo Xurídico da Cámara —personalizados na letrada que hoxe está nesta Cámara— porque nos facilitaron a todos os grupos o noso traballo. O certo é que se fixo un bo traballo porque o proxecto de lei que entrara antes de pasar pola comisión, antes de pasar polo traballo dos grupos parlamentarios, era moito peor ca este que temos hoxe e que hoxe debatemos, entre outras cousas porque nin perseguía o abandono cero nin a loita contra o maltrato, en realidade.

O texto de hoxe foi mellorado polos grupos no seu momento. O Grupo Parlamentario Socialista presentou unha emenda á totalidade. Fomos o único grupo que presentou esta emenda porque nos demos conta de que o texto era moi, moi mellorable, e de feito foi mellorado. Está ben que traballásemos os grupos parlamentarios, pero foi mellorado fundamentalmente

polo labor das asociacións animalistas, das protectoras de animais e de todas esas persoas que, como dicimos —e dicimos entre nós—, baixan á lama todos os días e traballan todos os días cos animais.

Nós simplemente recollemos as achegas que estas persoas que traballan cos animais fan día a día no seu traballo, esa frase de Jane Goodall de considerar que os animais merecen a mesma amabilidade que os seres humanos.

Ademais das achegas que recibimos a través de correos electrónicos, de *whatsApps*, de chamadas persoais, houbo moitas achegas directamente ao Parlamento de Galicia, a través da web de participación do Parlamento, que, curiosamente, nun noventa e tantos por cento, facían referencia a que vostedes non mantivesen a exclusión dos touros dentro deste proxecto de lei. Vese que non serviron para demasiado.

Está ben, porque este proxecto fixo confluír a sociedade civil e os grupos parlamentarios desta Cámara nun mesmo sitio, que é o texto que hoxe nos chegou aquí.

En consonancia coa nosa emenda á totalidade, presentamos 53 emendas parciais, e seguen vivas, despois do traballo en comisión, 20. O espírito foi bo, pero o Goberno permanece inamovible nalgunhas cuestións que para nós son imprescindibles de cambio. Mantemos esas vinte emendas, somos coherentes coa nosa emenda á totalidade. Só podó falar dalgunhas, non de todas, pero estas emendas van explicar o sentido do noso voto, que xa adianto que vai ser contrario a este proxecto de lei que nos trae o Goberno do presidente Feijóo.

A primeira desta emenda é que pensamos que o propio título do proxecto de lei é demasiado pequeno, fai referencia aos animais de compañía, é ata máis pequeno que aquela lei do ano 1993, que facía referencia aos animais domésticos. Un can é un animal de compañía e un cabalo é un animal doméstico; polo tanto, é máis amplo o concepto de doméstico que o concepto de animal de compañía. E hai outras comunidades autónomas que teñen adoptado esta denominación máis ampla, como Baleares, por exemplo, e nós consideramos que iso é moito máis acertado.

No mes de febreiro o Congreso dos Deputados aprobaba por unanimidade unha proposición non de lei para reformar o Código civil, por unanimidade, e que os animais deixasen de ser obxectos, non puidesen ser apropiados por parte do Estado a través de calquera tipo incluso de expropiación, porque son —e así o recalcou o Congreso dos Deputados— seres vivos que senten, recollendo toda a información dos veterinarios, recollendo a normativa internacional e ata o que din os tribunais españois.

Pois resulta que para este proxecto de lei hai varios animais que nin senten nin son seres vivos: os touros exclúense expresamente, como dicía antes, e animais empregados en calquera espectáculo taurino, incluídos os encerros. Será por iso que din os taurinos que os touros son animais nobres, e ao mellor ser nobre significa non ser vivo nin tampouco ser sentinte.

Hai unha das aportacións a este «Lexisla con nós», do Parlamento, dunha muller que se chama Pilar Villegas, que expresamente di o seguinte: «Non se pode defender que os ani-

mais non son obxectos e á vez permitir a tortura destes seres vivos nas corridas de touros». É moi difícil explicar mellor o que queremos dicir dende o Grupo Parlamentario Socialista, non se pode dicir moito máis. As touradas non teñen tradición na nosa comunidade autónoma, hai unha única praza de touros, lamentablemente está en Pontevedra —e digo lamentablemente porque eu vivo alí—, e en agosto, todos os agostos, por cada festa da Peregrina, hai unha manifestación en Pontevedra en contra das touradas. Cada ano somos máis. Hai moitos anos, cando comezaba, eramos moi poucos, agora hai centos de persoas que saen á rúa pedir que cesen as touradas na nosa comunidade autónoma. Estaría ben que, nalgún momento, algúns de vostedes fosen ese día e, antes de acudir ao baile da Peregrina, acudisen tamén a esa manifestación. (*Aplausos.*)

Esta lei exclúe tamén os équidos, os cabalos. Vai ser moi difícil castigar que se lles poñan pexas.

Exclúe os animais domésticos dos circos. Hoxe hai xa máis de 74.000 firmas que piden retirar o uso, a colocación de circos que utilicen todo tipo de animais na nosa comunidade autónoma. Prohibiuse o uso de animais salvaxes, o cal era unha salvaxada. Pensar nun elefante, ou nun oso, ou nun tigre, ou nun león metido nunha xaula anana simplemente destroza o corazón de calquera que se faga esa imaxe na súa cabeza.

Pero ¿que pasa cos cans? Que seguen a estar nos circos, por exemplo, seguen a estar permitidos nestes espectáculos. Dende o Grupo Parlamentario Socialista solicitamos non a súa prohibición de uso, de entrada, senón que se cree un observatorio de avaliación que durante un ano analice o estado, o benestar deses animais. Non entendemos por que vostedes se opoñen.

Tampouco entendemos, na mesma liña, por que se opoñen a que se recolla expresamente o tiro ao pombiño, a sanción do tiro ao pombiño; quizais porque hai cousas agochadas.

Outra das emendas é que se confunde, de maneira voluntaria, a eutanasia co sacrificio. A eutanasia é a morte provocada dun animal prevista, prescrita por un profesional por razóns de sufrimento irreversible, grave, situacións irreversibles en animais que non poden ser —ou xa non o— suxeitos a tratamento; pero non por razóns, por exemplo, de seguridade das persoas. Iso non é eutanasia, iso é sacrificio, e este proxecto de lei segue a confundir esas dúas cuestións.

Como dicía antes, se un dos fins da lei era a persecución do maltrato, que está claro que non se acadou, outro dos que se dicía era a loita contra o abandono. Veu a conselleira aquí e vostede estivo aquí a presentar este proxecto e así nolo contou. Pois dificilmente se vai acadar se non se identifican todos os animais que vostedes chaman de compañía, non só os cans.

O mesmo podemos dicir das colonias felinas. Vostedes queren que sigan sendo voluntarias, non obrigatorias, para os concellos, e segundo as condicións que van estar nun regulamento, que non vai vir a esta Cámara, e no que, polo tanto, non imos poder participar nin os grupos parlamentarios nin esas persoas que están aí arriba que traballan todos os días cos animais. Vano facer vostedes, exclusivamente, co que digan os técnicos, pero só vostedes. E, ademais,

nin sequera se recolle a posible colaboración a través de convenios coas entidades e coas asociacións protectoras de animais, que hoxe en día son as que se están a encargar das colonias felinas, precisamente.

Saben vostedes que un dos principios básicos que o Partido Socialista leva gravado no seu corazón é o principio de igualdade entre mulleres e homes. Este principio de igualdade cae neste proxecto de lei. Hai un único órgano do que se fala, o Comité Consultivo para a Protección Animal, e, como sempre, no Comité Consultivo non se recolle expresamente, expresamente, que se respecte o principio de composición equilibrada de mulleres e homes. Grazas ás nosas achegas, variouse a redacción, —está no artigo 31 do proxecto de lei—, e agora faise referencia a procurar o respecto a este principio de presenza equilibrada. Nós queremos que se diga expresamente que se respecte o principio de presenza equilibrada, porque logo ocorre o que ocorre: as mulleres nunca estamos nos comités consultivos, en ningún tipo de organismos que se encargan de informar e asesorar o Goberno, e, cando estamos, sempre somos minoritarias, cando só fai falta ver as persoas que están aí arriba: a maioría das persoas que traballan cos animais, día a día, son mulleres. *(Aplausos.)*

Por último, o artigo 49 presentouse polo Goberno no seu día como unha medida estrela: íase dar publicidade ás sancións e aos seus responsables; dos dereitos fundamentais falaríamos outro día. Grazas ás nosas achegas, á nosa emenda, acadamos unha mellora no texto do artigo. Hai circunstancias máis concretas, e as sancións teñen que ser firmes en vía xudicial, non en vía administrativa. Pero nós entendemos que aínda non se acadan todos os requisitos que o Tribunal Constitucional dixera na súa famosa sentenza 292 do ano 2000.

Polo tanto, mantemos vivas as vinte emendas das que falamos na comisión, e agardamos que vostedes teñan na súa memoria esa imaxe da man do primate e o pelo da muller, que nos reconfortou con todos os seres vivos que vivimos neste planeta, e que acepten algunha das emendas que presentamos dende os grupos parlamentarios da oposición. Dende logo, dende o noso, se non aceptan ningunha das nosas emendas, que consideramos fundamentais, o noso voto xa lles adiantei que vai ser contrario.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vilán.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Casal.

O señor CASAL VIDAL: Grazas, señor presidente.

Bo día a todas e a todos.

Estamos hoxe aquí nun día que podería ser histórico, ante o debate dunha lei que xustifica e dignifica o sentido do noso traballo. Esta lei non vai de ideoloxías e afecta o máis profundo da condición humana. Por iso todos os grandes pensadores da humanidade, desde Newton ata Einstein, pasando por Lord Byron ou Gandhi, deixaron frases para a historia en defensa dos dereitos dos animais.

Unha das máis coñecidas xa foi citada, é a de Gandhi, que a grandeza dunha nación e o seu progreso moral pode ser xulgado pola forma en que os seus animais son tratados. Pero a min a verdade gústame máis outra, tamén de Gandhi: «Sosteo que canto máis indefensa é unha criatura máis dereitos ten a ser protexida polo home contra a crueldade do home». E esa é a nosa responsabilidade e deber hoxe aquí no Parlamento: protexer uns seres sentintes que non poden defenderse por si mesmos; se non o facemos, a humanidade e a historia demandaránno.

Os obxectivos principais desta lei deberían ser: a protección integral do benestar, tanto físico como psicolóxico e etolóxico, dos animais; erradicar o maltrato animal; a protección do dereito máis sagrado como é o da vida, instaurando de maneira real o sacrificio cero; poñer as bases para a erradicación do abandono animal; e evitar contundentemente a mercantilización do sufrimento animal.

É verdade que houbo moito debate sincero e leal na elaboración da ponencia da lei, e é de agradecer o talante dialogante do ponente señor Trenor, do grupo maioritario do Partido Popular. Chegouse a moitas transaccións e á aceptación de emendas da oposición e deste grupo de En Marea, pero a análise non pode facerse ao peso de se foi atendido un número alto ou baixo de propostas. Incluíronse as máis importantes e que máis redundan nos obxectivos enumerados anteriormente e, lamentablemente, non foi así.

Pero aínda estamos a tempo durante este pleno de reflexionar e aceptar polo grupo maioritario cambios imprescindibles para que, de verdade, esta sexa unha gran lei da que sentirnos satisfeitos. Aínda que non sexa a lei que nós presentaríamos, sería un verdadeiro paso adiante.

En Marea renunciou a moitos temas esenciais das nosas iniciais oitenta emendas a esta lei, en aras a conseguir avances imprescindibles e necesarios. Por exemplo, aceptamos cousas coas que non estamos de acordo pero que foron matizadas. Hai moitos temas que nós rexeitabamos de maneira radical en como estaban descritos na lei, pero, aínda así, en aras de poder conseguir outros temas quizais máis fundamentais, que despois non foron recollidos, aceptamos matizacións como, por exemplo, o que marca a prohibición de recoller animais abandonados por parte dos cidadáns.

Non se aceptou a nosa proposta de permitilo con certas obrigas e aceptamos que se mantivera a prohibición con excepcións, quedando redactadas as excepcións desta maneira: «Excepcionalmente, en situacións de emerxencia que poidan comprometer o benestar dos animais, os cidadáns e as cidadás poderán realizar a recollida de xeito puntual e desinteresado dun animal vagabundo ou extraviado ata a súa entrega final ou posta á disposición do centro de recollida autorizado que a autoridade competente determine».

Esta redacción non satisfai plenamente as nosas demandas, pero, tendo en conta que un animal abandonado ou vagabundo sempre está en situación de emerxencia, podería ser aceptable en aras do consenso noutros puntos que consideramos esenciais, sempre e cando quedara claro que un animal abandonado ou vagabundo sempre está en situación de emerxencia.

Tamén consideramos que a posta á disposición do centro de acollida debe entenderse como unha comunicación informativa, que non teña que implicar a entrega do animal, podendo este quedar nun fogar de acollida, onde vai estar en moitas mellores condicións ata que sexa devolto ao seu propietario ou dado en adopción.

O mesmo poderíamos dicir da prohibición de alimentar os animais feirais na rúa. A nosa proposta era a supresión total desta prohibición, pero aceptamos tamén, en aras do consenso, a súa modulación, permitíndoo en casos nos que se poña en perigo o benestar do animal, e como di a propia lei, se se considera que a alimentación é imprescindible para o benestar animal; e, polo tanto, a alimentación estaría permitida dunha maneira regulada e hixiénica, que terá que ser concretada nas ordenanzas municipais que deberán emanar desta lei.

Fixemos todas estas concesións, que nos levaron a moito debate coas protectoras e coas asociacións animalistas, na idea de conseguir a aprobación doutras emendas que consideramos que afectan de maneira radical o benestar e tamén a vida dos animais.

Todas esas emendas concréntanse nas trinta que mantemos abertas neste momento aquí no pleno. A verdade é que desexariamos non ter que votar en contra desta lei, e para iso poderíamos renunciar tamén a parte desas trinta emendas, deixándoas para unha nova lei proposta por un novo goberno liderado por En Marea.

Pero hai oito imprescindibles para que esta lei cumpra de verdade os obxectivos que marquei ao principio desta intervención, que son as seguintes e para as que pediríamos ademais votación separada.

A emenda número 3, de supresión do apartado 1, que indica que se debe suprimir do texto os équidos da protección desta lei. O Partido Popular argumenta que xa teñen unha normativa propia, pero, se alguén se presta a ler esa normativa, verá que só hai un punto de catro liñas que se refire á protección animal. E esta protección animal brilla totalmente pola ausencia e déixaos totalmente desamparados.

Tivemos estes pasados días un caso tremendo de como esta normativa non protexe os équidos. Un cabalo, que despois bautizamos como «Triunfo», levaba dúas semanas cunha pata totalmente aberta, cortada e dobrada nos montes do Barbanza, levaba dúas semanas vagando polo monte nunha situación terrible. As asociacións protectoras de animais localizarono, comunicárono ao Seprona e á Garda Civil e o Seprona e a Garda Civil dixeron que non podían facer nada, porque a lei non permite intervir aínda en situacións de tanta gravidade se o propietario non está de acordo. O cabalo, encima, non estaba identificado, co cal a localización do propietario foi moi complexa. Finalmente, dúas semanas despois, despois de que o cabalo levara catro semanas errando polos montes do Barbanza nunha situación terrible, foi localizado o propietario, que autorizou a cesión a unha protectora. A protectora levou o cabalo, transportouno polos seus medios, sen axuda de ningún tipo, a un santuario equino. Déronelle todas as atencións e cando se estaba recuperando da infección que desenvolveu durante esas catro semanas, cando, en cambio, a ferida, a pesar de ser moi importante, era totalmente recuperable, segundo afirmaron os veterinarios, o animal morreu finalmente hai

unha semana debido precisamente á imposibilidade de aplicar unha lei de protección real, que non se puidera aplicar desde o principio e que a actuación das forzas da orde pública, do Seprona, puidera ser efectiva. Este é un caso flagrante e non se puido actuar porque a lei non o permitía.

Tamén emendamos a exclusión dos touros da protección desta lei. Non me vou estender moito, porque xa o fixeron os meus compañeiros dos outros grupos, pero verdadeiramente é sorprendente que o Partido Popular de Galicia defenda este caso de maltrato e crueldade tan extremo. Non ten xustificación en ningún lugar, pero moito menos no noso país, onde os partidarios desta nefasta festa son unha minoría absolutamente irrelevante da cidadanía.

Despois, as emendas relativas a conseguir, de verdade, o sacrificio cero, porque esta lei, tal e como está redactada, non é de sacrificio cero. E para nós isto é o punto absolutamente fundamental dos cambios que pensamos que hai que desenvolver.

A emenda número 9 fala do que é a definición de eutanasia, da definición de eutanasia que inclúe a lei, porque a lei primeiro fala de sacrificio e nas prohibicións xenéricas prohibe o sacrificio. Pero na definición de eutanasia abre a posibilidade dunha cousa que é sacrificio e que non é eutanasia. Todo o mundo sabe o que é a eutanasia: é provocar a morte por un profesional de maneira voluntaria coa finalidade de evitar sufrimento grave e irremediable ou afección grave. E non ten nada que ver con cuestións de saúde pública, de sanidade animal ou por seguridade das persoas, como se indica tamén na prohibición xenérica. Quere dicir: se isto se inclúe como eutanasia, en calquera canceira poderanse seguir matando animais alegando problemas de benestar animal, e, evidentemente, a sobrepoboación é un problema de benestar animal. Pois se isto queda incluído na definición como eutanasia, seguirán producíndose mortes masivas nas canceiras, e isto non o podemos permitir. E ninguén, nin a conselleira nin o Partido Popular, nin ningún dos partidos da oposición, poderemos dicir que estamos orgullosos de que por fin en Galicia chegou o sacrificio cero. Será imposible.

A emenda 32 é o mesmo tema, pero dentro das prohibicións xenéricas.

Despois, a emenda número 30, ao apartado 10 *bis*, onde establecemos un control exhaustivo das femias utilizadas para a cría. É unha das situacións máis sangrantes de maltrato animal. Non vou ler toda a emenda, porque é moi longa, pero fundamentalmente define que ten que haber uns períodos mínimos entre dúas crianzas, intervalos axeitados, un control veterinario exhaustivo tanto desde o punto de vista físico como psicolóxico e etolóxico, e, finalmente, cando a femia non poida seguir criando, será destinada a un centro para posibilitar a súa adopción ou acollemento.

Emenda número 50: a Administración autonómica está obrigada á convocatoria anual de axudas económicas dentro das posibilidades orzamentarias para o financiamento das actividades das asociacións de protección e defensa dos animais —que hoxe nos acompañan e ás que lles agradezo que estean aquí para presenciar o debate—. Sería a maneira real de garantir a non mercantilización do abandono e o sufrimento animal. As protectoras son o verdadeiro garante de que esta lei sexa verdadeiramente efectiva e cumpra os seus fins. Deixar a xestión do abandono en mans de canceiras mercantilizadas sería tráxico e impediría, por

exemplo, a colaboración masiva de voluntarias, como está a pasar nestes momentos, onde non se lles permite colaborar na maioría das canceiras, seguro que para non ter testemuñas incómodas das prácticas que alí se desenvolven.

Emenda 79, de adición. Débese engadir unha nova disposición: «Disposición adicional cuarta: dotación económica aos concellos. A Xunta de Galicia deberá dispoñer de partidas presupostarias nos orzamentos para dotar economicamente as súas actuacións e as dos concellos, de forma que poidan levar a cabo o establecido en todos e cada un dos artigos desta lei e, en concreto, dos artigos 15.4, 22, 26, 29.4 e 34.6 e mais da disposición adicional quinta.» Unha lei sen dotación económica é papel mollado, é deixar toda a responsabilidade orzamentaria nos concellos e condenala á súa falta de aplicación.

Señoras e señores do Partido Popular, non fagan leis só para saír nos titulares da prensa amiga, e mesmo neste caso, onde o benestar e incluso a vida de membros das nosas familias está en xogo. Imaxinen todas aquelas e aqueles que comparten a súa vida con compañeiros animais chamados non racionais que os extravían nun concello sen capacidade de aplicación desta lei e que, argumentando sobrepopoación na canceira, o sacrificuen. Imaxínenos só por un momento. Porque a pregunta non é se poden razoar nin se poden falar, senón se poden sufrir.

E, por último, a emenda 80, de adición dunha disposición transitoria para a creación dun observatorio de avaliación do uso de animais domésticos en circos, e poder determinar nun prazo de doce ou dezaioito meses se a utilización de animais domésticos en circos —así como os salvaxes xa están prohibidos pola lei— tamén debería ser prohibida se as condicións non son as adecuadas.

O peor pecado que cometemos contra os nosos amigos animais non é odialos, é ser indiférentes ante eles; esa é a esencia do inhumano. Señoras e señores do Partido Popular, demostren hoxe aquí a súa humanidade.

E vou rematar como comecei, cunha cita dun gran pensador, Lord Byron, no epitafio ao seu can: «Aquí repousan os restos dunha criatura que foi bela sen vaidade, forte sen insolencia, valente sen ferocidade e tivo todas as virtudes do home sen ningún dos seus defectos». Moitas grazas.

Señores do Partido Popular, apoiem estas oito emendas e poderemos consensuar unha posición de non oposición á lei deste grupo parlamentario. Se non foran aceptadas, non nos queda outro remedio que rexeitar a lei, como xa dixen ao principio da miña intervención.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Casal.

Grupo Parlamentario Popular, señor Trenor.

O señor TRENOR LÓPEZ: Bos días, señorías.

Saúdos a todos os presentes. Saúdos tamén a aquelas persoas que nos fixeron chegar suxestións e aportacións e que non puideron estar hoxe aquí.

Señorías, houbo un diálogo previo á elaboración do texto coas asociacións, con colectivos, con colexios e coas protectoras; houbo diálogo durante o trámite de audiencia da lei; e houbo diálogo tamén co procedemento de exposición pública. Houbo diálogo durante a tramitación parlamentaria desta lei: diálogo na ponencia —da que vostedes, señorías, foron testemuñas— e tamén diálogo fóra do ámbito da ponencia. Froito precisamente dese diálogo, é que en dúas das terceiras partes das emendas houbo algún tipo de acordo. Nun 31 % das emendas houbo acordo de transacción, nun 11 % houbo acordo para aceptalas na súa literalidade e nun 22 % houbo acordo para retiralas; só quedou vivo o 35 % das emendas, só un terzo do total das emendas non foi solucionado pola ponencia. Respecto do articulado, hai que dicir que máis do 50 % da lei non foi emendado por ningún grupo; case o 30 % foi modificado no senso que solicitou a oposición; en resumo, máis dun 80 % do articulado desta lei sae adiante coa conformidade de todos os grupos da Cámara.

Eu ben sei que o señor Bará pensa que este é un resumo estatístico que non é correcto, xa que só incide en factores cuantitativos e non cualitativos. Para o señor Bará hai emendas de recheo que non son valiosas e hai emendas que permiten trazar liñas vermellas pola súa importancia. Pero, ¡que mala sorte!, xusto coas que se chegou a acordos son as que teñen pouco valor e aquelas sobre as que non se puido chegar a acordos eran cruciais. Desta forma de entender as emendas, señor Bará, pódese concluír moitísimas cousas: un recoñecemento pola súa parte de que o seu grupo presenta emendas de recheo —supoño que así pensará que pode manifestar unha oposición de forma máis contundente ás propostas deste grupo—. Pero tamén, señoría, seguramente isto quere dicir que para vostede moito do contido desta lei non ten ningún tipo de valor.

Houbo acordo nos fins da lei, houbo acordo nas definicións, houbo acordo nas competencias das administracións, nas obrigas das persoas propietarias e posuidoras, nos núcleos zoolóxicos. Tamén houbo acordo no que se refería ao transporte dos animais, nos eventos con animais, na regulación dos animais perigosos, na recollida de animais abandonados, na adopción, no apartado de asociacións de protección, no Comité Consultivo para a Protección Animal, no título que se refería á divulgación, educación e formación, e no réxime sancionador. Pero supoño que para vostede todo isto carece de importancia.

Pero fíxense, señorías, como funciona ese argumento retorcido do señor Bará: se hai un diálogo frutífero e se chega a acordos, para o señor Bará é un recoñecemento dun fracaso, e se o grupo maioritario non chega a acordos cos grupos minoritarios é porque está a aplicar o rodillo. Moi difícil nos deixa vostede a elección: ou é un recoñecemento de fracaso ou é utilizar a maioría absoluta. Esa é a concepción cínica que ten vostede do diálogo: un recoñecemento de fracaso.

Pero quizais, señorías, esta mostra de cinismo non é máis que unha forma de ocultar un profundo desinterese, señoría. Vostede nin estivo nin se lle esperou nesta lei. Quizais por iso tivo que falar vostede da raíña das festas, por iso tivo que falar vostede de Piolín; pasou máis tempo falando de Cataluña, falando de Piolín, que falando desta lei. Pero esa é a importancia que lle dá vostede ao benestar dos animais.

Señorías, máis do 80 % desta lei sae adiante coa conformidade de todos os grupos da Cámara. É verdade que houbo puntos onde non puidemos chegar a acordos. Pero, francamente, trazar liñas vermellas con todos eles paréceme un pouco exaxerado, e voules dicir por que.

Entre as emendas rexeitadas, hai unha serie delas que se refiren unicamente a cuestións de carácter semántico, que afectan incluso o propio nome da lei. O proxecto de lei, señorías, recolle no artigo 4 unha nova definición para os animais de compañía, que inclúe: animais domésticos, animais silvestres mantidos en cativeiro e todos os das coleccións zoolóxicas, o que conleva que o ámbito de aplicación desta norma sexa maior que o da Lei de 1993; non máis pequeno, non máis reducionista, ao revés: é máis amplo. O ámbito de aplicación é maior. Podemos dicir que non nos gusta o título, podemos dicir que preferiamos outra denominación, pero non digamos que o contido xurídico desta lei é menor que o que tiña a outra.

Lémbrolles, señorías, ademais, que nas exclusións da lei se elimina unha exclusión que estaba presente na anterior lei, unha exclusión que de forma expresa se mencionaba cara ao tiro ao pombiño, co cal, a partir da entrada en vixencia desta lei, a nosa comunidade estará por fin libre da práctica do tiro ao pombiño, e está así non porque o diga o Partido Popular, senón porque o di a propia lei.

Polo tanto, señorías, enténdese que, cando se pretende trazar unha liña vermella nunha cuestión que non ten ningún alcance xurídico, que pertence ao ámbito das preferencias no uso da linguaxe e se fai desta un *casus belli*, o que se busca é ter excusas para non apoiar esta lei.

Pasa o mesmo coas emendas que se refiren á exposición de motivos. Se trazamos unha liña vermella porque non nos gusta como está redactado o preámbulo da lei, pois claro, vai ser moi difícil poder chegar a acadar un consenso.

Do mesmo xeito, señorías, houbo emendas con especificacións técnicas que, ao entender do noso grupo, deben formar parte do regulamento, salvo que introduzan por suposto unha modificación substancial, que si, que nese caso estaría xustificada que se incluía no articulado; como é o caso dos colares eléctricos, que se prohiben expresamente no articulado da lei, porque nos parecía moi importante, debido precisamente ao uso dese tipo de colares, que houbera unha citación expresa no articulado sobre a súa prohibición.

Na lei fanse prohibicións xenéricas e nalgún caso, como lle estou a dicir, porque é preciso, tamén específicas. Establécense obrigacións aos posuidores, ferramentas para acadar os obxectivos da lei, rexistros administrativos, procedementos sancionadores. Pero, ademais, como di a propia lei na disposición derradeira primeira, todo isto vai ser desenvolvido por un regulamento nun prazo dun ano como máximo. E vai ser o regulamento o que estableza con todo detalle as cuestións que de forma máis xenérica define esta lei.

Pero lémbrolle, señora Vilán, que este regulamento vai ter exposición pública, co cal calquera persoa, calquera cidadán, calquera parlamentario vai poder alegar. E se vostede ten algunha suxestión que facerlle a este goberno, tamén vai poder facerlle chegar as súas achegas, e seguramente que van ser moi ben recibidas, señora Vilán.

En relación, señorías, coas emendas para eliminar a exclusión dos animais de autoconsumo, os équidos, os festexos taurinos e animais de experimentación do ámbito de aplicación, a Lei de 1993 recolle no seu artigo 1 que o seu ámbito de aplicación exclúe aqueles animais que son obxecto de regulación específica, sendo o caso dos animais de autoconsumo, dos équidos, dos touros e dos animais de experimentación, que se foron eliminando do ámbito de aplicación desta norma en tanto que se foron aprobando normas reguladoras específicas de ámbito autonómico ou de ámbito nacional.

Esta redacción xa estaba presente na anterior lei e ten todo o sentido, xa que as leis fanse para ser aplicadas e non para andar preiteando despois con todas as administracións. E así, ademais, señorías, o entenden vostedes, xa que na emenda que presentan din literalmente: «Esta lei non será de aplicación aos animais que sexan obxecto dunha regulación específica». Isto é o que di a súa emenda.

É verdade que vostedes na súa emenda pedían outras cousas. Vostedes pediánnos que se excluían do ámbito de aplicación desta lei tamén todos aqueles cans que eran empregados na práctica da caza; tamén nos pedían que excluirmos os cans que se adican ao pastoreo, os de garda e os de asistencia persoal. Eu supoño que tamén, dentro desta definición de excluír todos os cans de traballo, se incluían tamén os cans que están nos circos. Claro, que despois veña aquí levando a contraria ás súas propias emendas, pois parécenos cando menos un pouco raro.

Ollo, ademais vostedes pediánnos que excluirmos estes cans, pero non só na práctica do traballo, senón tamén durante o seu transporte e o seu adestramento, o que na práctica deixaba excluídos do ámbito de aplicación desta lei milleiros de cans, decenas de milleiros de cans. Emenda que o noso grupo, por suposto, non ía admitir.

En relación coas touradas, señorías, se admitimos a emenda do Partido Socialista, seguiría igual que está agora, xa que existe unha lei de rango superior que as regula e, como vostede nos pedía na súa emenda, non sería de aplicación a lei de marco autonómico.

E, señor Bará, que vostede estableza —precisamente vostede— outra liña vermella neste ámbito non deixa de ser unha grande hipocrisía, tendo en conta que vostede pertence ao goberno do único municipio que leva a cabo este tipo de eventos. Pero non só é que vostede pertenza a ese goberno, é que vostedes son o único concello que financia as empresas que organizan este tipo de eventos; vostedes son o único goberno municipal que serve de impulso e de patrocinadores a este tipo de eventos. *(Aplausos.)* Co cal, señoría, en vez de pedirnos a nós imposibles, en vez de trazar liñas vermellas para xustificar o seu voto en contra, empecen vostedes facendo o que está nas súas mans. E isto, señorías, é de aplicación a todos os grupos.

Teñen vostedes unha ferramenta: a das ordenanzas municipais. E, señorías, vostedes o que fixeron coas emendas que lle presentaron a esta lei foi emendar absolutamente todas as ordenanzas municipais que presentaron os seus grupos.

E quero facer mención expresa á ordenanza do municipio máis grande de Galicia, a ordenanza de Vigo, que é completamente contraria, señora Vilán, a todo o que vostede dixo desde

aquí, a todo. (*Murmurios.*) Prohiben a alimentación de animais, prohiben a recollida de animais, ten un ámbito de exclusión moitísimo maior que esta lei. É, en definitiva, unha ordenanza que desampara moitísimo os animais. E, por suposto, é unha ordenanza que lle queda a anos luz a esta lei, esta lei é moito mellor e protexe mellor os animais. (*Aplausos.*)

Un pouco de coherencia, só lles pido un pouco de coherencia. E teñan o mesmo valor de pedir aos seus alcaldes —que supoño que será un problema de valentía—, teñan ese valor, que igual que veñen aquí e fan como se non existiran esas cousas, que o fagan alí, que vaian alí pedilo.

Señorías, moito mudaron as cousas en vinte anos. Era preciso un marco normativo máis exixente dende o punto de vista sanitario e ambiental que garantise o benestar dos animais. E esta lei permítenos dar resposta a estas exixencias, é a lei máis ambiciosa do país. Díganme, señorías, se vostedes coñecen algunha que sexa mellor que esta.

Ao señor Bará faille moitísima graza que eu fale de país e que a señora conselleira falara do ámbito europeo. Claro que si. É que é a mellor deste país, e seguramente que é unha das mellores de toda a Unión Europea, de todo o contexto onde nós nos compararíamos. (*Aplausos.*)

Señorías, faláronvos de moitísimas cousas que non tiñan que ver coa lei. Eu quero facer unha mención do que si que ten que ver a lei, para que todo o mundo saiba do que estamos a falar, e cando vostedes voten en contra que todo o mundo recorde ao que están votando en contra. Estamos a falar de perseguir o maltrato animal, en todas as súas manifestacións, establecemos mecanismos para a prevención do mesmo e no caso de producirse endurecese o procedemento sancionador. Estamos a falar de prohibir calquera conduta que ocasione dor aos animais, sufrimento ou dano evitable. Estamos a falar de acabar coas condicións inadecuadas desde o punto de vista hixiénico-sanitario ou ambiental ou non atender ás súas necesidades fisiolóxicas e etolóxicas —unha grande incorporación que fai esta lei—. Estamos a falar de prohibir o uso dos animais en atraccións feirais, de regalar animais como recompensa ou premio en eventos públicos, de utilízalos como medio de publicidade en actividades ambulantes. Prohíbense as mutilacións aos animais e, en concreto, as de carácter estético. Prohíbese o tiro ao pombiño. Estamos a falar da prohibición da utilización de animais salvaxes nos circos. Estamos a falar de non ter os cans atados de forma permanente, de impulsar a adopción dos animais abandonados. Estamos a falar de que non se sacrifiquen os animais nas canceiras. Estamos a falar dunha nova figura, a do acollemento temporal e das casas de acollida, de impulsar o papel na identificación dos animais para combater o seu abandono e maltrato. Estamos a falar de que en situacións de emerxencia prevaleza a alimentación e a recollida de animais abandonados ou vagabundos por riba das ordenanzas municipais, como fai a de Vigo ou como fai a que xa non chegou a sacar o Concello de Sada porque a retirou da orde do día.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor TRENOR LÓPEZ: Estamos a falar da creación das colonias felinas. Estamos a falar de promover a tenza responsable como mellor medio para previr o abandono e o maltrato.

En definitiva, señorías —e xa para rematar—, o que hoxe votamos aquí non é só unha lei do Partido Popular, é unha lei que combate o maltrato, que promove a adopción e que busca concienciar toda a sociedade na tenza responsable. Iso, señoría, é o que hoxe imos votar e non outras moitas cousas das que vostedes falaron.

Moitas grazas e máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Trenor.

Iniciamos agora a rolda dos grupos parlamentarios para que se definan sobre as emendas mantidas polos demais.

Por parte do Grupo Parlamentario do BNG ten a palabra o señor Bará Torres.

O señor BARÁ TORRES: Di o representante do Partido Popular, o señor Trenor, que houbo moitísimo diálogo previo na tramitación do anteproxecto e do proxecto de lei, e o que pasou nas últimas semanas é a evidencia de que non houbo ese diálogo, porque a vostedes, sobre todo pola presión social, pola presión mediática, pola mobilización dos colectivos animalistas e das protectoras, non lles quedou máis remedio que aceptar algunhas, unha parte desas emendas. E iso foi o recoñecemento precisamente da evidencia de que o texto inicial era un texto moi frouxo, con moitas carencias e con moitas contradicións.

E nós xa dixemos tamén —vostede parece ser que só quere oír algunhas cousas— que recoñecemos o esforzo que se fixo na ponencia para acoller, para apoiar, para chegar a acordos en emendas que presentaban os grupos da oposición e tamén o Partido Popular, que en parte o que facían era trasladar as propostas que fixeron os colectivos de defensa dos animais.

Nós o que lles criticamos e lles seguimos criticando é que fagan un enfoque cuantitativo desta cuestión. Non é unha cuestión de cifras, non é unha cuestión estatística. Non podemos dicir que, porque se apoiaron, porque se recolleron as dúas terceiras partes, o texto xa é unha marabilla. Porque, con que quedase sen recoller o 2 %, o 3 %, o 4 % ou o 5 %, se son cuestións absolutamente centrais, se son aberracións, a nós non nos vale.

E por iso, efectivamente, temos liñas vermellas, pero que teñen que ver co apoio que o Partido Popular segue tendo para espectáculos de maltrato, de tortura e de sufrimento, porque esta é unha lei con excepcións; é unha lei con excepcións basicamente pola imposición do Partido Popular de Madrid, e vostedes nisto son submisos e obedientes como en moitas outras cuestións e por iso manteñen no texto da lei a existencia en Galiza de espectáculos crueis e que non teñen tradición. E xa lle dixen que, ademais, aprobaron unha lei en Madrid no ano 2013 e outra en 2015 precisamente para blindar estes espectáculos de maltrato.

Por certo, temos que dicir que nestes momentos existe no Parlamento do Estado unha maioría que posibilitaría cambiar esa lei. Agardamos que realmente se faga valer esa maioría e que haxa plena coherencia por parte de todos os grupos políticos, botando abaixo esa lei que mantén o maltrato, a crueldade, o sufrimento ao animal. (*Aplausos.*) Como tamén tiveron valentía, acaban de ter valentía por exemplo en Baleares para facer unha lei polo menos que

significa un paso adiante na dirección de evitar esa imposición dese modelo centralista e madrileño. As leis pódense cambiar e agardemos que se cambien. O que pasa é que, claro, ao mellor a algúns cústalles moito defender determinadas posturas en Andalucía, en Extremadura, en Castela, etc.

Temos, señor Losada, liñas vermellas, e non é unha cuestión de números e de estatísticas, é unha cuestión de sensibilidade, é unha cuestión de coherencia, é unha cuestión de respecto, é unha cuestión de benestar animal.

Fixo vostede unha referencia ao Concello de Pontevedra, e encántame que a fixera, poder falar desta cuestión neste Parlamento e aclarar as cuestións neste Parlamento, porque o Concello de Pontevedra, desde logo, non apoia as touradas. Xa se posicionou no pleno claramente en contra das touradas. E o Concello de Pontevedra no ano 1999 retiroulle a subvención que vostedes lle daban, o Partido Popular, (*Aplausos.*) e o reparto masivo e gratuito de invitacións. Non vexa vostede canta xente chamaba ao Concello no ano 1999 para recoller as invitacións que repartía o Partido Popular. Iso acabou; acabou a asistencia dos representantes do Goberno municipal ás touradas; acabou esa infamia da raíña das festas nas touradas e no baile do Casino. Iso acabou, e a vostedes sentoulles moi mal.

Como tamén se acabou o apoio do Partido Popular e da Deputación de Pontevedra ás touradas, porque cando entrou o BNG no Goberno da Deputación unha das condicións que puxo, precisamente, xuntamente en acordo co PSOE, foi retirar a subvención que o señor Louzán, o Partido Popular, lles daba ás corridas das festas da Peregrina. Estamos diante dunha praza pública que o Concello aluga para facer espectáculos municipais e para aforrar cartos, e en ningún momento o Concello apoia, subvenciona ou promociona as festas taurinas. En todo caso, se vostedes queren que o Concello prohiba as festas da Peregrina, cambien a lei estatal ou cambien a Lei de espectáculos e déanlle capacidade ao Concello para impedir a organización de festexos taurinos en Pontevedra. Teña a seguridade de que non vai haber touros en Pontevedra..., (*Aplausos.*) e que o señor Rajoy, o señor Rueda e o señor Feijóo van ter que ir ver touros á praza das Ventas. Déanos esa capacidade e non volverá haber touros en Pontevedra.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor BARÁ TORRES: Imos apoiar as emendas tanto do Grupo Socialista como da Marea e imos manter as nosas emendas, que fan referencia ás cuestións que xa dixen antes. O que non imos apoiar é a barbarie, o que non imos apoiar é a tortura, o maltrato e unha lei que non resolve cuestións absolutamente fundamentais que teñen que ver co benestar e co maltrato de animais.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor BARÁ TORRES: Polo tanto, imos votar en contra desta proposta do Partido Popular.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Bará.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario Socialista, a señora Vilán Lorenzo.

A señora VILÁN LORENZO: Grazas, presidente.

Efectivamente, houbo diálogo, e o exemplo de diálogo foi a intervención do señor Trenor hai escasamente uns intres, porque vostede foi unha chamada ao diálogo ao resto dos grupos parlamentarios neste momento.

Se houbo diálogo antes e houbo despois, ¿por que se cambiou o 80 % do texto da lei? Ou, se acepta o 80%, acepten a maioría das emendas dos grupos parlamentarios. É difícil dicir que antes de que o proxecto de lei entrase no Parlamento houbo moito diálogo cando logo se cambian moitos dos artigos que vostedes propoñían no seu proxecto de lei. Será porque moito diálogo previo non houbo. O que houbo é moita presión cidadá, o que houbo foi moitas achegas cidadás e o que houbo foi unha emenda á totalidade por parte do Grupo Parlamentario Socialista e vostedes reaccionaron abrindo a man ao diálogo; diálogo que hoxe se ve que non existe coa súa intervención.

Señor Trenor, é verdade que houbo acordos, pero o proxecto de lei que entrou nesta Cámara o día que debatemos a emenda á totalidade e este proxecto de lei parécese tanto como un ovo a unha castaña, máis ou menos; e, se cambiou, foi grazas a esas persoas que están fóra e ao que recollemos os que estamos aquí dentro, non ás súas decisións.

Por certo, vostede di que o uso da linguaxe no ámbito xurídico é básico. Efectivamente, é tan básico que poñer expresamente que se prohíbe o tiro ao pombiño é moito máis preciso e moito máis básico que non poñelo, sumamente básico. Se vostedes non o poñen será por algo, porque, efectivamente, hai prohibicións específicas, pois especifíqueno. ¿Por que non o fan?, ¿por que seguen recollendo exclusións e aplicacións supletorias no artigo 2. Exclúese: «Esta lei non será aplicable a, entre outros, os animais empregados en calquera espectáculo taurino, incluídos os encerros». Aí xuridicamente é clarísimo. Vostedes queren seguir protexendo as corridas de touros. Esa é a súa decisión. E vostedes queren regular esas prohibicións específicas nun regulamento, que claro que se pode, pero os que somos do ámbito xurídico, coma se fose primeiro de Palau, sabemos que as leis están por riba dos regulamentos e das ordenanzas municipais. Polo tanto, sería moito máis importante o que ocorrese neste Parlamento de cara a poder prohibir todo o que está por baixo dunha lei que as ordenanzas municipais e os regulamentos. Os regulamentos, ademais, non teñen entrada nesta Cámara e non os podemos debater; podemos facer aportacións, pero vostedes poden non aceptar ningunha aportación nin de dentro nin de fóra da Cámara e non pasaría nada porque é a súa potestade.

Vostede dixo tamén que as leis se fan para ser aplicadas e non para acudir aos tribunais. Pois tamén se fan para iso. Efectivamente, para vostedes non, e por iso aquel ministro estupendo de Xustiza que vostedes nos colocaron co presidente Feijóo decidiu impoñer as taxas, para que os cidadáns non puideran defender os seus dereitos nos tribunais. Vostede acaba de manifestar cal é a súa opinión dos dereitos. Por certo, hai un dereito fundamental

que se refire a acudir aos tribunais, pero xa sabemos que a vostede os dereitos fundamentais non é que lle gusten demasiado.

Non é certo que non haxa unha lei mellor, porque esta é un copia e pega da lei madrileña. Polo tanto, como mínimo, hai unha lei exactamente igual de mala ca esta ou de medio mala ca esta ou de medio boa, que é a lei da Comunidade de Madrid, que vostedes utilizaron como modelo.

O Grupo Parlamentario Socialista vai votar a favor das emendas dos outros grupos da oposición. Pide a votación separada das nosas emendas números 1, os apartados 1 e 2, 34, 38, 46 e 50, exactamente igual que fixemos na comisión e, como dixen antes, vai votar en contra deste proxecto. Porque todas as leis son importantes, é verdade, pero con esta lei, na que tantas persoas temos traballado, fundamentalmente todas esas persoas que día a día traballan cos animais, poderíamos ter acadado un país un pouco mellor e non traer aquí un texto, este texto, para que a conselleira poida facer gala do seu traballo para vindeiros ou vindeiras cuestións no seu futuro político.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vilán.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Vidal.

O señor CASAL VIDAL: Grazas, señor presidente.

Nós imos seguir ata o último momento tentando que esta lei, de verdade, sexa unha lei que supoña un avance. Xa digo, nunca vai ser, tal e como está redactada, a lei que proporía En Marea, pero estamos aínda..., aínda temos tempo, aínda temos tempo.

O portavoz do Partido Popular, señor Trenor, ao que lle agradezo persoalmente, como xa dixen antes, o seu talante negociador na ponencia, aínda que nos temas fundamentais, estes oito temas que mencionamos antes, non puideramos chegar a un acordo, centrouse na súa intervención nos grupos do Bloque Nacionalista Galego e do Partido Socialista de Galicia, e non mencionou para nada a nosa intervención.

Non mencionou ningunha das nosas demandas, ningún dos nosos argumentos. A verdade é que non sei se é porque os asume ou porque lle é imposible desbaratalos; non o sei, ou ao mellor non lle deu tempo. ¿E que implica iso?, ¿que van aceptar algunha destas oito emendas, señor Trenor? De verdade, cada unha delas implica solucións ao maltrato, implica que moitos animais non teñan que morrer nos montes de Galicia ou nas canceiras. De verdade, reflexióneno nos minutos que quedan para a votación e que non teñamos que esperar a que en Galicia haxa un goberno con verdadeira sensibilidade avanzada na protección animal, tal e como se entende en todos os países desenvolto.

Non queremos sacar réditos políticos cun asunto como este, de humanidade e de dereitos fundamentais, como tamén recoñecen as Nacións Unidas na Declaración de dereitos dos ani-

mais. Só con evitar o sufrimento dun can, dun gato ou dun cabalo —como falei antes do caso trágico do cabalo Triunfo— dariámonos por satisfeitos.

Apoien as nosas emendas. De verdade, queremos unha lei que cumpra os obxectivos que mencionei: a protección integral de verdade do benestar físico e psicolóxico dos animais, a erradicación do maltrato animal, a protección do dereito máis sagrado, como é o da vida, instaurando de maneira real o sacrificio cero. Esta é a parte fundamental das nosas emendas. Se non se modifica a definición de eutanasia e a excepción da prohibición de sacrificar animais segundo a definición de eutanasia, os cans seguirán morrendo día tras día nas canceiras. Señora conselleira, de verdade, reflexionen sobre este punto. É só quitar dúas frases da definición de eutanasia, que calquera sabe que o que pon aí non é eutanasia.

Debemos poñer as bases da erradicación do abandono animal. Iso vai na emenda onde plantexamos a dotación presupostaria ás protectoras animais. É a única posible solución; a través de canceiras mercantilizadas isto non se vai solucionar. ¿Por que? Porque o seu negocio é recoller cans —ter as condicións, algunhas mellores e outras moito peores— e, ao final, en moitos casos sacrificalos. ¿Quen vai ir en contra dos seus propios intereses? As canceiras mercantilizadas nunca van estar contra o abandono. Todas as protectoras nolo comentan, eles non queren con ese activismo, o que queren é que remate o abandono dos cans, e as canceiras mercantilizadas non poden porque sería tirar pedras contra o seu propio negocio. Polo tanto, é absolutamente necesario este financiamento anual ás protectoras.

Falaba o señor Trenor tamén de por que entrabamos en negar a exclusión da Lei de animais, que, en cambio, na definición se concreta que se exceptúan os animais que teñen unha regulación específica, pero enténdese unha regulación específica sempre e cando nesa regulación se inclúa a protección animal, porque se na regulación —lean vostedes a regulación do sector dos equinos en Galicia—... Insisto moito porque así como a situación dos cans, dos gatos feirais, etc., é grave, a situación dos equinos nos montes de Galicia é absolutamente intolerable, e a inmensa maioría da cidadanía desas zonas está manifestándoo continuamente. Non se pode poñer por diante o dereito de propiedade irresponsable do dereito de protección dos animais. Por favor, reflexionen nos poucos minutos que quedan.

E como nesa lei non hai ningunha regulación —e moito menos na regulación dos touros, aí xa non imos entrar—, por iso, de verdade, reflexionen, teñan en conta esas oito emendas e aínda que, xa digo, o proxecto non sería o noso, poderíamos chegar a absternos se aceptan esas oito emendas, que desexariamos á súa vez que se voten unha a unha e por separado.

Se non, non nos quedará máis remedio que rexeitar a lei, con moito sufrimento, de verdade, porque é un tema que nos preocupa de verdade a todos, non desde o punto de vista político, senón desde o punto de vista persoal. É un tema de conviccións propias, que van moito máis alá das políticas.

E, bueno, por suposto porque coinciden con moitas das emendas iniciais que tiñamos, imos aprobar as emendas tanto do Bloque Nacionalista Galego como do Partido Socialista de Galicia.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Casal.

Grupo Parlamentario Popular, señor Trenor.

O señor TRENOR LÓPEZ: Grazas, señora Vilán, por dicir que non apoia esta lei porque a conselleira pode ser a mellor alcaldesa que poida ter a miña cidade. Moitas grazas por recoñecelo, e moitas grazas por dicir aquí que esta non é a mellor lei, pero si por recoñecer implicitamente que esta lei pode ter un rédito electoral para a señora conselleira, porque o que vostede está a facer con ese recoñecemento é recoñecer que esta lei tamén ten algunha parte positiva.

Grazas, señor Casal, foi un pracer traballar con vostede. Penso que imos seguir traballando moito máis. E vote o que vote vostede hoxe, esta lei ten algo de vostede. Hai moita parte desta lei que contempla algunhas das súas aportacións, aportacións moi importantes. E penso que, vote o que vote, como xa dixen, esta lei ten algo seu.

Señor Bará, mire, eu de Pontevedra non quero falar máis. Os titulares da prensa xa o din: «Lores admite que os touros son unha tradición en Pontevedra», unha tradición e un atractivo. (*O señor Bará Torres pronuncia palabras que non se perciben.*) Bueno, pois isto é o que di Lores. Se vostede non está de acordo, dígallo a el.

Señorías, esta lei consagra un ben xurídico: o benestar dos animais; un ben xurídico que non depende da sensibilidade ou da preocupación ben interesada das persoas que están a preocuparse polos animais. Non é unha lei dual que teña diferentes exixencias segundo o grao de sensibilidade das persoas, é unha lei que protexe os animais, con independencia de quen sexa o seu posuínte. ¡Que paradoxo sería ter unha lei estrita e exixente con toda a sociedade e laxa con aqueles que máis queren os animais! Non podíamos facer iso. O ben xurídico a protexer non pode depender das boas intencións. O benestar dos animais non depende das boas intencións, o benestar dos animais é unha obriga para toda a sociedade.

Señoría, hai varios meses iniciamos o procedemento parlamentario desta lei. Ofrecemos diálogo e estudar todas as emendas, e xa daquela intuíamos que fixeramos o que fixeramos vostedes xa tiñan tomada unha decisión, por puro tacticismo electoral, como acaba de recoñecer vostede. Chegaron a dicir e seguen repetindo que isto o facemos só para gañar votos; como lle dicía, un recoñecemento implícito das bondades desta lei. Dende o primeiro momento traballaron para poñer obstáculos. Saben que esta é a mellor lei de todo o país, e, claro, vostedes non poden permitir que un goberno de dereitas sexa o que lles adiante en algo que pensan que é patrimonio da esquerda. (*Risos.*) (*Murmurios.*)

Vostedes, señorías, tiveron maioría nesta Cámara e preferiron non facer absolutamente nada, e non poden entender que sexa unha maioría do Partido Popular a que faga o que vostedes non fixeron (*Aplausos.*), ben por desinterese ou ben por incapacidade.

Hoxe imos aprobar esta lei, iso téñano seguro, e cando entre en vigor en Galicia xa non vai haber máis mutilacións por carácter estético, xa non haberá tiro ao pombiño, xa non haberá

circos con animais salvaxes, non haberá colares eléctricos, sacrificios nas canceiras, non haberá tampouco as tómbolas que regalan animais e xa non se poderá atar os cans de por vida. E, por outra banda, vaise impulsar a adopción, haberá casas de acollida temporais, haberá colonias felinas, campañas educativas e a tenza responsable será unha realidade para toda a sociedade.

Señorías, isto pode ser froito de todas as forzas políticas ou só do Partido Popular. Podemos sentirnos todos partícipes deste gran avance ou, pola contra, algúns pasarán á historia por poñer paus nas rodas. Deixen as liñas vermellas a un lado, actúen con responsabilidade. Teñen a oportunidade de ser partícipes do maior avance en protección dos animais da nosa terra. Súmense a ese avance, teñen a oportunidade de amosar a toda a sociedade que son útiles para o país, que cando a sociedade avanza vostedes son capaces de avanzar con ela, que cando se fai unha lei que é boa e xenerosa, vostedes van estar do lado dos bos e xenerosos. Señorías, a ver se son capaces de poñer por riba dos seus intereses electorais o benestar dos animais e a loita contra o maltrato e o abandono dos animais.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Trenor.

Debate de toma en consideración da Proposición de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, de modificación da Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia

O señor PRESIDENTE: Para a presentación da proposición de lei ten a palabra o señor Álvarez Martínez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, presenta hoxe o noso grupo parlamentario unha proposta de toma en consideración dunha lei que aprobou este Parlamento no ano 2011. Pasaron, polo tanto, seis anos desde que se aprobou esa lei; unha lei, por certo, aprobada coa maioría absoluta deste Parlamento, do mesmo grupo que hoxe en día a segue mantendo, e, polo tanto, sustenta o goberno desta comunidade autónoma. Unha lei que fai boa esa máxima de «*deixade que outros fagan as leis, que eu farei os regulamentos*», pero é que, neste caso, nin regulamento nin concreción de todo o que está establecido nesa propia lei.

Para min resulta democraticamente paradoxal que teña que ser un grupo da oposición parlamentaria o que teña que instar a cumprir unha lei aprobada por este Parlamento, cando, como dicía antes, foi o mesmo grupo parlamentario o que procedeu á aprobación —non en exclusiva, pero si á aprobación— desa lei no ano 2011.

En realidade, bastaría ler a exposición de motivos para darse conta de que esa lei é un instrumento necesario e potente e que articula á súa vez os mecanismos para garantir a pluralidade, a neutralidade e a profesionalidade dos medios públicos de Galicia. Sen embargo, como se ten debatido extensamente na Comisión da Corporación da Radio e Televisión de Galicia,

non parece ser unha lei que, por parte do Goberno, requira de ningún tipo de desenvolvemento regulamentario, e moitísimo menos do establecemento de ningún tipo de prazo para dar cumprimento a aquilo que no propio texto lexislativo se establece como necesario.

Por ir concretando os termos nos que se sustenta a nosa proposición de lei, vou facer referencia a seis aspectos fundamentais que deberíamos debater e que considero que deberíamos aprobar hoxe neste Parlamento. En primeiro lugar, a todo aquilo que se refire ao nomeamento do director ou directora xeral da Corporación da Radio-Televisión de Galicia. Non é que a nivel particular nin como grupo parlamentario teñamos nada en contra do actual director xeral, o señor Sánchez Izquierdo; é máis, fago desde aquí un recoñecemento explícito á súa elasticidade dialéctica e acumulativa sempre que á Corporación se leva algún asunto que puidera ser particularmente conflitivo, porque con extraordinaria habilidade o señor Sánchez Izquierdo minimiza e adapta ás necesidades do Goberno da Xunta de Galicia. É dicir, adaptación ás demandas que se lle fan na comisión. Sempre ten boas palabras, sempre hai un recoñecemento explícito de que se puido ter producido algún erro, pero, ao final, como todas as estruturas elásticas, recupera a súa posición inicial e prégase en torno ao que se lle demanda desde a Secretaría Xeral de Medios, porque, señoras e señores parlamentarios, a realidade é que é a Secretaría Xeral de Medios da Xunta de Galicia a que controla o funcionamento da Corporación da Radio e Televisión de Galicia, non en canto a aspectos de intendencia diaria, senón en canto ao control político que se exerce da información, en concreto que subministra esta Corporación.

Despois, porque me interesa cinguir antes outros dous aspectos, darei lectura literal das respostas do Goberno ás preguntas que se lle formularon por parte deste grupo parlamentario, pero interésame tamén subliñar que non parece necesario que, despois de publicado o mandato marco da Corporación no ano 2015, o contrato-programa correspondente que se debe subscribir non fora publicado. Parécenos —e así o temos exposto por parte deste grupo parlamentario en repetidas ocasións nas distintas comisións— que non interesa publicar ese contrato-programa, e non interesa pola sinxela razón de que un contrato, máxime cando é público, limita considerablemente a capacidade de actuación política dese potente instrumento no que se ten convertido, desde o punto de vista da proxección do Goberno e da ocultación dos lamentables erros que se poden producir na xestión diaria dunha comunidade autónoma. E, polo tanto, se hai ese control, a Corporación da Radio e Televisión de Galicia ten que render contas a través dun contrato-programa, vai ter moi difícil escapar de dar xustificacións e mesmo de exixir responsabilidades a quen corresponda segundo de onde veñan os erros.

¿Que dicir da ausencia do Estatuto profesional dos traballadores da Corporación Radio e Televisión de Galicia? Isto recórdame ese típico problema de matemáticas da tartaruga, que avanza 1 metro o primeiro día, despois avanza cada día a metade do anterior e que nunca chega aos 2 metros. Parece un diálogo perpetuo, un diálogo que debe ser extraordinariamente complicado. Algún tipo de singularidade deben ter os traballadores da Corporación da Radio e Televisión de Galicia para que aínda non foran capaces de elaborar un estatuto profesional que garanta a independencia necesaria dos traballadores desa Corporación.

E, por suposto, nada que dicir da ausencia do Consello de Informativos, porque ¿para que imos ter un consello de informativos cando a pluralidade, a neutralidade dos traballadores

está garantida, tendo en conta as máximas directrices que emanan do sempre ben intencionado señor director xeral da Corporación Radio e Televisión de Galicia e do seu Consello de Administración?

Vanme permitir, porque creo que é ilustrativo, que lea a resposta do Goberno a unha pregunta que se lle fixo por parte do noso grupo parlamentario sobre a opinión en relación coa garantía na actualidade do dereito dos profesionais da Radio e Televisión de Galicia á súa independencia informativa. E dinnos: «En todos os espazos informativos da Radio Galega e Televisión de Galicia se respectan os criterios de imparcialidade e atención á pluralidade, como non pode ser doutra forma cando se está a exercer o deber de informar desde un medio de comunicación de titularidade pública e tal como establece a propia lei de creación da Corporación da Radio e Televisión de Galicia, agora transformada en Lei de medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia. Estes criterios» —continúa— «téñense que combinar necesariamente» —coidado con este dato— «coa proporcionalidade da información política, xa que así o establecen os principios de programación establecidos polo Consello de Administración e os demais criterios emanados desde o corpo que regula a actividade da Corporación Radio e Televisión de Galicia». Fantásticas palabras; contido práctico, nulo.

Din: «Máis alá destes principios, todo o mundo pode cometer erros». Si, o problema dos erros é que cando se acumulan e se repiten xa son tendencia. Esa é a diferenza entre cometer un erro e errar sempre no mesmo sentido.

E di: «Todo o mundo pode cometer erros, e a Televisión de Galicia non está exenta desta posibilidade». ¡Menos mal! ¡Menos mal! Pero rematan: «O estándar de calidade dos medios públicos galegos é dos máis altos do sistema mediático estatal». *¡Porque yo lo valgo! (Risos.)* Din eles que este estándar de calidade é o máis alto do arco dos medios públicos estatais.

Por se isto fora pouco, cando se lles pregunta polas medidas previstas polo Goberno galego para garantir a transparencia e o autocontrol da Radio e Televisión de Galicia, din que as medidas que vai poñer en marcha o Goberno galego para garantir a transparencia e o autocontrol da Radio e Televisión de Galicia son que é precisamente o Goberno galego o responsable de facer e aplicar o establecido na lei á que hoxe pretendemos introducir modificacións. É dicir, é a propia Corporación a que nos di con claridade —porque así está escrito ademais na lei— que é o Goberno o que ten que poñer en marcha todos os mecanismos necesarios, e é ese mesmo Goberno o que non publica a normativa necesaria para dar cumprimento a esta lei.

Bueno, quedanos a regulación da autoridade audiovisual de Galicia. Isto merecería, en realidade, un capítulo á parte dentro do dislate que vimos oíndo permanentemente na Comisión da Corporación da Radio e Televisión de Galicia, porque resulta que a Corporación xa conta con suficientes mecanismos de control, como se nos di reiteradamente, facendo un *totum revolutum* entre o que vén sendo a supervisión da actividade económica da Corporación, que absolutamente nada ten que ver coa pluralidade informativa... E como se nos di que xa hai órganos que fiscalizan a Televisión de Galicia, o que é a autoridade audiovisual parece ser algo que non ten présa ningunha de ser regulamentado.

E así vainos unha detrás doutra e vemos cousas pintorescas como que entre un noticiario de mediodía e o mesmo noticiario da tarde se corte, desapareza, se omita a opinión dun técnico da Xunta de Galicia criticando a propia actuación da Consellería de Pesca en determinados ámbitos. Pero resulta que iso ten unha explicación moi doada: non se tratou en ningún caso dunha intervención política, non se tratou en ningún caso dunha chamada da Secretaría Xeral de Medios para dicir «Isto non se pode volver oír na Televisión de Galicia, (*Aplausos.*) isto ten que desaparecer», (*Aplausos.*) non, foi un erro técnico de montaxe, foi un problema entre os distintos profesionais da comunicación que traballan na Corporación, que entre a sesión de mediodía e a sesión de tarde cambiaron de criterio, ou polo menos tiñan criterios distintos.

¿Que dicir, por suposto, da orientación que se fixo o día que o señor presidente do Goberno do Estado compareceu en calidade de testemuña na Audiencia Nacional? Lembrarán vostedes o bochornoso inicio desa noticia. É dicir, a noticia non era que o presidente do Goberno declarase na Audiencia Nacional, a noticia empezaba dicindo que non era a primeira vez que isto ocorría. É algo que ocorre a diario, ver a un presidente do goberno ou dunha comunidade autónoma declarando ante un tribunal. E como é algo normal, hai que dicirlle á poboación —por se non se lembraba— que isto é do máis frecuente.

Polo tanto, cremos que urxe extraordinariamente a creación desa autoridade audiovisual á que fai referencia a lei, que di que se determinará cal é a súa composición e cales son os seus cometidos. Pero, bueno, tampouco vai pasar nada porque á fin de contas mentres o Partido Popular manteña a maioría absoluta neste Parlamento, a diferenza do que ocorre no Parlamento do Estado, no que a semana pasada se aprobou unha nova lei para facer máis plural o nomeamento dos responsables da Televisión Española, aquí barruntamos que todo vai seguir igual despois desta sesión; e digo que o barruntamos porque, aínda que isto é exclusivamente unha toma en consideración dunha proposta de modificación de lei, resulta que o Goberno desta comunidade autónoma, facendo un alarde de creatividade, di: «Consideramos que esta iniciativa non mellora en absoluto a lexislación vixente». Once palabras para explicar que despois de oito anos non é necesario poñer prazos para que se regule e se nomeen as persoas responsables polos procedementos que están establecidos na propia lei.

E nada mellora. Di que esta proposición de lei simplemente establece prazos —evidentemente, establece prazos, pero ¿como non os vai establecer cando sistematicamente se veñen incumprindo?— para o desenvolvemento de determinados aspectos da lei actual—, tonterías á fin de contas, *peccata minuta* o que pedimos—, apartados que precisan dos seus propios tempos. Dáme a impresión de que os propios tempos aos que fai referencia o Goberno na súa resposta deberían empezar a medirse en séculos, posto que os anos van empezar a quedar pequenos para medir o tempo que o Goberno considera necesario para regulamentar estes aspectos desta lei que hoxe propoñemos modificar.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Álvarez Martínez.

Rolda dos grupos parlamentarios.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Ben, bo día a todas e a todos.

De antemán, eu avanzo que imos votar a favor da toma en consideración desta proposición de lei, mais coidamos absolutamente insuficientes as achegas que se formulan para mellorar o actual marco lexislativo arredor dos medios públicos do noso país. Nós cremos que hai que ir alén do que se formula.

Eu creo que aquí hai moitas persoas que saben cal era a posición do Bloque Nacionalista Galego no debate do ano 2011. Cremos que hai que blindar os dereitos laborais do cadro de persoal da Corporación, cremos que hai que abordar —como o temos defendido en múltiples ocasións— o futuro dos propios medios públicos nun panorama cada vez máis fragmentado en audiencias, cada vez máis especializado en contidos, que hai que abordar o papel fundamental —nós cremos que é chave— no proceso de normalización lingüística que debe xogar a Corporación da Radio e da Televisión públicas, nomeadamente nos contidos especificamente dirixidos ás franxas de idade máis novas, e tamén, por suposto, abordar moitas das cuestións que se recollen nos seus principios fundacionais, como é a promoción da cultura e non a súa redución a un mero e banal —cada vez máis banal— espectáculo ou *show*.

Aínda así —xa digo—, nós apoiaremos a toma en consideración desta proposta de lei. E mesmo nos aledamos —teño que dicilo sinceramente— de que o Partido Socialista recoñeza que se equivocaron indo da man, de ganchete, do Partido Popular no ano 2011. Eu escoitando —e dígoello sincera e francamente, señor Álvarez— parece que nin pariran vostedes esa Lei 9/2011. Faremos un exercicio tamén de memoria histórica, que eu creo que é absolutamente necesario.

Desde que se aprobou neste Parlamento a Lei 9/2011 non se cumpriu nin unha das súas encomendas: nin gañamos en pluralismo nos medios públicos nin remataron as denuncias de manipulación por parte do cadro de persoal —é máis, no ano 2013 lembrarán que se configurou o *blog* «Eu non manipulo»—, non se creou o Estatuto profesional nin, por suposto, o Consello de Informativos, tampouco esa autoridade audiovisual independente. De facto, o único que se cumpriu —e para iso fóra dos prazos fixados na propia lei— foi a creación desa corporación como ente único da Radio e da Televisión públicas do noso país. Iso é un mandato marco que é absolutamente papel mollado desde o ano 2015.

Non só o BNG rexeitou daquela o contido da Lei 9/2011, o cadro de persoal da CRTVG convocou unha folga, coincidindo precisamente co debate parlamentario nesta Cámara, unha concentración diante do pazo do Hórreo e tamén un histórico *Telexornal* reivindicativo na praza do Toural. Algunhas das persoas que están hoxe no hemiciclo, ademais, facían parte daquela ponencia e do debate que concluíu coa aprobación da actual lei. Lembrarán cal foi —repito— a posición do Bloque Nacionalista Galego. Presentou 85 emendas das que non foi aprobada ningunha.

Advertiamos daquela desde este grupo que esta lei non serviría para mudar nada. ¿E saben como nos chamaron? «Os puros». Vaian ao *Diario de Sesións* a ver quen o dicía. Advertiamos

daquela que non serviría máis que na práctica para darlle máis capacidade de intervención e de control á forza parlamentaria con maioría na Cámara e ao propio Consello da Xunta, porque, ao fin e ao cabo, deixaba en mans da Xunta o desenvolvemento da propia lei. Advertiamos daquela que os dous instrumentos que definirían o futuro da propia Corporación, o mandato marco e o contrato-programa —perdón pola voz—, poderían ser aprobados unilateralmente por quen sostén ou sostívase o Goberno. Nestes seis anos —repito— apenas se redixiu o mandato marco en 2015. ¿E que aconteceu daquela? Que o PP pasou o rodelo e saíu aprobado só cos seus votos. E iso que unha das grandes vitorias daquela era que debería ser aprobado por dous terzos, si, en primeira votación; na terceira chegaba cunha maioría absoluta, artigo 32 da propia lei. É tal o esperpento, de verdade, cando unha bota unha ollada a atrás e revisa o *Diario de Sesións* daquel debate parlamentario, que dá vergoña allea, e vergoña democrática.

Dicía daquela o voceiro do Partido Popular —daquela quen interviña era o señor Pedro Puy— que a lei melloraba a xestión, a independencia e os principios do bo goberno porque este Parlamento ía elixir por maioría cualificada e reforzada a dirección xeral. Aseguraba, ademais, que era un compromiso electoral adquirido polo seu partido; elección que debía producirse no prazo de seis meses desde a entrada en vigor da lei. Non é que non o fixeran, é que o Goberno fixo case eterna a actual dirección xeral nunha lei de acompañamento dos orzamentos que tanto serve para reformar a Lei de montes, para reformar a Lei do solo como para declarar a interinidade da actual dirección xeral —por certo, cómpre lembrar, nomeada directamente polo Partido Popular, polo señor Alberto Núñez Feijóo no ano 2009—.

Gabábase o Partido Popular tamén naquel debate parlamentario de 2011 de que se incrementaba o control externo da xestión e da administración da Corporación por parte da Consellería de Facenda —que, como todo o mundo sabe, é un ente absolutamente independente e especializado en medios de comunicación, non cabe dúbida— a través da sinatura dun contrato-programa trianual, por tres anos. Dicían daquela que, ao contrario do que denunciaba o Bloque Nacionalista Galego, «esta lei reforza a independencia económica da CRTVG». E a nós a pregunta que nos suscita o dos seis anos é: ¿onde está o contrato-programa? ¿Onde? Contrato-programa que non só serve para blindar a independencia ou os orzamentos, a eficiencia económica por un período de tres anos da Corporación, senón tamén para planificar estratexicamente a súa xestión en tanto que servizo público, co obxectivo de dar cumprimento aos principios que a inspiran, entre eles, por exemplo, a porcentaxe de xéneros de programación que deben ser emitidos, os contidos que deben ser emitidos, ou, por exemplo, a promoción e a divulgación da cultura galega, que fai parte dos principios fundamentais sobre os que se asentou a creación da Radio e da Televisión públicas de Galiza.

¿Queren que lles diga que dicía a asociación de Músicos ao Vivo este ano 2017 na Gala dos premios da música?: ¿que como podía ser posíbel que as bandas deste país non tivesen un espazo na televisión pública, que pagamos todas e todos cos impostos, para poder divulgar, difundir e dar a coñecer os traballos das bandas, que producen moita música e moita cultura no noso país? Sae máis a defraudadora da Pantoja na TVG que as bandas de música do noso país. (*Aplausos.*)

O BNG instou á aprobación dese contrato-programa. Lembrará o señor Blanco Paradelo —que creo que foi quen me deu resposta nesa Comisión 1ª— que instou a que se dese cumprimento ao que poñía na lei e a que se aprobase ese contrato-programa. O PP votou en contra. Agora non toca, seica, falar de contratos-programa, e iso que levan seis anos de retraso —o primeiro—.

De todos os incumprimentos se hai un que é especialmente sangrante e doloroso, desde un punto de vista profesional, é a creación do Estatuto e o Consello de Informativos, unha demanda histórica do cadro de persoal e unha ferramenta fundamental na transparencia e democracia interna da propia Corporación, algo que daquela o Partido Popular defendía como un avance relativo ao pluralismo e á veracidade da información. Porque a lei ía potenciar o control parlamentario da Corporación —eu creo que á vista está que ese control non existe— pero é que tamén facía máis eficiente e efectivo ese control por parte dos profesionais da casa coa creación dese Consello de Informativos. ¿Onde está? ¿Para que cumprir a lei se a lei son vostedes?, ¿non? Demanda —insistimos— non só do cadro de persoal da CRTVG senón tamén do Colexio Profesional de Xornalistas de Galiza.

Eu —sonlle sincera— dubido moito de que un consello de informativos impida a manipulación, a selección tendenciosa das novas, a súa estratificación e xerarquización na grella e con ela a construción dunha determinada realidade. ¿Por que? Porque iso responde ou corresponde ás funcións dos responsábeis informativos, que os nomea a dirección xeral, e a esta o Goberno. Sirva de exemplo que a Corporación da Radio e da Televisión públicas españolas teñen consellos de informativos e iso non impediu que as denuncias por manipulación se multiplicaran desde o 2011. O Consello de Informativos quizais non impida a terxiversación, mais é un instrumento fundamental para canalizar as denuncias dos profesionais. Registra e documenta esas denuncias, dálles resposta de maneira obrigada, sen ter que acudir ás forzas de oposición nesta Cámara para que as trasladen á Comisión de Control e Seguimento da CRTVG. Nada se sabe dese consello de informativos, e iso que é tarefa súa a creación dun consello de administración, que —tamén hai que lembrar— viu reducido as persoas que o integran de 12 a 6 precisamente coa aprobación desta Lei 9/2011 —maioría absoluta que se blindou no ano 2015, nun acordo asinado entre o Partido Popular, de novo, e Partido Socialista, até o ano 2020—; un consello de administración que nada ten que ver coa composición actual desta Cámara, coa heteroxeneidade e diversidade deste hemiciclo.

Non me queda moito tempo. Non vou nin pasar moi polo miúdo pola autoridade audiovisual independente que debía controlar esta corporación. O Bloque propuxo unha regulación que emanase directamente deste Parlamento, que definise as funcións e a creación desa autoridade audiovisual independente. Díxosenos que non por parte do Partido Popular e do Partido Socialista. Optaron por que fose a Xunta de Galiza, nun prazo de nove meses, quen tivese que desenvolver ese proxecto lexislativo. ¡Onde van! ¡Onde van eses nove meses e segue sen aparecer!

En síntese, desde o BNG apoiaremos a toma en consideración desta lei, mais tamén deixamos claro que este grupo xa advertiu en 2011 do que acontecería, e non porque sexamos Nostradamus, senón porque na redacción do articulado da lei o PP buscou e blindou moi moito non quedar atado a nada e deixar en mans do Consello da Xunta o desenvolvemento da propia

lei. É dicir, de novo na vontade do goberno de turno tanto o mandato marco, o contrato programa como a propia autoridade audiovisual independente.

Eu creo que é bo, de verdade, facer memoria. Pero xa digo que nos aledamos de que, polo menos, con esta iniciativa recoñezan que cometeron un erro.

Máis nada. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Polo Grupo Parlamentario de En Marea, a señora Cuña.

A señora CUÑA BÓVEDA: Grazas, señor presidente.

Bo día a todas e a todos.

Comezo dicindo que o obxectivo desta proposta é afondar na pluralidade dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia a través de varias medidas que se poden sintetizar en accións como o establecemento duns prazos determinados para a renovación do director ou directora xeral da Corporación, a través de maiorías cualificadas, en teoría; o establecemento de ferramentas de control, como a posta en marcha da autoridade audiovisual de Galicia; a fixación de datas para elaborar os contratos programa plurianuais; ou aprobar en tres meses o estatuto profesional e o conseqüente consello de informativos.

Esta é unha primeira análise, pero a proposición de lei de modificación presentada polo Partido Socialista de Galicia obvia o establecemento dalgún mecanismo que permita dotar o Consello de Administración da Corporación de Radio Televisión de Galicia dunha pluralidade consonte a representatividade parlamentaria. Por iso comezamos denunciando, denunciando a manipulación extrema que sofre a CRTVG. *(Aplausos.)* Ineludiblemente lembramos o pacto entre PP e PSdeG que impide que a segunda forza da oposición estea presente neste momento nos órganos de control e decisión da CRTVG. O pacto causou indignación e sorpresa hai dous anos e segue causando as mesmas impresións. Feijóo e o PP sacaron do sombreiro dos orzamentos unha nova norma para seguir controlando a Dirección da CRTVG ás agochadas e sen avisar, tras as silveiras, como dixeron moitas testemuñas. Obxectivo cumprido: utilizar os medios públicos a favor do partido no Goberno, manipular. ¡Si, vergoña democrática, absoluta vergoña democrática! *(Aplausos.)*

Respecto do señor director xeral, Sánchez Izquierdo, mantense na dirección da CRTVG desde 2009 cando o elixiu non este Parlamento senón o señor Feijóo. Chegou ao poder entre acusacións de manipulación informativa por parte da oposición e dos seus propios traballadores. Acumula máis de oito anos no cargo, malia a lei para a súa elección consensuada, que se remonta ao 2011. O PP atopou unha nova fórmula para blindar o actual máximo mandatario da compañía no seu cargo a través da Lei de acompañamento dos orzamentos xerais de 2016. É unha das normas que lle permite ao PP seguir controlando a dirección dos medios públicos. O PP tombou un dos aspectos máis positivos da Lei de medios públicos, un dos máis positivos: a exixencia de nomear o director xeral tras acordo no Parlamento.

¿Que supuxo o cambio normativo? Moitas cousas, importantes cousas. O cambio normativo abriu a porta a que o director nomeado polo PP continúe no cargo. ¡Que escándalo! ¡Grave atentado contra o pluralismo! ¡Que escándalo!

O cambio normativo deixou fóra do órgano de administración da CRTVG, daquela, os grupos parlamentarios de AGE, BNG e Mixto. ¡Grave atentado contra a pluralidade! ¡Que escándalo!

O cambio normativo blindou a maioría absoluta do Partido Popular no Consello de Administración por un período de cinco anos. Nomeou 6 membros cando antes eran 11, reducindo na praxe a capacidade de control sobre a canle pública. ¡Que escándalo!

Non se incorporaron aspectos fundamentais regulados pola Lei 9/2011, de novembro, como a elección dun novo director ou directora pola maioría cualificada de dous terzos que garanta a súa imparcialidade, non se incorpora a aprobación do mandato marco, que aseguraría un financiamento estable, unha garantía de produción propia interna e o mantemento dos postos de traballo da CRTVG; ao ter unha vixencia de nove anos tamén limita a posibilidade de control, xa que o mandato marco define a actuación do ente público; omitiuse a aprobación do estatuto profesional e do consello de informativos co fin de garantir a profesionalidade e independencia dos contidos.

En todo caso, a lei tiña que ter entrado en vigor moito antes, pero soamente activaron a parte que lles interesaba, que foi o control político para esta lexislatura e un mandato marco á medida.

¿Saben o que dixo o mestre Beiras, que si estaba neste hemiciclo? Dixo que isto lle parecía unha farsa trágica. Dixo, ademais, preocupado pola dignidade do PSdeG neste procedemento, que dubidoso foi o papel que xogou o PSdeG. Se existise cultura democrática, a cidadanía apreciaría que o que estamos vivindo é trágico aínda que pareza unha farsa, e sublevaríase civicamente. Pero si que se sublevaría, porque isto non se pode consentir. Pode haber —e fomos aos diarios de sesións— un aval, pode tramitarse, claro. Pero o que pode ser non é o que debe ser. E o que debe ser nun país democrático non é isto.

A CRTVG, se imos aos acordos europeos, se buscamos, comprobaremos ademais que incumpre sistematicamente as recomendacións do Consello de Europa e da directiva comunitaria. A CRTVG, como todas as televisións públicas —gubernamentais neste caso—, non se corresponde co que deben ser os medios públicos nunha democracia; é dicir, independentes do poder político e dos poderes económicos.

Os acordos para esta elección foron un desprezo á cidadanía, apropiáronse indebidamente dos medios de todos e de todas para manter esta manipulación informativa. A situación actual non reflicte a pluralidade da Cámara, isto non é de recibo.

Seguimos analizando a proposición e facendo pequenas referencias aos seis puntos da proposición do Partido Socialista de Galicia.

Ben, no punto 1, falan da modificación do artigo 23.4. Isto permitiría reforzar o inicio dunha negociación para procurar un novo candidato ou candidata cun perfil que, malia estar con-

dicionado pola maioría absoluta do Partido Popular, representaría un adianto significativo, dende o noso punto de vista, na democratización dos medios públicos. E por iso estamos dispostas a apoiar, con certas reservas pero apoiar, esta proposición. Sería unha garantía de pluralidade moito maior a modificación do artigo 14, que garantiría a pluralidade e tería en conta non só a pluralidade cultural, ideolóxica e política, senón tamén a procura dos xéneros, que está contemplada.

No punto 2 tamén cómpre derrogar a disposición transitoria terceira.

No punto 3, coa modificación da disposición transitoria cuarta, o obxectivo é acurtar ao máximo os prazos de tramitación, algo co que en esencia estamos de acordo.

No punto 4 un dos elementos transcendentais da proposición é a incorporación dunha disposición transitoria sexta bis, destinada a poñer prazos para a negociación e acordos dos contratos programa e dos plans plurianuais, que establecen non só garantías orzamentarias a curto prazo para a Corporación, senón, algo dende o noso punto de vista moito máis importante, a prol do servizo público esencial que ten a encomenda, posto que procura fornecer a obriga de que a negociación deste plan incorpore os contidos previstos no artigo 33.2 da lei. Este artigo, entre outras medidas, establece que o contrato programa deberá referirse de xeito expreso aos contidos de servizo público. A ausencia do compromiso ao que remite este artigo na actual programación representa a maior eiva actual da CRTVG, con gravísimas consecuencias para o servizo que se presta á sociedade: minimiza os contidos culturais, omite programacións dirixidas ás minorías, non fai axeitada promoción da lingua galega, case non se produce programación divulgativa ou educativa, non existe unha oferta de programación destinada a minorías, reduce a programación destinada ao público infantil e xuvenil. E, ademais, o contrato programa debe establecer porcentaxes en contidos de produción propia. O contrato programa ten que identificar os espazos que satisfagan as obrigas de pluralidade.

E, para rematar, no 5 a inclusión da disposición transitoria sexta ten tamén procura dunha resolución de prazos para a elaboración do estatuto profesional e do consello informativo, pero non establece, dende o seu punto de vista, ningunha medida para dotar de garantías estas ferramentas transcendentais para asegurar a independencia e a pluralidade.

Para rematar, a autoridade audiovisual debe garantir a participación plural da sociedade nos distintos eidos: Academia Galega, cultura, cine, teatro, literatura, educación, organizacións sindicais e cidadáns, representación política e participación dos colectivos profesionais vinculados á información...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora CUÑA BÓVEDA: ...e á comunicación, Colexio de Xornalistas, asociacións de produtoras, etc.

Para rematar, aprobaremos —como dixemos, con reservas—, esta proposición de lei.

Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Cuña.

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Arias.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Señorías, a aprobación da Lei 9/2011, de medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia, tal como recolle no seu articulado e na exposición de motivos, é consecuencia da necesaria adaptación dos medios públicos galegos ao novo contexto social, económico e mesmo tecnolóxico. Esa lei foi o resultado dun ano de estudo no que estiveron múltiples persoas que tiñan coñecemento da mesma, persoas e profesionais autorizados, que fixeron a súa exposición e aos que se lles recolleron os seus argumentos. Unha lei —lémbrollo, señor Álvarez— que foi aprobada polo consenso do PSOE e tamén do Partido Popular, con 61 votos a favor e 12 en contra; unha lei que, como aquí se puxo de manifesto, é unha boa lei, posto que, por certo, ningún grupo da oposición hoxe veu aquí a criticar a lei, o que fixeron foi falar de prazos, de que querían que foran prazos máis rápidos. E niso ao mellor podemos estar de acordo, en que a todos nos gustaría que isto fose un pouco máis rápido. Pero é verdade que a complexidade que ten a propia lei fai que teñamos que ir, ou que teñan que ir, nalgúns casos con pasos lentos. Pero o que importa é que sexan pasos seguros e pasos firmes.

Polo tanto, é unha boa lei, unha lei que foi aprobada co consenso do Partido Popular e do Partido Socialista e que incorpora, entre as súas medidas, a unificación de tres entidades nunha soa entidade, a Corporación Radio e Televisión de Galicia, que, por descontado, tamén inclúe a obrigada adecuación dos medios tecnolóxicos actuais coa dixitalización que está xa en marcha e que se prevé que poida estar rematada no primeiro semestre do ano 18; retos imprescindibles para a competitividade dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia e para que estes poidan cumprir o seu papel de servizo público.

No tempo de vixencia da lei, ademais da creación da Corporación, aprobouse o mandato marco, o Consello de Administración elaborou un novo regulamento, un proxecto de normas de publicidade, e agora estase a traballar no estatuto profesional que contempla a creación dun consello de informativos. Xa se está a traballar niso, e niso están a traballar os membros do Consello de Administración que foron nomeados por proposta do PSOE e do Partido Popular —que, por certo, están adoptando as súas decisións por unanimidade—.

¿A que está xogando vostede hoxe, señor Álvarez? ¿A que está xogando? ¿Vostede pretende que se faga aquí o que, tanto vostedes como os socios de En Marea están facendo en Madrid, que aprobaron a modificación da lei para que en vez de que a aprobación do director fora por dous terzos, por unha maioría cualificada, tanto en primeira como en segunda votación, que sexa só por maioría absoluta? ¿Queren isto para o Parlamento galego? ¿Queren que o director se elixa só por maioría absoluta? ¡Nós non queremos!, aínda que así poñeríamos nós o director. *(Aplausos.)* Non queremos porque cremos que é unha decisión que ten que ser por un amplo consenso. Iso é o que buscamos.

Quero dicirlles tamén que, de feito, a Televisión de Galicia, a Radio Galega, os medios públicos galegos, son neste momento líderes en audiencia, teñen as contas saneadas e están

inmersos xa no proceso de dixitalización. Veñen cumprindo, polo tanto, a súa función de servizo público, con calidade, pluralismo, neutralidade e obxectividade. (*Murmurios.*) Si, obxectividade tamén, non como facían no Bipartito. Non nos fagan lembrar esa etapa escura onde, a pesar de que o Partido Popular tiña aquí case o 50 % da representatividade, nos informativos só ocupaba un 8 % ou un 10 %. Non nos fagan lembrar esa etapa na que nas eleccións autonómicas do 2009 resulta que a Xunta Electoral lles fixo ata 12 advertencias de incumprimento, cousa que dende 2009 ata agora, en todas as eleccións que pasamos, non houbo ningunha soa advertencia de incumprimento.

En fin, cremos que esa lei está a cumprir o seu papel, que a Televisión de Galicia, a Radio Galega, a Corporación, están a cumprir o seu papel de grande axente comunicacional que contribúe á promoción da cultura e da lingua galegas, que contribúe a proxectar cara ao exterior como é Galicia, o noso ser. E si que cremos que temos que seguir avanzando, avanzando xuntos no desenvolvemento desta lei, dunha lei que —insisto— é unha boa lei, unha lei que ten que seguir adiante porque sería totalmente irresponsable cambiar á metade do camiño algo que está funcionando.

Diciamos que a compañía ten as contas saneadas. Si, é unha das poucas televisións autonómicas coas contas saneadas, señora Rodil. Non está mal a economía da Televisión de Galicia nin da Compañía de Radiotelevisión de Galicia. Fale vostede cos seus socios en Cataluña, onde teñen unha débeda de preto de 100 millóns de pesetas. Falen con eles. A CRTVG leva oito anos acadando unha execución orzamentaria con superávit; no último ano, de 3,5 millóns de euros. Non ten débeda bancaria e, ademais, no ámbito dos recursos humanos a conflictividade diminuíu nos últimos anos.

E, se quere, falamos de audiencias tamén. A Televisión de Galicia é líder en audiencia entre todas as televisións autonómicas. No 2016 acadou ese liderazgo sacándollo á televisión catalá, a pesar de que a televisión catalá ten tres veces máis orzamento que a televisión galega. E no 2017 segue esa mesma tendencia. Por falar simplemente do mes de agosto, no mes de agosto, o último mes, as audiencias da Televisión de Galicia foron 3,4 puntos por riba da media de todas as audiencias das televisións autonómicas.

E podemos falar tamén da Radio Galega, que ten esta mesma tendencia. É a emisora de referencia tanto nos informativos como nos deportes e tamén na atención a esas persoas con diversidade, con programas específicos para a diversidade. E, de entre toda a programación, son os informativos os que teñen maior atención e os que están tendo maiores audiencias, o cal nos vén dicir que a TVG e a Radio Galega son as emisoras, as canles, de referencia para os galegos en xeral, para escoitar os informativos e, de xeito especial, cando pasa algo transcendente, algo impactante.

Polo tanto, este liderado é o resultado do traballo dos profesionais, dos profesionais, que o desenvolven con rigor, neutralidade, pluralidade e obxectividade. Miren, fronte ás críticas ao seu labor, nós non imos criticar aquí nin o labor dos profesionais da compañía nin o labor do equipo directivo. Non os imos criticar porque o seu labor está contrastado polas audiencias, pola boa xestión económica e polo impacto que están a ter e o reflexo que están a dar de Galicia.

Tampouco é certo que haxa unha brecha entre a comunicación das audiencias no rural e urbano. A Televisión Galega está facendo que o *target* urbano sexa cada vez maior. E temos que ter en conta tamén que non só son as audiencias en si, senón que hai que ver todas as tecnoloxías. A *web* corporativa da Corporación ten uns 150.000 usuarios, *Facebook live* acadou nas súas primeiras emisións no ano pasado 200.000 impactos. E, en definitiva, como dicíamos, é a referencia para a maioría dos galegos.

Manipulación, ningunha. (*Murmurios.*) Manipulación, a que había no Bipartito. Insisto, ¡manipulación, ningunha! Por favor, respecto aos profesionais que están facendo o seu labor, que están facendo que a....

(*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio, por favor!

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: ... televisión e a radio galegas sexan das de maiores audiencias.

En relación coa elección do director xeral —unha elección que, por certo, lembro que foi tamén decidida por acordo e por consenso co PSOE—, o que lles dicía antes: ¿queren que vaíamos a unha elección por maioría absoluta? A nós non nos parece razoable e non o imos facer.

En relación co contrato programa, saben vostedes que as incertezas sobre o carácter tributario e fiscal que neste momento teñen todas as televisións autonómicas, non só a galega, aconsellan esperar a ese momento en que se clarifique esta situación para levar adiante o contrato programa.

No estatuto profesional estase traballando, no consello de informativos tamén. E, polo tanto, consideramos, como conclusión, que o actual desenvolvemento da lei é positivo. Recoñecemos que podería ir máis rápido (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) —grazas, señora Rodil, concordo con vostede niso—, pero recoñezamos todos tamén que a complexidade que leva a lei, esta boa lei, fai que non se poida ir máis de présa.

A Corporación, líder en audiencia, con contas saneadas, cumpre o papel de servizo público, de difusor da cultura e da lingua galegas, razóns todas elas que non aconsellan que a modificación da lei sexa pertinente nestes momentos.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Arias.

Réplica do grupo autor da proposición de lei, o señor Álvarez Martínez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Grazas, señor presidente.

Por orde de intervención.

Señora Rodil, debíame de explicar moi mal ou facer unha intervención francamente contraria ao que eran as miñas intencións, posto que non vin ningún recoñecemento explícito de ningún erro por parte do Partido Socialista de Galicia na tramitación da lei á que fai referencia esta proposta de modificación. Se vostede viu algún tipo de erro, seguramente é porque ten unha percepción sesgada, posto que quizais conveña lembrar que o seu representante naquel momento, o señor Quintana, na comisión apoiou ata o final da tramitación esta lei, e que despois se modificou.

E outra cousa: o estatuto profesional está incluído na Lei 9/2011 porque foi o Partido Socialista de Galicia o que instou a inclusión dese estatuto nesa lei.

Señora Cuña, creo que non fixo vostede practicamente ningunha referencia ao que é a nosa proposta de modificación da Lei 9/2011 porque fixo referencia a outras cousas que entendo que, desde o punto de vista do Grupo Parlamentario de En Marea, lle preocupan máis, como é a composición do propio Consello da Radio Televisión de Galicia. Nese sentido estou totalmente de acordo, pero tamén agradezo ao Grupo de En Marea, xunto co Bloque Nacionalista Galego, o seu apoio non entusiasta a esta proposta de modificación da lei, pero, en todo caso, apoio.

Señora Arias, parabéns pola súa rendición de contas a este Parlamento, porque parecía vostede a presidenta dun consello de administración falando das audiencias, do saneado das contas da corporación, do ben que vai todo. Pero non fixo ningunha referencia máis alá de incluír a dixitalización —que, bueno, si parece ser un obxectivo, aínda que sexamos a última televisión autonómica que se dixitaliza no Estado, tampouco parece un lugar moi destacado no ránking; aínda que, se o vemos de forma inversa, si—. Non fixo ningunha referencia a por que cambian de criterio. E aquí si lle digo unha cousa: eu a este Parlamento non veño a xogar, veño a defender o traballo do meu grupo parlamentario da forma máis seria e máis responsable que podo. (*Aplausos.*) Non veño a xogar. Pero, se de cambios de criterio estamos a falar, e identificamos cambios de criterio con xogo, ¿poderíame vostede explicar —aínda que non ten turno de réplica— por que no ano 2014 o seu grupo parlamentario aprobou unha proposición non de lei do Grupo Socialista na que se instaba exactamente o mesmo que esta proposición de modificación? (*Aplausos.*) ¿Quen cambia de criterio? Nós non, defendemos o mesmo no ano 2017 que no ano 2014. Son vostedes os que teñen un criterio distinto. E vén aquí e dime a qué veño a xogar, a qué veño a xogar eu porque veño a defender o mesmo que defendeu o grupo parlamentario hai tres anos.

Mire, a triste realidade que temos neste momento é que o Goberno desta comunidade autónoma se vén de opoñer por primeira vez —e este papel está firmado pola secretaria xeral de medios— a esta proposta de modificación porque di que nada mellora o texto lexislativo. Poñer prazos non é mellorar. Evidentemente, non hai unha proposta de articulado novo, hai unha proposta de modificación e limitación de prazos para levar a cabo o que está na lei, cousa —insisto—na que o seu grupo parlamentario estivo de acordo no ano 2014. Vostedes explicarán por que agora cambian de criterio.

Pero voulle dicir unha cousa. O lamentable, o máis lamentable de todo isto, é que detrás segue existindo a realidade do control político da corporación, gústelle ou non lle guste, fale

vostede de porcentaxes, fale vostede de épocas escuras, fale vostede do lado escuro ou da cara non visible da lúa, dáme igual. A realidade, e vese todos os días, é que quen manda nos informativos da Corporación Radio Televisión de Galicia é a Secretaría Xeral de Medios, non manda o director xeral da Radio Televisión de Galicia, (*Aplausos.*) non manda o consello de administración. De verdade, non se pode admitir que tanto erro sexa froito dunha casualidade.

E vaime permitir vostede que lle diga con claridade que estou farto dese discurso de que, detrás de calquera iniciativa deste grupo parlamentario ou doutros, haxa un cuestionamento dos traballadores ou dos funcionarios ou dos médicos. ¡Ninguén cuestionou a profesionalidade dos traballadores da Radio e Televisión de Galicia! Foi vostede a que introduciu ese argumento absolutamente falaz e tendencioso neste debate. Ínstoa a que visualice, visionese ou oía a miña primeira intervención, a ver se nalgún momento falei dos traballadores. Falei da responsabilidade política dos membros do Goberno e a súa intervención no control informativo da Radio e Televisión de Galicia.

Nada máis, e, en todo caso, case lles agradezo o seu cambio de criterio, porque vostedes mesmos se retratan ante a sociedade galega.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Álvarez Martínez.

Procedemos á votación dos textos lexislativos. Pechen as portas, por favor.

Votación dos textos lexislativos

O señor PRESIDENTE: Votamos, en primeiro lugar, o Ditame, emitido pola Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, sobre o Proxecto de lei de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia

Comezamos votando as emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.

Votación das emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao Proxecto de lei de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia non incorporadas ao ditame.

(*Votación.*) (*Pausa.*)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora as do Grupo Parlamentario Socialista, que solicitou a señora Vilán por separado. Serían a número 1, cos puntos 1 e 2, a 34, 38, 46 e 50.

(A señora Vilán Lorenzo: Son a número 2, apartados 1 e 2, a 34, 38, 46 e 50.)

Votamos entón a número 2, cos apartados 1 e 2, a 34, 38, 46 e 50 en primeiro lugar.

Votación das emendas números 2, puntos 1 e 2, 34, 38, 46 e 50 do G. P. dos Socialistas de Galicia ao Proxecto de lei de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia non incorporadas ao ditame.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora o resto das emendas do Grupo Parlamentario Socialista.

Votación das emendas do G. P. dos Socialistas de Galicia, agás as xa votadas, ao Proxecto de lei de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia non incorporadas ao ditame.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora as emendas do Grupo Parlamentario de En Marea, que pediu a votación por separado das emendas número 3, apartado 1; número 9, apartado 13; número 30, apartado 10 bis; número 32, apartado 5; número 50, apartado 3 bis; número 79 e número 80.

Votamos.

Votación das emendas números 3.1, 9.13, 30.10 bis, 32.5, 50.3 bis, 79 e 80 do G. P. de En Marea ao Proxecto de lei de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia non incorporadas ao ditame.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: *Votamos o resto das emendas do Grupo Parlamentario de En Marea.*

Votación das emendas do G. P. de En Marea, agás as xa votadas, ao Proxecto de lei de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia non incorporadas ao ditame.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: *Votamos o ditame de comisión.*

Votación do Ditame, emitido pola Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, sobre o Proxecto de lei de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 39; votos en contra, 32.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado este ditame.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora a toma en consideración da Proposición de lei, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, de modificación da Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia.*

Votación da toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. dos Socialistas de Galicia, de modificación da Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada a toma en consideración desta proposición de lei.

O señor PRESIDENTE: *Abran as portas, por favor.*

Pasamos ao punto 3 da orde do día, que se corresponde co de comparecencias.

Comparecencia do conselleiro de Sanidade, por petición propia, para presentar o Plan de prevención do suicidio en Galicia

O señor PRESIDENTE: Para formular a comparecencia ten a palabra o señor conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, moi bo día.

Veño no día de hoxe a informar esta Cámara sobre o Plan de prevención do suicidio en Galicia, que foi elaborado por un amplo grupo de profesionais de diferentes institucións, coa participación da Federación de Asociacións de Familiares e de Persoas con Enfermidade Mental de Galicia, Feafes, cun claro enfoque integral e multidisciplinar, como entendemos que corresponde neste caso.

Coa elaboración deste plan, damos cumprimento a unha necesidade manifestada na revisión do Plan de prioridades sanitarias 2014 e na Estratexia Sergas 2020, e tamén ao compromiso — adquirido en sede parlamentaria o 21 de marzo deste mesmo ano— de ter elaborado o Plan de prevención do suicidio en Galicia.

Señorías, o suicidio trátase dunha prioridade sanitaria da saúde pública, tanto en Galicia coma no mundo, tal e como se recolle no documento *Prevención do suicidio, un imperativo global*, publicado en setembro do 2014, que ten como obxectivo o de priorizar a súa prevención na axenda global de saúde pública, nas políticas públicas, e concienciar acerca do suicidio como unha cuestión de saúde pública.

No mundo, máis de 800.000 persoas morren cada ano por suicidio —1 morte cada 40 segundos—. É a segunda causa principal de morte entre persoas de 15 a 29 anos de idade.

Din os expertos que os suicidios son previbles, pero, para que as respostas sexan eficaces, a prevención do suicidio non se pode abordar exclusivamente desde o ámbito sanitario, senón que é necesaria unha estratexia integral de prevención do suicidio na que estean integrados todos os axentes sociais no seu conxunto.

A OMS establece o obxectivo de que no ano 2020 se reduzan un 10 % os índices de suicidio a nivel mundial. En relación coas taxas de suicidio, Galicia ten unha taxa de suicidio inferior á media da Unión Europea e superior á media de España, con taxas semellantes ás de Suíza, Islandia, Suecia e Dinamarca. Tamén sabemos que as taxas de suicidio se incrementan de forma exponencial coa idade, e, desa forma, as sociedades máis avellentadas teñen taxas máis elevadas de suicidio.

En relación coa serie histórica, dende o ano 2000 a taxa de suicidios mantívose relativamente estable: entre 10 e 12 casos por 100.000 habitantes e ano. A tendencia analizada nos últimos trinta e sete anos, dende 1980, infórmanos de que esta é levemente descendente en relación coa taxa de suicidios, tanto en homes coma en mulleres.

Non somos alleos ao sufrimento que supón o suicidio tanto a nivel das persoas que toman esa decisión como das súas familias e achegados. Ao contrario, comparto a dor pola que pasa calquera persoa que sofre esta situación. Por este motivo, e sabendo que Galicia presenta historicamente datos de taxas de suicidio dos máis elevados de España, hoxe presento este Plan de prevención do suicidio.

A saúde mental preocúpanos e ocúpanos, e a proba é que temos protocolos de atención e diferentes actuacións que se veñen desenvolvendo nas estruturas de xestión integrada de Galicia, como queda recollido no documento que teñen á súa disposición na páxina *Sergas.es*.

Na EOXI da Coruña, dende o ano 2012, o servizo de psiquiatría dispón dun protocolo de actuación da conduta suicida. Desde o ano 2014 dispón, así mesmo, dunha guía de consulta rápida para pacientes con risco de conduta suicida que acoden aos servizos de urxencias, e tamén dispón do que denominamos «unidade de curta estancia psiquiátrica». En xuño de 2015 implantouse o Protocolo para pacientes ingresados con risco suicida nas unidades de hospitalización psiquiátrica, que inclúe escalas de valoración de risco e exploración tanto a pacientes como a familiares.

Na EOXI de Ourense, Verín e Barco de Valdeorras, dende o ano 2009 contan co Programa de intervención intensiva en conduta suicida.

Na EOXI de Pontevedra e do Salnés existe un protocolo de atención preferente para os pacientes con risco de suicidio nas unidades de saúde mental.

Na EOXI de Santiago de Compostela tamén contan cun protocolo de actuación co paciente con intento de suicidio, ao que se atende dentro dos cinco días posteriores á súa tentativa, e coa inclusión en terapia grupal en caso de reiterarse, e outro específico para a área de hospitalización, recentemente actualizado.

Na EOXI de Ferrol véñense articulando, tanto a nivel asistencial como de investigación, un programa de prevención de conduta suicida adscrito á área de hospitalización, en coordinación co programa de urxencias psiquiátricas.

Na EOXI de Vigo hai un protocolo de actuación para estandarizar o manexo e tratamento urxente de pacientes con posible patoloxía psiquiátrica no servizo de urxencias.

Na EOXI de Lugo, Cervo e Monforte de Lemos hai tamén un protocolo de actuación para os casos que presenten risco de suicidio.

Comezamos a elaborar este plan no mes de xullo de 2016, e para levalo a cabo creouse un grupo de traballo que conseguiu ter a máxima representación de todos os actores principais na abordaxe do suicidio. Neste grupo están representados, ademais da propia Consellería de Sanidade, a Consellería de Educación, a Consellería de Política Social, o Imelga, o 061, colexios de xornalistas de Galicia, e todos eles con distintos perfís —traballadores sociais, médicos especialistas en medicina familiar e comunitaria, epidemiólogos, psicólogos, profesionais da educación e da profesión periodística, psiquiatras e enfermeiros, entre outros—.

Quero destacar a participación dos pacientes e das súas familias, representados a través da Federación de Asociacións de Familias e Persoas con Enfermidade Mental en Galicia, Feafes. Pero, ademais, quixemos que, tanto a nivel galego como a nivel nacional, este plan fose revisado por expertos en suicidio. Desta forma, este plan foi revisado polas dúas sociedades de psiquiatría de Galicia, a Universidade de Oviedo e de Valencia, o Servizo Andaluz de Saúde e as sociedades de enfermería mental e atención primaria. A todos eles quero agradecerlles o traballo desenvolvido e o compromiso na elaboración deste documento. O consenso obtido neste plan é o resultado de traballar conxuntamente, de forma interdisciplinar, con todos os participantes, coordinados desde a Consellería de Sanidade.

Este, señorías, é un plan para a sociedade galega, un plan para o conxunto da cidadanía, no que buscamos —insisto de novo— a implicación do conxunto dos cidadáns en accións de prevención do suicidio. E, ademais, a Consellería de Sanidade servirá de coordinación e elemento cohesionador das distintas estratexias na abordaxe da prevención da conduta suicida.

Os obxectivos, así pois, ante este preocupante escenario, é buscar pór as ferramentas necesarias para diminuír estas cifras. Queremos que o Plan de prevención do suicidio en Galicia sirva para dar unha resposta coordinada entre todas as administracións e institucións, e contar cunha estratexia permanente e revisable que diminúa a prevalencia desta conduta.

O Plan de prevención do suicidio de Galicia nace cun dobre obxectivo: o de reducir a taxa de suicidio e o de establecer mecanismos de coordinación para posibilitar que diferentes organismos poidan sumar esforzos para traballar conxuntamente na prevención, manexo, intervención e acompañamento das persoas que levan a cabo un intento de suicidio así como dos seus familiares.

Con este documento queremos priorizar a prevención do suicidio na axenda da atención á saúde mental, e tamén queremos concienciar en que o suicidio é un problema global que vai máis alá da atención no ámbito sanitario, sendo necesario implementar outras medidas en ámbitos tan importante como o educativo ou o social.

En resumo, con este plan perseguimos como obxectivos específicos o aumento da coordinación entre as institucións e axentes implicados na prevención destas condutas, aumentar a sensibilización e a concienciación da sociedade sobre o suicidio como un problema de saúde, mellorar a atención, desde o eido sanitario, que se lles presta tanto ás persoas que presentan conduta suicida como aos seus familiares e fomentar a investigación e o coñecemento respecto da conduta do suicidio en Galicia.

E quería desgarnar liña a liña as 7 liñas estratéxicas e 37 medidas específicas de actuación.

Na liña 1, de coordinación interinstitucional ante a conduta suicida, crearemos unha comisión interdepartamental de coordinación cos representantes dos diferentes sectores da sociedade implicados na prevención do suicidio que promova, supervise e aprobe a elaboración de protocolos e instrumentos de coordinación entre o sistema sanitario e o ámbito educativo e social e a Administración de Xustiza; tamén a implantación no sistema educativo dun protocolo de prevención e intervención do risco suicida no ámbito educativo, o cal se integrará

na Estratexia galega de convivencia escolar 2015-2020 baixo o seguimento do Consello para a Convivencia Escolar da Comunidade Autónoma de Galicia.

Actualmente estase traballando de forma moi activa coa Consellería de Educación en mellorar os procesos de seguimento dos nenos que sofren tanto desviación suicida como outra patoloxía mental severa. Esperamos que a finais deste ano teñamos preparado un proxecto consensuado. A actualización e, no seu caso, elaboración de protocolos a aplicar e desenvolver por parte dos servizos sociais no ámbito das súas competencias tamén é unha medida de obxecto deste presente plan.

Na liña 2, de sensibilización, concienciación e diminución do estigma social asociado á conduta suicida —é a segunda liña estratéxica— facemos fincapé na necesidade de mellorar os aspectos relativos á comunicación de eventos relacionados co suicidio, tanto na prensa como na televisión e nas redes sociais. É por iso que se establecen medidas como a colaboración cos colexios profesionais de Xornalismo e Psicoloxía de Galicia nunha guía de estilo co fin de informar simultaneamente de canles de axuda a superviventes e familiares. Este grupo de traballo xa se formou en maio deste ano na Consellería de Sanidade e no Colexio de Xornalistas, esperando que nos próximos meses teñamos un documento definitivo.

Existe un amplo consenso internacional sobre o efecto positivo da sensibilización social acerca desta problemática, o que está previsto realizar a través de medidas como actos coincidentes co Día Mundial do Suicidio, campañas de sensibilización e información cientificamente constatada e ferramentas de autoaxuda nas *webs* institucionais.

A medida 9 subliña a necesidade de colaborar coas forzas de seguridade do Estado na supervisión de contidos *web* prosuicidas especialmente nocivos para un segmento poboacional infantoxuvenil que se ve afectado por esta problemática. Como saben, hai escasos meses aparecen determinados contidos *web* que inciden na xente xove cara á tendencia suicida, e creo que todo isto hai que cortalo.

A liña 3, de prevención e abordaxe da conduta suicida —a terceira liña estratéxica— desenvolve actuacións relativas á mellora da prevención e á abordaxe a través de medidas como establecer na historia clínica do sistema de saúde de Galicia unha codificación que permita alcanzar dous obxectivos diferenciados —o código de risco suicida—: por un lado, optimizar a información procedente do CMBD e facilitar o seguimento, garantindo a continuidade asistencial do paciente que teña presentado conduta suicida nun momento dado. A xustificación desta medida radica fundamentalmente en que o principal factor de risco para o suicidio é unha conduta suicida previa. Inclúense outros aspectos, como a diminución no tempo de asistencia nunha conduta suicida, a protocolización mediante escalas de avaliación de risco e gravidade, o establecemento de protocolos de actuación a diferentes niveis de prevención e a mellora da seguridade hospitalaria, promover a elaboración de plans de seguridade e o acceso a tratamentos psicoterapéuticos e a elaboración de guías para pacientes e profesionais. Un aspecto especialmente relevante é incidir na detección dos trastornos mentais, especialmente o trastorno depresivo maior e o abuso do alcohol, altamente relacionados co suicidio, e facer unha correcta abordaxe dos mesmos.

A liña 4 é a de delimitación de acceso a medios letais. Dependendo do método utilizado, a probabilidade de falecer tras un intento de suicidio é enormemente distinta, desde un 95 % por arma de fogo ata menos dun 5 % por intoxicación medicamentosa. Polo tanto, a limitación de acceso a medios letais debe ser sempre incluída nun plan de seguridade. E as actuacións dos poderes públicos deben dirixirse a limitar o acceso a puntos negros de suicidio —a precipitación, por exemplo—, a supervisar a dispensación de fármacos e a controlar o acceso de pesticidas. Todas esas actuacións son medidas potencialmente efectivas para diminuír a incidencia de suicidios.

A liña 5 é a de formación de profesionais en prevención e intervención da conduta suicida. O grupo elaborador acordou en todo momento a necesidade de mellorar a capacitación dos profesionais para un mellor coñecemento das actuacións a levar a cabo ante un intento de suicidio. Os axentes da política local e nacional, bombeiros ou outro persoal de primeira liña e de intervención, son os primeiros en responder ante a emerxencia por risco de suicidio, polo que as súas habilidades e capacidades son fundamentais para determinar o curso do resultado destas situacións.

Os programas integrais de prevención do suicidio, adaptados á cultura do ámbito laboral, poden ser eficaces para mellorar as actitudes, coñecementos e comportamentos e poder reducir significativamente as taxas de suicidio. A OMS recomenda que a formación de axentes clave debería estar dirixida a aumentar as habilidades de comunicación sobre as cuestións relativas ao suicidio, mellorar a capacidade para identificar síntomas depresivos e conduta suicida ou aumentar o coñecemento sobre os recursos dispoñibles.

A liña 6, de atención a superviventes, márcanos que o asociacionismo e o apoio mutuo entre iguais é moi útil como vía de intercambio de experiencias, consellos, creación de relacións e desenvolvemento de estratexias que axuden a validar as relacións e emocións sobre os sobreviventes e a dispoñer dunha atención específica aos sobreviventes a través de intervencións preventivas e terapéuticas. E tamén os profesionais que tratan estes pacientes poden experimentar emocións como culpa, tristeza, depresión, desmoralización, *shock*, dolor, que nalgúns casos pode derivar en inseguridade profesional, polo que se considera importante proporcionarlles a estes profesionais ferramentas e técnicas para reducir o impacto persoal e profesional dun suicidio.

A liña 7 é a de investigación e alerta epidemiolóxica sobre a conduta suicida. A investigación e alerta epidemiolóxica supón unha ferramenta importante na prevención do suicidio, xa que permite a recollida de datos, análises e a avaliación destes, axudando a tomar decisións baseadas na evidencia.

Sete liñas, 35 medidas, que cremos que van axudar a facer fronte a un problema importante que ten a sociedade galega, a sociedade occidental.

Moitas grazas. (*Pausa.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Rolda dos grupos parlamentarios.

Ten, en primeiro lugar, a palabra, por parte do Grupo Parlamentario do BNG, a señora Prado Cores.

A señora PRADO CORES: Moi bo día a todos e a todas, e en especial aos profesionais que nos acompañan desde a tribuna seguindo esta comparecencia súa, señor conselleiro.

Empezaba vostede dicindo que era obxecto de preocupación, que era un obxecto prioritario. Eu a verdade é que, para ser prioritario, o toma con bastante tranquilidade e con bastante calma, porque, mire, Galiza está sen planificación en saúde mental e o Partido Popular —vostede, o seu Goberno, do que vostede forma parte— deixou colgada a saúde mental; unha situación, a da saúde mental, tremendamente grave. E o tema é que esa situación pon o Partido Popular e o Goberno contra o espello no que se reflicten as consecuencias das súas políticas sanitarias.

Levamos anos denunciando a deterioración da saúde mental, levamos anos denunciando orzamentos insuficientes, falta de planificación e nefasta xestión. Denunciamos que esta non actuación comprometía a saúde e a vida das persoas —saúde e vida das persoas— e as condicións laborais dos profesionais. E, fronte a isto, encontrámonos coa negación da realidade por parte súa, por parte da súa predecesora, por parte do presidente do Goberno...; negación e autocompracencia, e a saúde mental como unha das grandes abandonadas dentro das políticas sanitarias. E vostede vén hoxe aquí —lémbrollo, por se ten problemas de situarse no calendario—, a finais de setembro do ano 2017, e preséntanos un plan de prevención do suicidio, ¿con cantos anos de retraso, señor conselleiro?, ¿con canta negación do problema?, ¿con cantos intentos de desacreditar os que intentaron, os que intentamos, visibilizar e alertamos de cal era a situación? ¿Cantas badaladas despois, señor conselleiro, e canta alarma despois?

Eu aquí quero facer un recoñecemento explícito ao Movemento Galego de Saúde Mental, que leva anos encabezando a reivindicación da necesidade dun plan galego para a prevención do suicidio en Galiza; un plan galego e para Galiza e desde Galiza. E vostede hoxe presenta aquí un plan que, dende logo, non responde ás necesidades nin ás expectativas. Profesionais, usuarios e familiares denunciaron e denuncian esa progresiva deterioración do sistema de atención á saúde en Galiza; unha deterioración da saúde mental como consecuencia da xestión da crise que vostedes fixeron, como consecuencia tamén do empobrecemento de amplos sectores da poboación e da ausencia de futuro para moitas destas persoas. Unha crise económica que veu actuar dramaticamente nunha dupla fronte: por un lado, a política de recortes nos servizos públicos, nomeadamente nos sociais e sanitarios, conlevou a unha deterioración da atención especializada e da cobertura das necesidades sociais básicas para persoas con enfermidades mentais e, por outro, o aumento das desigualdades, dos niveis de pobreza, tanto na intensidade como na extensión; persoas con máis dificultades e máis persoas con dificultades, e factores como o desemprego, a redución da protección social, a deterioración da sanidade pública, o incremento da emigración, a perda de vivenda, a xeneralización da sensación de inseguridade ante o futuro...Cuestións todas que agravaron a situación.

E isto plásmase nos datos dramáticos de suicidio en Galiza, señor conselleiro, señores e señoras deputadas do Partido Popular; uns datos dramáticos. E vou dar os datos que facilita o

Imelga, que di que a cifra dos suicidios en Galiza nos últimos cinco anos —2012-2016— nunca baixou dos 300. Di que estaban cerca dos 400 no ano 2014; arredor dos 350 no 2012, 2013 e 2016; e as mellores cifras son as do ano 2015, pero, aínda así, estamos a falar de cifras moi altas. Estou lendo textualmente o informe do Imelga. Dinos que para darnos conta da magnitude do problema cabe dicir que neste último ano as mortes por suicidio —ano 2016— foron 2,44 veces superiores ás mortes por accidentes de tráfico e que mentres Galiza ten o 6 % da poboación do Estado español temos o 9,5 % de casos de suicidio, un ascenso do 7,75 % no ano 2015. Estamos a falar, efectivamente, de datos dramáticos.

Diante diso, o plan que vostede hoxe aquí nos presenta empeza dicindo que Galiza ten historicamente un alto índice de suicidios, coma se fora... bueno, Galiza ten un alto índice de suicidios, Galiza ten un alto nivel de avellentamento, Galiza ten..., coma se fora culpa do empedrado, coma se non houbera que analizar as causas e poñer consecuencias. É dicir, empezamos con esa cuestión. E logo fai unha referencia á preocupación por esta situación, e di que se recolle esta preocupación no Plan estratéxico de saúde mental do ano 2006-2011, na Estratexia Sergas 2014-2020 e na revisión do Plan de prioridade sanitaria 2014. E eu dígolle máis, señor conselleiro, dígolle que a Organización Mundial da Saúde advertiu no ano 2011 dos riscos da crise e de que había que poñer medidas. E dígolle máis: que a mesma OMS na súa 66ª Asemblea Mundial da saúde, no ano 2013, aprobou un plan de acción e saúde que instaba os responsables de sanidade a tomar medidas. E dígolle máis: no ano 2012 un grupo de traballo formado por profesionais en Galiza elaborou a *Guía de prácticas clínicas de prevención e tratamento da conduta aditiva*, que é guía en moitas partes do Estado pero que en Galiza non se implementou ningunha desas cuestións. E dígolle máis: durante todo o ano 2016 o Movemento Galego de Saúde Mental sacou á rúa a denuncia desta situación, sacou á rúa a campaña «Badaladas para a prevención do suicidio». E non é ata este ano 2017, despois de todas estas advertencias, cando o Partido Popular se pon a elaborar un plan de... —quero lelo textualmente porque non é indiferente—, un plan de prevención do suicidio en Galicia. Non é o plan galego para a prevención do suicidio, non é o plan galego que Galiza necesita para abordar os problemas de suicidio. É o Plan de prevención do suicidio en Galicia, o título pon «en Galicia» porque podía valer para calquera outra parte do Estado. Porque ¿que recolle este plan, señor conselleiro? Toda unha serie de espazos comúns, toda unha serie de informes, análises e datos recollidos xa en todos estes informes que lle fun establecendo, pero non parte da análise da situación en Galiza nin ten unha concreción real en Galiza. Temos que agardar ata a páxina 29, de 57 que ten o informe —non 29 de 2.000 ou de 300, senón a páxina 29 de 57—, para que se empece a falar dalgunha concreción a respecto de Galiza. É un «corta e pega». ¿É un avance porque ata agora non había nada? De acordo, pero, dende logo, terá que recoñecerme que non é realmente pensado nin deseñado desde unha estratexia autocentrada no noso país. Podería valer para Hannover, podería valer practicamente para Murcia, podería valer para Nápoles, por dicir algúns sitios, porque fai unha análise do que se está facendo noutros lados, dos datos en non sei cantos outros lados, e moi pouco de análise da realidade de Galiza.

Dígolle máis, señor conselleiro: vostedes entréganlle a elaboración deste plan a unha empresa profesional de facer plans e informes, co cal tamén privatizan a planificación. Non só privatizan sectores estratéxicos da nosa saúde, senón que tamén poñen en mans privadas a planificación. ¡Xa é o colmo! Ata a planificación entregan a unha empresa privada.

No plan que nos presenta vostede hoxe aquí, con toda unha serie de liñas estratéxicas e medidas, ¿onde están os recursos?, ¿onde están as concrecións?, ¿onde están as medidas en cada unha desas liñas estratéxicas?

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ¿En que se concretan, señor conselleiro? Eu voulle facer unha serie de preguntas e agardo que vostede na súa seguinte intervención teña a ben contestar algunhas. Primeiro, ¿por que negaron durante tanto tempo o problema? ¿Cre que é posible acadar o obxectivo da Organización Mundial da Saúde de reducir nun 10 % a taxa de suicidios no ano 2020 cando van con seis anos de atraso respecto da advertencia da OMS? ¿Algunha autocrítica por este retraso de seis anos, señor conselleiro? ¿Cal é o cronograma? ¿Cal é o cronograma deste plan?, porque aí non está ningún. ¿Cal é o cronograma de posta en marcha? ¿Cales son os recursos, humanos e materiais?

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: Remato.

¿Cal é o orzamento? ¿Cales son os compromisos de orzamento para este plan? ¿Como vai mellorar a accesibilidade? ¿Cales van ser as medidas para rematar coa situación de saturación dos dispositivos? ¿En que prazos? Señor conselleiro, sóbralle autocompracencia...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Prado.

A señora PRADO CORES: ...fáltalle realismo, concreción e recursos.

Eu agardo que teña a ben contestar...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora PRADO CORES: ...cando menos algunhas das cuestións que lle acabo de dicir.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas, o señor Torrado Quintela.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Bo día, señor conselleiro.

Bos días tamén a todas as persoas que nos acompañan hoxe para falar dun tema importante. Cremos que é un acerto ter unha comparecencia sobre isto aínda que, señor conselleiro, debeu vostede comparecer xa no anterior pleno para falar da Lei de saúde. Pero, en todo caso, vostede elixe as súas comparecencias, iso tamén é unha prioridade política.

Nós cremos, efectivamente, que este é un plan moi necesario, moi necesario, pero temos algunha apreciación sobre isto. Era necesario antes, o plan chega pero chega tarde e chega mal. En todo caso, imos quedar con algunha cousa, e é que chega.

Debería chegar, é certo, un plan completo. Existía un plan que vostedes desbotaron. Debe de ser porque todo aquilo que tiña cores estrañas ou viña de anos estraños o desbotaron. Había un plan estratéxico de saúde mental que vostedes non quixeron continuar, pero sería necesario, sería desexable, un plan completo, un plan de saúde mental que puidera tamén traballar un plan de prevención do suicidio e un plan de prevención de condutas aditivas. Existen moitos aspectos. Facer un plan de prevención do suicidio unicamente, sen unha estratexia xeral, é como pretender facer un plan de operar a apendicite sen ter unha estratexia xeral sobre cirurxía. Ás veces é difícil afrontar unicamente os detalles e non pararse no completo, e vostedes desbotaron a intención de planificar no completo.

En todo caso, ademais de chegar —xa foi dito aquí—, nós preguntámonos se non era necesario non só consultar e falar para poder poñelo no papel, senón de verdade darlles participación aos profesionais galegos. Porque é unha consultora de fóra, que seguramente ten unha capacidade profesional moi boa, pero preguntámonos se non hai profesionais na sanidade galega. Vostedes, que tanto alaban os profesionais galegos, ¿por que non lles fan un pouco máis de caso?

En todo caso, sobre o plan queríamos pararnos a falar da súa fundamentación, das medidas que propón, do que nós consideramos que pode ser máis ou menos acertado e dalgúñas propostas.

Dos fundamentos, estrañáanos por que non se consideran os datos do 2016, se existen. Cando se iniciou o plan, existían. ¿Que problema ten a Consellería cos datos do Imelga? ¿Por que non lle gustan, ou por que non os considera? Supoñemos que non ten nada que ver con facer unha mínima lectura un pouco máis facilitadora ou máis leve dos datos, non cremos que poida ser iso. Pero os datos din cousas preocupantes, porque os datos do Imelga din que estamos nunha comunidade na que hai unha media aproximada dun suicidio ao día. E son dúas veces e media os accidentes de tráfico; ou sexa, as mortes por accidentes de tráfico. Estamos ante un problema grave, e canto máis actualizados e canto máis críticos e analíticos sexamos cos datos, moito máis produtivo vai ser o plan. Polo tanto, cremos que os datos do 2016 serían máis produtivos, para evitar escoitar cousas como que temos unha taxa descendente, que, segundo os últimos datos, non é así. Descenden en Lugo pero aumentan no colectivo. Polo tanto, cremos que é importante ser un pouco máis exixentes, ou autoexixentes.

Este é un plan que foi reclamado xa na pasada lexislatura aquí e que o Goberno desbotou; que foi reclamado, en termos de todo o Estado, no Congreso e no Senado, e foi rexeitado. Temos recomendacións da OMS que incluso foron rexeitadas e non escoitadas por este Goberno. Polo tanto, cremos que estes fundamentos están agora fóra de tempo. Chega, pero chega mal e chega tarde. En definitiva, cremos que os fundamentos deste plan están un pouco terxiversados, pero, en todo caso, se iso dera pé a boas medidas, benvidas foran.

¿Que ocorre coas medidas? Nós cremos que hai tres cuestións esenciais deste plan que non nos encaixan. En primeiro lugar, o modelo adoptado. Eu non son psicólogo clínico, pero vostede sabe que de formación son psicólogo, e coñezo especialistas que moitas veces poñen nalgunha discusión o modelo adoptado. Non é un modelo de consenso no sector, non é un modelo nin sequera maioritario probablemente. Nin sequera é un modelo que poidamos asumir que ten mellores resultados ca outros. Polo tanto, ¿por que non traballar con modelos clínicos máis axeitados ou con aqueles que os profesionais libremente poidan adoptar sempre que se encaixen dentro dos procedementos naturais? Digamos que encaixonar un plan baixo un modelo de traballo que non é de consenso está limitando as posibles accións. Polo tanto, cremos que aí era previsible que puidera haber problemas, que os pode haber, e cremos que eran resolubles. Por exemplo: ¿por que temos que acollernos a unha proposta de profesionais externos cando temos un modelo de traballo como é o de Ourense, que vostede sabe que funciona e que probablemente debería ser máis explorado, máis analizado e, se cadra, abrir as posibilidades de que fora exportado, nas cousas que son positivas, ao resto da comunidade autónoma? Creemos que cos profesionais que están traballando alí, que están facendo un traballo ímprobo dende hai moitísimo tempo, que teñen axuda de profesionais doutros lugares, que é un ámbito de traballo onde os profesionais se coñecen entre eles, traballan moi ben en rede, colaboran moito, pois podíamos ter unha proposta aí á que en realidade non se lle fixo todo o caso que se debería. Non sabemos moi ben por que, e cremos que é un error.

Diciamos antes que outro dos problemas tamén dese modelo son os datos. Ao non estar actualizados e ao estar infraestimados... Hai unha realidade, vostede coñécea: os datos de suicidio están infraestimados. Moitas veces non se cualifica, non se etiqueta, non se diagnostica como suicidio, non se sinalan como suicidio casos que si o son, por cuestións explicables dende o punto de vista do tabú social que supón. Hai unha dificultade ás veces para asumir as realidades. E non se cualifican como tal algunhas mortes por suicidio que si o son. Temos un problema de datos infraestimados. É explicable dende un punto de vista social. ¿É afrontable? Probablemente non de maneira dogmática de hoxe para mañá. Pero se traballamos especificamente e dunha maneira analítica sobre iso, temos que sabelo. Sabémolo, debemos traballar con iso. Non nos fagamos nós trampas ao solitario. Hai datos que non nos están axudando se facemos traballo con eles, porque non son correctos, e sabémolo.

Hai un problema de medios. Este é un debate xa vello. Hai un problema de falta de recursos. Se temos profesionais que teñen que atender unha cantidade inxente de persoas ao día, incluso en atención primaria, é moi difícil que poidan detectar algúns problemas; capacidade que terían se tiveran máis tempo, se tiveran máis capacidade para facelo. Non temos, non temos profesionais directamente en psiquiatría, en saúde mental en xeral. Non temos profesionais suficientes para atender o que necesitamos. Temos un problema de recursos.

Por certo, hai un plan sen unha achega económica concreta. As propostas políticas sen prazos e sen diñeiro son márketing. E este non é un espazo para facer márketing. Prazos e cartos, porque, se non, é moi bonito plantexar un programa, pero o único ao final que vai levar cartos é o que redactou o programa. Se ao final o único investimento que imos facer é pagarlle a unha consultora para que redacte un plan, nós preferimos, consideramos máis adecuado, facer un investimento real e que existan cartos e recursos para apostar por ese plan

e levalo a cabo. Non ten sentido facer unha planificación e non facer ningunha achega orzamentaria. Iso queda nunha declaración de intencións, que está ben para facer un anuncio publicitario pero non para facer de verdade un plan de aplicación.

En todo caso, ademais de todos estes problemas en canto ao modelo, á utilización errónea dos datos e á non achega de recursos, cremos que hai un problema que neste plan se afonda e que habería que corrixir polos que traballamos no campo do deseño dos plans, no campo político —e que reclaman moito dende o plano clínico—, que é a estigmatización. Hai un encaixonamento demasiado grande deste tipo de persoas que cometen este tipo de actos dentro, unicamente, da psiquiatrización do problema. Claro que é un problema relacionado coa saúde mental e hai unha forte relación, claro que si. Pero non é a única explicación. Hai outras causas, hai etioloxías distintas, moitas veces que conviven. Hai unha multicausalidade do problema e, polo tanto, se unicamente psiquiatrizamos, estamos facendo unha redución do problema a un eido do que, como moito, poderemos arranxar só ese eido —e, sen achega de recursos, pouco—. Poderemos arranxar só un eido do problema se non o afrontamos dende o colectivo. E nós cremos que a estigmatización —incluso con algunha linguaxe descoidada no plan, algunhas partes da linguaxe bastante descoidadas no plan— non axuda a resolver este problema.

En xeral, a verdade é que o plan é pouco concreto. Non afronta a realidade, non propón cambios estruturais fundamentais, non propón nada substancial, non achega realmente solucións, non di quen é responsable dos obxectivos. Vostede citou aquí obxectivos. E, se non se cumpren, ¿que?, ¿quen é responsable? Non hai achega económica, e así é moi difícil cumprir obxectivos. ¿Ímoslles pedir aos profesionais que, ademais de todo o traballo que xa teñen, se adapten a este modelo, fagan este traballo, cumpran os obxectivos que lles poñemos pero sen máis recursos que os que teñen? É moi difícil plantexar isto.

Dende o noso punto de vista, este é un plan de cartón pedra, señor conselleiro. Non é posible plantexar unha estratexia así, falar de que é ambiciosa, falar de que vai resolver o problema ou que pretende resolvelo, e deixalo nun mero texto pouco concreto. E como facer para poder dicir que se fai porque vostede dixo un día que o ían facer. Pero retroaliméntase a Consellería en si mesma, e, polo tanto, non ten solución para todos os problemas.

As nosas propostas: nós cremos que é importante aproveitar experiencias que teñen demostrado bo resultado, por exemplo a de Ourense. Hai outras, por exemplo a de Ourense. Fagan caso aos profesionais do Movemento Galego de Saúde Mental. Grazas —moito— a eles e ás súas mobilizacións está hoxe aquí este plan, moitas badaladas despois, moitas badaladas despois. Pero grazas a eles tamén está aquí este plan. Pódenos escoitar e facerlles algo máis de caso do que lles fan. Incorporen datos novos. Os datos do 2016 están aí. Incorpórenos, analicémoslos. Planifiquemos por completo, deseñemos unha estratexia conxunta, ese plan conxunto de saúde mental que pode dar moitas solucións non só a este ámbito senón a moitos outros.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor TORRADO QUINTELA: Remato xa.

Poñamos en funcionamento a investigación. Necesitamos máis investigación, non só sobre os datos daqueles suicidios que se fixeron senón das tentativas que non chegaron ao fin. Porque é moi importante estudar a etioloxía. Aquelas tentativas tamén son información de utilidade, e non se fai. Apostemos realmente pola autopsia psicolóxica, que se apunta moi levemente pero non existe unha aposta verdadeiramente forte. Hai moitas cuestións de investigación que podemos facer e que non se están facendo. Financieemos un grupo de investigación sobre isto. É produtivo incluso en termos económicos, que é a linguaxe que moitas veces vostedes utilizan.

Aínda que xa chega, chega tarde; pero, polo menos, agardamos que poida chegar ben...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor TORRADO QUINTELA: ... e poidan ser atendidas algunhas das suxerencias.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Torrado.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario de En Marea, a señora Solla Fernández.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Bo día, señor conselleiro.

Ao noso entender, chega vostede catro semanas tarde, por non dicir que chegan vostedes catro ou cinco anos tarde respecto do tempo que levamos pedindo nesta Cámara ese plan galego de atención ao suicidio, e moito máis que levan —xa se nomeou aquí— os profesionais —sobre todo do Momento Galego de Saúde Mental, pero incluso fóra del—, reclamando unha atención específica a un problema que é grave, ao noso entender, en Galicia.

Tería estado ben que vostede viñese aquí a comparecer —xa o dixemos publicamente e tamén no pasado pleno— hai catro semanas, precisamente cando o Instituto de Medicina Legal, o Imelga, publicaba o dato dos suicidios relativo ao pasado ano. Nin medio chío.

Os suicidios matan máis en Galicia que os accidentes de tráfico e non ocupan absolutamente espazo prioritario en ningún dos plans do Goberno. Hai silencio, un silencio que é duro, un silencio que é sepulcral, que di que cada día, case cada día, se suicida unha persoa en Galicia. Os datos do Imelga indican 345, nin máis nin menos, o pasado ano en Galicia. Houbo un incremento dun 7 % respecto do ano anterior, e sen embargo vostede non compareceu cando se ofreceron eses datos por un instituto que ademais é unha administración, forma parte dunha administración pública. É un problema sanitario de primeira orde. E fíxese: non semella, por desgraza, tan relevante se sobe este ano un 7 % —que sobe un 7 %— ou un 5 % ou se outro ano baixa un 2 %, que é importante, evidentemente; pero o máis relevante de todo é a tendencia, e a tendencia indica —dio o propio Imelga no seu informe, ese organismo público— que nos últimos cinco anos en ningún momento baixaron de 300 as mortes por suicidio ao ano en

Galicia. O peor dato, en medio da crise, o de 2014. A crise. Porque aínda que Galicia sempre tiñese máis suicidios que outras comunidades autónomas, como vostede indicaba, isto non é un fenómeno atmosférico. Está relacionado coas condicións tamén de vida das persoas, e tamén, neste caso, co empeoramento desas condicións de vida relacionadas coa crise económica. Xa se lles trasladou aquí que a Organización Mundial da Saúde xa advertiu do incremento dos suicidios coa crise económica e da necesidade de protexer a saúde dos cidadáns e das cidadás por parte dos gobernos. Pero vostedes seguen facendo caso omiso deste factor etiolóxico importante, que é a situación económica das persoas, e a situación social, evidentemente.

Non figura no plan. A única actuación que levaron a cabo, eu creo, en relación coa prevención do suicidio foi cando a señora conselleira de Sanidade por aquel entón me entregou nesta mesma Cámara, hai tres anos, unha guía clínica relativa á prevención do suicidio. Vostedes non acometeron ningún tipo de medida durante todos estes anos, e moito menos relacionada con eses determinantes sociais da saúde. Si, porque, efectivamente, a Organización Mundial da Saúde, en relación con ese incremento dos suicidios nos diferentes países relacionados coa crise económica, pedía, efectivamente, que se atenderan eses determinantes sociais da saúde. Eu son moi pesada con este tema e vou seguir insistindo, porque non hai prevención e promoción da saúde nos plans da Consellería de Sanidade. Polo menos, así o din os orzamentos e a actividade que vostedes practican.

A OMS pediu que se atendese o problema do paro e da protección social. E seguimos tendo milleiros de paradas no noso país, cun incremento masivo da precariedade. Un 94 % dos contratos que se asinan son precarios, evidentemente con salarios baixos, e o 15 % das persoas que teñen traballo actualmente en Galicia, o 15 % do total, son pobres; 700.000 persoas viven en Galicia en risco de pobreza e de exclusión. ¿Está iso ou non relacionado cun factor de risco? Evidentemente, non só é iso, pero ¿esta iso ou non relacionado? Non aparece mencionado no seu plan.

Pediu a OMS tamén que atendesen vostedes o dereito á saúde. E ¿que lle deron?: Real decreto 16/2012, exclusión, tarxeta de beneficencia para paliar o incremento do prezo dos medicamentos e repago incluído —parches que non serven e persoas que seguen sen acceder de maneira normal a medicamentos—, incremento do prezo dos medicamentos e, dende logo, redución da universalidade.

Pediu tamén a OMS que se observase axuda ás familias relacionada co pago da débeda, cos problemas económicos. E ¿que lles deron vostedes? Incremento dun 48 % das execucións hipotecarias o ano pasado no noso país. ¿Son ou non son factores etiolóxicos relacionados cun posible suicidio ou cun posible problema de saúde mental, señor Almuíña? ¿Onde están no Plan de saúde mental os determinantes sociais da saúde, o impacto da crise económica, os problemas sociais e económicos que xa non só existen coa crise, senón que xa existían previamente? ¿Onde están? Non figuran. Os pobres son cada vez máis machacados e non figuran na prevención que vostedes fan.

A base é a saúde preventiva, e debería ser, dende logo, esencial. O suicidio e o resto de problemas de saúde son, polo tanto, transversais ao resto de consellerías, que non están hoxe aquí e non aparecen reflectidas. Non é serio, señor conselleiro.

E cando os suicidios se incrementaron non só este ano, senón que superan en dous puntos os accidentes de tráfico, o resto do Goberno non está. E debería implicarse en solventar un problema de saúde pública, porque a saúde non se restrinxe só á Consellería de Sanidade. Pero o problema é que tampouco hai implicación dentro da súa propia consellería, non a hai. Porque vostedes falan de prevención referíndose só ás persoas con enfermidades ou problemas de saúde mental. Xa se dixo aquí que existe unha estigmatización, unha psiquiatrización, dos problemas que levan desgraciadamente a que unha persoa poida optar polo suicidio.

Pero, ademais, hai un problema fundamental que tamén xa se apuntou: a ausencia de recursos vinculados ao plan, recursos económicos, recursos de persoal, recursos materiais. ¿Con que imos aplicar este plan se non hai incremento de persoal para poder atender esas necesidades?

Pero propón vostede no propio plan que se detecten os riscos das persoas con problemas que poidan derivar nun intento de suicidio na atención primaria, nesa mesma atención primaria na que os profesionais non poden máis, na que vostedes non están cubrindo as baixas, na que non hai persoal e se teñen que cubrir eles, na que hai centros nos que hai máis dunha semana de retraso para acudir a unha consulta de atención primaria. Están nunha situación límite algúns profesionais da atención primaria, e vostedes pretenden que sexa nesas mesmas condicións nas que se atenda a prevención do suicidio.

Non hai nin un só aspecto que diga que van vostedes incrementar os profesionais na atención primaria e tampouco na psicoloxía. Levamos anos pedindo, anos pedindo aquí. ¿Onde está a prevención? ¿Hai que pagar un psicólogo ou unha psicóloga privada para poder tratar os problemas que se teñan?, ¿Van pagalo esas persoas precisamente en situación económica e social complicada? ¿Onde están no seu plan? ¿Que van facer con iso? A min gustaríame que respostase.

Vostedes aproban este plan, ou trasládano, sen orzamentos, sen compromiso de máis recursos e, evidentemente, sen un plan de saúde mental. Levamos oito anos agardando por ese plan de saúde mental. Parece que agora din vostedes que se van poñer. ¡Home!, oito anos despois sen plan de saúde mental... Tamén xa é hora. A irresponsabilidade é maiúscula, señor Almuíña. ¡Oito anos sen plan de saúde mental! Pero vostedes están tan tranquilos. ¿Onde está o orzamento?

Aproveite tamén e diga aquí se ese plan de suicidio e ese plan de saúde mental van contar cun orzamento. Porque, claro, estamos ás portas de que entre o orzamento da Xunta. ¿Vai figurar algunha partida específica para que se poidan aplicar os aspectos preventivos deste plan?

E vostede fala de atención á infancia, á xuventude. ¿Onde está esa segunda unidade de atención infantoxuvenil que levan non sei canto tempo prometendo?, ¿onde está? ¿Onde están os medios para a primeira? A min gustaríame sabelo. ¿Van ampliar vostedes esa cobertura de psicoloxía? ¿Van contratar, por fin, enfermeiros e enfermeiras especialistas en saúde mental? ¿Vai haber máis e mellores profesionais para atender as necesidades en saúde mental da poboación? ¿Van mellorar esas unidades básicas?

E no caso das persoas ingresadas, neses suicidios... Nós xa o trasladamos, porque discutimos algunha vez aquí este ano que iso debería evitarse. Evidentemente, non é inevitable ao cento por cento, pero ¿vai haber máis persoal nas unidades de hospitalización para reducir o risco de que existan suicidios nas persoas ingresadas? ¿Van retirar vostedes a atención psiquiatralizada?, ¿van retirar as suxeicións mecánicas? ¿Cal é o seu plan? ¿Onde están eses recursos?

E, por certo, a min sorpréndeme bastante e gustárame que vostede trasladase por que obvian eses datos do Imelga e se van facer algún tipo de relación, cando están plantexando un observatorio galego e non están tendo en conta ese traballo nin tampouco o traballo dos profesionais. Non sei con quen van facer ese observatorio galego.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: En resumo —e remato xa—, un plan relacionado, moi relacionado, coas enfermidades mentais, cos problemas de saúde mental —cando o suicidio non se restrinxe obviamente a iso—, que estigmatiza, que obvia os problemas sociais, os determinantes sociais da saúde. E gustárame que vostede aclarase tamén se van facer algo coa Consellería de Educación, se hai algo relativo ao acoso escolar, se hai algo relativo á perspectiva de xénero; e algo concreto, non brindes ao sol, senón algo concreto co orzamento que se vai aplicar. Tamén no caso das persoas LGTBI...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Contesteste, se pode, ao asunto dos orzamentos e, obviamente, por que non figuran os determinantes sociais de saúde neste plan.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Solla.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario Popular, o señor Núñez Centeno.

O señor NÚÑEZ CENTENO: Grazas, señor presidente.

Benvido, señor conselleiro.

Señorías, eu penso que todos temos claro que estamos diante dun grave problema de saúde da poboación, da poboación mundial, da poboación española e da poboación galega. As taxas de suicidio son, en xeral, máis elevadas nos países cun nivel económico máis alto. O Xapón triplica as estatísticas de suicidios españolas, e tamén nos países do norte de Europa temos as taxas máis altas do continente. España ocupaba hai uns anos a posición 54 dun total de 101 países que aportaban cifras. No ano 2015 tiña a quinta taxa máis baixa de suicidios entre os 28 países da Unión Europea.

No eido da saúde mental xa anunciou o señor conselleiro o inicio da elaboración do Plan estratéxico galego de saúde mental, que, como ben explicou nalgunha comparecencia nesta

Cámara, demorouse diante da previsión de aprobación, por parte do Consello Interterritorial, da Estratexia nacional de saúde mental. Non tería moito sentido elaborar un plan galego diante da inminente —polo menos iso semellaba— aprobación do plan nacional. Pero os partidos da oposición, os partidos da esquerda, maioría no Interterritorial, botaron abaixo esa posibilidade. E iso obrigou a Consellería a poñer mans á obra para a consecución do Plan galego de saúde mental.

Por certo, o Movemento Galego de Saúde Mental, do que se falou tanto nesta Cámara, xustifica na súa páxina web a negativa dos partidos de esquerda a aprobación do Interterritorial afirmando —textual—: «Esas comunidades non aprobaron nese órgano esa estratexia polo seu contido e pola súa elaboración con formas características da época da maioría absoluta do Partido Popular, tanto nas autonomías como a nivel central, cando se desprezaba o diálogo e os gobernantes gustaban do monocolor.» No fondo queren dicir que non se aprobou o plan porque era un plan do Partido Popular. Parece claro que ese movemento non sintoniza co meu partido e fai algo, ou semella facer algo, de política coa saúde pública.

Pero estamos acostumados, señor conselleiro. Os socialistas e o BNG derrogaron a Losga, aprobada no ano 2003 por un goberno do Partido Popular, porque era unha lei do Partido Popular. E aprobaron no ano 2008 a Lei de saúde de Galicia, que a oposición pretende que non se poida proceder a modificar, negando a lexitimidade deste grupo para adaptar esta lei, que ten case dez anos, ás circunstancias demográficas, xeográficas, e adaptándoa ás modificacións normativas que se produciron.

Este Plan de prevención do suicidio de Galicia —explicouno vostede— foi elaborado coa colaboración dun importante número de expertos que participaron na súa redacción. Non todos quixeron facelo, algún colectivo parece que abandonou as reunións nas datas iniciais das mesmas. Supoño que eles saberán por que o fixeron.

O Movemento Galego de Saúde Mental afirma na prensa que o plan é insuficiente, que se psiquiatriza o problema do suicidio, pero á fin ten que recoñecer que este plan representa un avance significativo na prevención deste grave problema de saúde pública.

Eu, dende logo, non vexo onde se psiquiatriza neste plan, cando non aparece en todo o documento a palabra psiquiatría e si o termo saúde mental, como actividade multidisciplinar, con facultativos, persoal de enfermería, psicólogos e traballadores sociais.

Nun debate parlamentario do ano 2015 falamos de suicidios, e afirmei e afirmo que co suicidio se estaba a facer absoluta demagogia: sempre intentaron asociar crise e autólise. Saben vostedes —e xa o dixen aquí— que non hai ningún estudo científico definitivo que relacione o aumento de casos de suicidio coa situación de crise económica. É un tema longamente debatido na literatura científica, no que nunca se acadou consenso de ningún tipo.

Aquí parece que se tratou e se trata de botarlle a culpa deste teórico e dubidoso aumento do número de suicidios ás políticas do Partido Popular. A min paréceme demagogia pura e dura, señor conselleiro. Aproximadamente, nun 95 % dos suicidios existe polo menos un trastorno psiquiátrico. Saben tamén vostedes que se están a utilizar taxas brutas e non estandarizadas,

fundamentalmente por non estar axustadas por idade. Taxas brutas que non son axeitadas para realizar comparacións entre distintas poboacións e períodos de tempo.

Un estudo publicado na *Revista española de psiquiatría y salud mental* no ano 2014 reflicte a dificultade de estudar a epidemioloxía do suicidio en España. Incluso afirma que as cifras dende o ano 2013 son máis elevadas porque ata entón non se utilizaban as dos institutos de medicina legal —falamos aquí do Imelga—, non accesibles daquela para o Instituto Nacional de Estadística. A corrección desa circunstancia fixo aumentar de xeito sensible a fiabilidade dos datos, pero tamén aumentou as diferenzas con anos anteriores, ao elevar as cifras totais nestes últimos anos.

Se utilizamos taxas estandarizadas en Galicia entre 1975 e 2013, o ano no que alcanzaron o valor máximo foi no 1993, e entre o ano 2009 e 2014 a máis alta foi a de 2012, con 11,6 %. Superiores á dese ano foron as dos anos 1987, 1988, 1993, 1994, 1995, 1996, 1998 e 2003.

Segundo a tendencia, en Galicia a taxa estandarizada en suicidios aumentou na década dos oitenta, diminuíu nos inicios dos noventa, e segue unha tendencia lixeiramente descendente na última década.

Por suposto que esta evolución —non tan catastrófica como se nos quere facer ver— non quere dicir que a nosa sanidade pública non teña que pelexar por diminuír todo o posible esas taxas, e para avanzar nese obxectivo presenta vostede este plan de prevención do suicidio en Galicia, señor conselleiro.

Como dicíamos antes, é un plan elaborado coa colaboración de profesionais, sociedades científicas e con aqueles que quixeron facelo. Un plan que degrañou vostede coas sete liñas estratéxicas e as 37 medidas, das que, por certo, practicamente non se falou nas intervencións, e que inclúen —dicía vostede— a coordinación entre todas as institucións implicadas. Pensamos que é moi importante que participen non sanidade, senón educación, política social, xustiza, medios de comunicación, corpos e forzas de seguridade do Estado, na elaboración do protocolo e na difusión do mesmo.

A segunda, sensibilización, concienciación e diminución do estigma social, con especial atención ás novas que se publican en medios de comunicación en relación co suicidio, e tratar de alentar as boas prácticas e favorecer a non difusión das reportaxes que animen ou puideran chegar a exaltar esas prácticas. Inclúese nese punto —que tamén o dixo— a supervisión e alerta sobre webs e redes sociais, problema que todos coñecemos.

A min desta liña estratéxica gustaríame destacar a medida sobre información e sensibilización en relación co problema na web institucional do Sergas. Nós pensamos que hoxe a xente consulta moitísimo problemas de saúde a través de internet, e pensamos que a páxina do Sergas e as páxinas das institucións son as que teñen que facer a loita contra esta campaña de desinformación e de malas prácticas que estamos a vivir.

No punto terceiro, prevención e abordaxe da consulta suicida, ceo que hai que garantir unha resposta rápida de atención a eses pacientes en risco. Consideramos moi importante, señor

conselleiro, o coñecemento dos tempos de resposta do sistema diante deste proceso para poder actuar sobre as demoras e diminuílas mediante protocolos de actuación, ou ao mellor mediante vías rápidas, como existen para outras patoloxías.

Outras medidas a destacar desta liña poderían ser a avaliación do risco en primaria, en servizos hospitalarios, en servizos de urxencias, fundamentalmente, e en enfermos ingresados non soamente en saúde mental; a mellora da detección precoz de trastornos afectivos e por consumo de alcohol, e a elaboración de protocolos de derivación en todos os ámbitos, no ámbito sanitario, pero tamén no ámbito educativo e no ámbito social, e todo iso ten que contribuír a garantir a continuidade asistencial destes pacientes con risco de suicidio. Cremos que aquí pode ser importante a chamada telefónica e o seguimento por medio do teléfono, dun xeito similar ao que se fai no Conecta 72, que está a dar tan bos resultados nas altas hospitalarias.

Consideramos importantes e moi interesantes as intervencións psicoterapéuticas, tanto individuais como grupais, e a implantación dun plan de seguridade entre o paciente e o profesional. Hai que informar aos pacientes con risco de suicidios. Os profesionais temos que perder o medo a informar e a falar cos enfermos e cos pacientes do risco de suicidio.

A idea suicida é un síntoma máis de depresión, como pode ser o insomnio, como pode ser ansiedade ou como poden ser as somatizacións, e hai que facelo ver. Hai que falar e non escapar; falar coas persoas afectadas. Hai que editar e divulgar guías, por unha parte, para enfermos e familiares, e, por outra, para profesionais. As guías teñen que ser concisas, teñen que ser fáciles de entender e teñen que servir para unha consulta rápida.

Hai que limitar —como vostede ben dixo— o acceso a medios letais, tremendamente difícil moitas veces, de xeito especial nos medicamentos e nos produtos químicos, produtos tóxicos. Hai que formar os profesionais en prevención e en intervención sobre conduta suicida; nos sanitarios por suposto, pero tamén —como dicíamos antes— nos profesionais de política social, educativa, forzas de seguridade, corpos de intervención, bombeiros, persoal de emerxencias, medios de comunicación e outros axentes sociais. Incluso aquí poderíase falar de empresarios e sindicatos para identificar factores de risco e sinais de alerta. A posvención ao supervivente, o asociacionismo, a atención específica e a reinserción profesional destas persoas. E por último, a investigación de alerta epidemiolóxica sobre a conduta suicida. Hai que recoller e analizar datos que axuden a tomar decisións baseadas na evidencia científica. Debe mellorar, señor conselleiro, o rexistro destes episodios nos servizos sanitarios e nas estatísticas de defunción, promovendo tamén —como dicía o señor Torrado— as autopsias psicolóxicas.

Nesta última liña estratéxica pode axudar a medio prazo identificar factores de risco, pero tamén factores precipitantes e factores protectores. É moi importante unificar criterios. E a investigación é a que vai permitir chegar ao núcleo do problema.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor NÚÑEZ CENTENO: Nós pensamos que é un plan ambicioso, un plan completo, non fácil de desenvolver en todos e cada un dos ámbitos, inclusive nalgún dos sanitarios, pero

coñecemos tamén a dedicación e o esforzo dos profesionais do Servizo Galego de Saúde, que han de colaborar, sen dúbida, para axudar a diminuír a incidencia do suicidio en Galicia.

Dende o Grupo Parlamentario do Partido Popular de Galicia agradecemos o traballo de todos os profesionais que participaron na elaboración deste plan e de todas as asociacións e sociedades científicas que aportaron as súas experiencias e coñecementos para facer realidade este completo documento.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Núñez Centeno.

Ten un turno de réplica o señor conselleiro, o señor Vázquez Almuíña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, a verdade é que, despois de escoitar as primeiras intervencións por parte dos grupos da oposición, chama a atención que creo que non estudaron o que é este documento, e creo que é un documento moi importante que necesita da colaboración de todos.

Utilízanse, como sempre, palabras creadas para utilizar en calquera tema, e paréceme que non debería ser o tema do suicidio algo desta guerra política de publicidade e márketing. Creo que falar de recortes, falar de privatización, sempre é falar do mesmo, pero creo que este é un tema tan sensible que deberíamos escapar delas.

Dicir que se privatiza a planificación porque hai unha empresa que o que fai é recoller todas as aportacións de todos os colectivos —numerosísimos— que hai aquí para facer a encadernación e unha edición, parece que é tratar de confundir a aqueles que se queren ver confundidos. Eu creo que debiamos ser un pouquiño máis serios e tratar de estudar o documento a fondo. Creo que ten moitísimas cousas positivas.

Tamén a min me parece difícil que poidamos entrar en debates entre nós, os parlamentarios, sobre as causas do suicidio. Paréceme que é algo moi complexo, e desde logo os especialistas teñen dificultades para chegar a esas causas. O que si hai é unha serie de factores que están aí, nesa situación, e, como dicía o portavoz do Partido Popular, non se demostrou que a crise económica sexa un deles. A verdade é que tratar de unir países do norte de Europa como Suecia ou Suíza, con cifras similares ás galegas, non parece que sexa o problema económico a causa determinante. O que si deberían estudar son as curvas de falecemento e de suicidios, que se incrementan de forma exponencial a partir dunha idade determinada, iso é o que hai.

Señora Prado, nós non negamos o problema para nada. Vimos aquí e dicimos a realidade, os datos son os que son. Certamente, como dicía tamén o portavoz do Partido Popular, o doutor Núñez, ás veces non son todo o fiables que quixeramos, pero por diferentes criterios de rexistro. Ás veces os do Imelga tardan máis en incorporarse á normativa estatal, que é o que nos chega ao final. Pero dá igual, considerámolo un problema importante e por iso estamos traballando.

Somos a segunda autonomía que fai un plan de prevención do suicidio. Iso non se remarcou por parte de ningún dos membros da oposición. Creo que se dicimos que hai un problema, e somos os segundos, detrás da Comunidade Valenciana... No mundo hai moitísimos países con problemas, e sen embargo só 28 teñen un plan de prevención. Polo tanto, creo que hai que dicir que este Goberno ten claro o problema e empeza a pór as bases para poder diminuír os suicidios na nosa sociedade, que é o que queremos todos.

Tamén se di que parece que este plan o fixeron dúas persoas, unha da empresa e outros técnicos da Consellería sen máis. Eu creo que non, hai que felicitar precisamente a implicación de todos os profesionais.

A oposición cita o Movemento Galego para a Saúde Pública, que me parece un movemento que, loxicamente, está tratando de mellorar a situación. Pero, curiosamente, a oposición non nomea nin a Asociación Galega de Psiquiatría, nin a Asociación Galega de Saúde Mental, nin a Asociación Española de Enfermería e Saúde Mental, nin a Asociación Galega de Enfermería Familiar e Comunitaria, ademais da Sociedade Española de Emerxencias, ou non lle dá importancia tampouco á activa participación que tivo a Federación de Asociacións de Familiares de Persoas con Enfermidade Mental de Galicia, e paréceme que é un erro, porque son deles unha parte importante das aportacións que se fixeron.

Polo tanto, invitáronse todos os colectivos, tamén o Movemento Galego de Saúde Mental, que estivo nalgunha reunión e despois non quixo continuar. E, desde logo, o documento final enviouse tamén a todos os participantes para que puideran facer propostas. Algúns fixeron máis que outros, pero foi un documento transparente e aberto. Desde logo, nós seguimos e queremos seguir mellorando todo o posible, porque creo que como todos, como a oposición, o noso é tratar de diminuír a taxa de suicidios en Galicia, polo tanto, deberíamos facelo.

Sempre dicimos: si, é bo que haxa, pero chegou tarde. Non imos agora falar de tempos. Eu creo que —como dicíamos— sempre temos que estar traballando. E isto fai referencia tamén ao Plan galego sobre saúde mental.

Eu creo que xa se explicou aquí. Desgraciadamente non houbo vontade política no Consello Interterritorial, hai un ano, para sacalo adiante, despois de tres anos de traballo. Ese non era un documento do Partido Popular, era un documento que fixeran todos os profesionais de Galicia e de todas as comunidades autónomas para facer algo coordinado, en conxunto. Cremos que iso é importante. Tamén cremos que se pode recoller de novo, volvelo facer e seguir adiante. Nós, desde logo, estamos traballando todo o axilmente que podemos para facer un bo plan galego de saúde mental e seguir traballando nel.

Cando eu dicía que creo que non leran o documento é porque me acaban de preguntar que imos facer en educación. Iso está na liña 1 do documento: a creación dunha comisión interdepartamental de coordinación, con representantes de diferentes sectores da sociedade implicados na prevención do suicidio, que promova, supervise e aprobe a implantación no sistema educativo dun protocolo de prevención e interpretación do risco suicida no ámbito educativo, o cal se integrará na Estratexia galega de convivencia escolar 2015-2020, baixo o seguimento do Consello para a convivencia escolar da comunidade autónoma de Galicia.

Tamén se falaba de que non había investigación, de que non se propoñía nada na investigación. Para nós a investigación é moi importante. Na liña 7 falamos de investigación e alerta epidemiolóxica sobre a conduta suicida, e dicimos que a investigación e alerta epidemiolóxica supoñen unha ferramenta importante na prevención do suicidio, xa que permiten a recollida de datos, análise e avaliación destes, axudando a tomar decisións baseadas na evidencia.

A medida máis relevante desta liña estratéxica é a de crear o Observatorio Galego do Suicidio, que será o organismo encargado da divulgación do coñecemento científico xerado nesta materia. Ademais servirá de soporte para a planificación de novas accións de investigación e actualización dos coñecementos e as capacidades dos profesionais. Como unha forma para impulsar e apoiar proxectos de investigación en Galicia sobre a conduta suicida, priorizarase a inclusión de liñas de investigación en suicidio nas convocatorias autonómicas. A adaptación do sistema electrónico e vixilancia epidemiolóxica para a mellora da tramitación estatística dos rexistros das condutas suicidas e a implementación de programas de investigación enfocados á elaboración de autopsias psicolóxicas.

Claro que cremos na investigación, pero tamén presentamos proxectos de innovación. Non hai moito, Fotoboy creo que tivo un éxito importantísimo porque traballou coa xente xove sobre a depresión no ámbito da adolescencia, ás veces moi difícil de chegar a diagnosticar. E a través da fotografía puidéronse diagnosticar casos que eran complicados, e incluso tamén a fotografía serve para a terapéutica disto. Este é un proxecto de innovación feito aquí, en Galicia, polos nosos profesionais.

¡Páreceme que tratar de botar abaixo un documento simplemente porque haxa diferenzas dentro dun colectivo tan amplo e tan importante...! Desde logo, nós queremos enriquecer os documentos. Escoitamos os profesionais de Ourense, pero tamén os da Coruña, os de Vigo e os de Lugo, exactamente igual, e todos deron as súas ideas para tratar de mellorar este documento. Creo que é importante.

Cando ao final a discusión se quere levar a iso, a un tema de que se é cartón-pedra, se son recortes, se é privatización... e deixar de lado o verdadeiramente importante, que —como digo— é diminuír a taxa de suicidio, creo que estamos perdendo un pouco o norte da importancia do noso cometido.

E tamén dicir que ás veces se utiliza, e utilizouse esta mañá, o debate sobre os suicidios. Parece que era un debate sobre o estado da Autonomía, analizáronse absolutamente todas as consellerías. Eu dicíao ao principio, claro que é un problema social, de toda a sociedade, pero non é para utilizalo simplemente como arma política de ataque.

Vemos que as tendencias hai que collelas con moitos anos de anticipación; non podemos facer tendencias de dous anos ou tres anos, senón de moitos máis. E, desde logo, recoñecendo a realidade que temos, ese problema, e o Goberno galego está poñendo todo, e seguirá poñéndoo, para facelo.

Temos uns presupostos proximamente, onde, evidentemente, imos incorporar melloras no ámbito da saúde mental, e poderémolo analizar e discutir nese momento. Pero hoxe estamos

para analizar un documento feito desde un amplo sector da sociedade galega —profesionais pero tamén familiares e pacientes da enfermidade—, e, desde logo, imos seguir traballando nel, na súa mellora —como digo—, cun único obxectivo, un obxectivo de mellora a todos os niveis. Por tanto, gustaríame que seguíssemos aportando por parte de todos os grupos as melloras precisas para —como digo— tratar un problema importante para todos nós.

Moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Rolda especial de aclaracións. (Pausa.)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Prado.

A señora PRADO CORES: Grazas, presidente.

Eu vou facer só unha pequena referencia empezando pola intervención do deputado do Partido Popular, que dixo aquí que hai que falar máis cos doentes, explicarlles os riscos... Aquí na tribuna hai representantes sindicais dos traballadores e traballadoras, que nos acompañan hoxe seguindo esta... Entón gustaríame que lles dixeran que van facer en materia laboral, se van aumentar as ratios, se van facer substitucións, cal é a situación laboral de determinados contratos, para que poidan ter ese tempo e esa dedicación para falar cos doentes. Porque queda moi ben poñerse aquí compunxido dicindo o que hai que facer, pero obras son amores, e non boas razóns.

A cuestión é: ¿que recursos? Eu pregunteille ao conselleiro polo cronograma, polos compromisos. ¿Cales son os compromisos, ademais de presentar aquí este documento? ¿A que se compromete con este documento? ¿Cales son os compromisos en cronograma? ¿Cando se vai empezar? ¿Que recursos? ¿Cales van ser os compromisos orzamentarios? Dentro de nada van entrar os orzamentos para o ano 2018 neste Parlamento, ¿vaise ver un compromiso orzamentario neses orzamentos de cara a que este plan sexa algo máis que un pintar como querer? Esas son as cuestións que queremos saber no BNG e que quere saber a sociedade galega, que ten dereito a que non se lle engane.

Tamén sacaron aquí moito peito dicindo que é unha preocupación de todos. Será unha preocupación, agora, ocupación poquita, ¡ocupación poquita!, porque tardaron en aceptar que había un problema. Votaron sistematicamente en contra neste Parlamento, está aí o Diario de sesións. Votaron en contra de tomar medidas para poñerlle solución, en contra de buscar medidas e abordar o tema.

Ningunearon continuamente os profesionais, que tiveron que saír á rúa a denunciar a situación para facer concienciación diante da sociedade de que había un problema. E, diante diso, vostedes veñen seis anos despois, como mínimo, dicir que están facendo algo. Co cal, eu vólvolle preguntar: ¿compromisos? Porque non hai compromiso orzamentario, non hai compromiso de prazo. E nós aquí non vemos vontade de tomar o suicidio coa seriedade que a gravidade da situación, dende logo, require.

Como non ía ser doutro xeito, veu un conselleiro do Partido Popular dicir que somos os campións, que somos os primeiros ou os segundos en traer un plan a aprobar. Bueno, a verdade é que case llelo poden pasar a calquera desas comunidades autónomas, porque, señor conselleiro, estudei o plan, téñoo aquí subliñado, marcado. Estudeimo por activa e por pasiva. E cando vostedes din que hai que dar unha resposta, por exemplo, coordinación interinstitucional, e din: «O plan propón a creación dunha comisión interdepartamental», como non a concreta en Galiza, como non di que departamentos, como non di que persoas, como non di que institucións, como non di cando van empezar, como non lle pon nome e apelidos, pódello pasar a calquera desas comunidades autónomas porque lles vale perfectamente. E podemos seguir, ao longo de todo o documento, a ver onde está a realidade de Galiza neste plan. ¡Non está! É un corta e pega de análises xa feitas con anterioridade.

Falan vostedes, por exemplo, de prevención e abordaxe da conduta suicida na liña estratéxica 3: asegurar unha resposta rápida e eficaz para a atención de doentes en risco de suicidio e saúde mental. E falan de concretar o tempo de derivación entre a atención primaria e a saúde mental. ¿Como o van facer en Galiza? ¿Como o van facer? ¿Van destinar recursos á atención primaria? ¿Van facer algo para que a atención primaria non sexa a gran damnificada dos seus recortes?

Non lles gusta a palabra recortes, non lles gusta a palabra privatización, pero ¿van cambiar? ¿Van seguir recortando? ¿Van seguir eliminando persoal? ¿Vai haber unhas ratios decentes? ¿Van poñer recursos para que isto que poñen aquí no papel en xeral, que pode valer para calquera lado, sexa unha realidade en Galiza?

Son preguntas moi concretas, señor conselleiro. Son preguntas moi concretas que se derivan da análise deste plan que vostede presenta aquí sen concreción, que é un pintar como querer. É un plan virtual que vale para unha cousa: para cubrir o expediente de parecer que están facendo algo. ¿É un paso máis que o que había ata agora? Si, ata agora nin sequera. Ata agora votaban en contra de facer algo, agora presentan un plan. Agora presentan un plan sen orzamentos, sen cronograma, sen planificación, sen avaliación... ¿Como se vai avaliar? ¿Cantas veces vai comparecer vostede neste Parlamento para dar conta de como se vai implementando este plan, señor conselleiro? ¿Cada seis meses?, ¿cada ano? Esas son as cousas que debería vostede hoxe aquí vir explicarnos, non vir lernos un plan que, efectivamente, teno colgado na páxina, tivemos acceso a el, imprimímolos, analizámolos e contrastámolos.

Entón, a min o que me gustaría é que nos dixera iso: cando, cando se vai empezar, con que recursos, quen, con que nomes e apelidos, que departamento. É tan complicado poñer nun plan...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...quen vai formar parte dese conglomerado interdepartamental?, ¿poñer quen?, ¿que dirección xeral?, ¿que subdireccións?, ¿que persoas? Iso significaría vontade de empezar e de tomalo en serio, non volcar aquí unha serie de xeneralidades.

Non me contestou a ningunha das preguntas que lle fixen. Non me contestou. Supoño que é que non ten respostas. Co cal, a conclusión é que non o van dotar de orzamentos, que non hai un cronograma...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

A señora PRADO CORES: ...e que non o van tomar en serio.

Dende logo, a situación de ser os que peores datos de suicidios temos no Estado español merecería un goberno que estivera á altura das circunstancias.

Moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, señor presidente.

Inauguramos un novo curso político, agora o voceiro do Partido Popular non lle fai oposición á oposición, faille oposición aos colectivos que están na tribuna.

¡É unha boa maneira de facer as cousas!

Lémbrolles aquilo da última sesión: non se fala de xente que non pode saír aquí a falar. ¡A coherencia argumental é un tema que xa temos abandonado! Pero está ben, así polo menos déixannos en paz un tempo, aínda que llo dean a outros que ben se defenden e ben traballan por isto, mellor que os que estamos aquí.

Basicamente dixéronse algunhas cousas nas que creo que é importante profundar.

Polo menos no debate plantexáronse algúns temas agradecidamente aos que trouxemos aquí algunha cuestión. Polo menos a algo contestaron. Eu creo que nas respostas había algunha imprecisión e vou pretender poñela en debate.

Falouse de que non se cita a palabra psiquiatra nin psiquiatría no texto, e que, polo tanto, é difícil falar de estigmatización. Bueno, dúas cousas. Primeiro, para estigmatizar non é necesario mencionar. Segundo, entre a palabra psiquiatra e psiquiatría cítanse 18 veces. Pero, bueno, para que ninguén saia aquí dicir que non se cita nunca a palabra... ¡18! A ver se así nos cortamos un pouco á hora de vir aquí contar mentiras, é importante.

Segundo. Eu non falei, curiosamente, e con intención de non entrar nun debate académico e profundo, de suicidio e crise. Pode buscalo, señor Núñez, que está abrindo o plan. En realidade cítanse máis, pero algunhas son para citar unicamente cargos de persoas, ¡18!, xa llo conto eu, pero co Ctrl+F no Adobe xa pode miralo.

Suicidio e crise económica. Eu non entrei nese debate porque creo que —como ben se dixo aquí— é un debate máis técnico, académico e de interpretación. Pero xa que se entra para facer unha crítica e ademais se nos di que non lemos o plan...Vostedes, na única páxina que lle dedican a isto, citan varios estudos que relacionan situación económica e suicidios. Fan unha piroeta argumental espectacular para dicir que non son datos concluíntes. ¿Que é mellor neste caso? Ir aos artigos publicados. E é ben fácil, Rivera, Casal e Currais, 2017 —está publicado internacionalmente, boa revista—, e cito literalmente: «*Fuertes implicaciones entre el decrecimiento económico y aumento de desempleo con la ratio de suicidios*». E cito literalmente novamente: «A crise económica sufrida por España nos anos recentes ten xogado un papel fundamental nas altas taxas de suicidio». E todo isto no abstracto. Se un profunda no artigo, ¡demoledor! E son artigos de investigadores galegos que vostedes citan, páxina 31. ¿Como poden negar aquí algo que citan vostedes no plan? A ver se vai ser que os que non lemos o plan non somos os voceiros da oposición, ¡a ver se vai ser! Porque vostedes se contradín no mesmo plan.

E si, nós consideramos —a verdade é que as explicacións non foron suficientes— que é un plan claramente de cartón-pedra. Non escoitamos explicacións sobre a nula partida orzamentaria. E creo que non fun suficientemente contundente na primeira ocasión: un plan estratéxico sen prazos nin partida orzamentaria é pura propaganda. ¿Pódese facer propaganda? Si, pero eu agardaría que as explicacións, señor conselleiro, coas que eu estaba de acordo, de que non hai que sensibilizar, hipersensibilizar ou facer sensacionalismo con este tema... Estou de acordo, e para non facer sensacionalismo o que hai que facer é non dar aquí discursos fáciles sen compromisos reais, porque iso é a política, facer compromisos que cambien os modelos de vida das persoas e a situación de vida das persoas. Iso é política.

Por certo, xa me sorprende que nos acusen de facer política. ¡Oh, milagre, é un Parlamento! ¡Claro que facemos política! ¡Claro que ten unha perspectiva política! ¡Claro que hai que falar de recortes! Con menos persoal, aténdese menos. Con menos infraestrutura, aténdese peor. Se non hai dotación orzamentaria nun plan, aplícase peor ou non se aplica. E iso claro que son recortes, e iso é política.

Señor conselleiro, vostede tamén fai política. Eu non sei se vostede se avergoña da política que fai, pero eu fago política honrosamente. Creo humildemente que temos o dereito a facer política, ¡faltaría máis! ¡Pero é que é un Parlamento! Claro, ¡a min que se me acuse de facer política...! ¡Home!, ata agora acusábanme de varias cousas, ¡pero de vir aquí facer política, é unha acusación...!

Claro que existen recortes no sistema sanitario e claro que iso afecta á capacidade de atender correctamente os cidadáns, entre eles a aqueles que están afectados por este grave problema. E se non poñemos medios, entre eles poñer recursos económicos para ter máis persoal, imos atendelos peor. Polo tanto, nós o que dicimos é que este plan chega tarde, pero, se aínda así non ten dotación orzamentaria, chega mal e non vale para nada, mais que para subir aquí e facer unha nota de prensa, e iso é o que a nós nos parece horrible, ¡terrible! E afórrome algúns adxectivos.

En definitiva, non só é de cartón-pedra, senón que a explicación o fai peor.

Si, xa sei que a investigación é moi bonito falala, pero nós plantexamos un grupo de traballo de investigación para coñecer realmente os datos, a etioloxía; para saber se realmente iso que vostedes poñen en discusión sobre as causas é certo ou non; para saber realmente que pasou non só con aqueles suicidios que houbo e que se analizan, senón con aquelas tentativas, que é moi importante saber sobre as tentativas e non sabemos. E, realmente, para non ter que falar de que se poden chegar a facer ben as autopsias psicolóxicas, senón de que se fan, realmente, correctamente.

Todo iso son propostas das que non lles escoitei tampouco moita...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TORRADO QUINTELA: ...—remato xa— moita idea.

E, por último, un plan que ten 6 parágrafos, en 58 páxinas —¡6 parágrafos!—, sobre a avaliación; sen ningunha concreción, sen ningún prazo, sen ningunha persoa, sen ningún determinante de quen vai facer a avaliación: como, baixo que criterios, cando, cales van ser as cuestións que se teñen que avaliar e cales son as consecuencias. Sen iso non hai avaliación; sen avaliación non hai política; sen política unicamente é propaganda. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

Grupo Parlamentario de En Marea, señora Solla.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Varias consideracións previas. Na primeira, practicamente non respostou a nada. Dáme a sensación de que o que non coñece moito o plan é vostede, quizais porque non o fixo a Consellería de Sanidade e si esa empresa privada.

Unha segunda consideración. A verdade é que me gustou a súa aclaración sobre o tema da empresa, aínda que non teña moito que ver co contido do plan, porque que a vostede lle pareza normal que o seu traballo, ¡o seu traballo! —vostede é conselleiro—, o faga unha empresa privada, é bastante chamativo e dá indicación do que vostedes entenden polas responsabilidades da Administración pública.

Outra consideración a teor tamén da intervención do voceiro do Partido Popular. Agora a causa de que non se fixese un plan todos estes anos é que o Goberno central non aprobaba un plan previo. ¡Oian! ¡Menos tomadura de pelo! Menos tomadura de pelo porque a sanidade está transferida. A ver se agora vostedes van defender tamén en sanidade a recentralización das competencias, porque parece que temos que esperar polo Goberno central para mover un ápice en competencias que son propias da Xunta de Galicia, sen prexuízo de que existan unhas indicacións posteriores. ¿Que pasa? ¿Que se o ministerio non fai nada, aquí non se aproba nada, non se move un dedo en facer ningún plan de prevención de absolutamente nada? En fin.

A vostedes non lles gusta falar da crise, non lles gusta falar dos recortes, porque, evidentemente, vostedes utilizan outro tipo de terminoloxía. Quizais sería máis axeitado que, en vez de recortes, falásemos de diminucións económicas en partidas orzamentarias; ao mellor vostede se sentía máis cómodo nese debate. Pero non o imos facer porque o problema é que falamos de problemas reais, de problemas da vida, e se vostedes non queren falar dos determinantes sociais, dos problemas socioeconómicos, e de como inflúen como factores etiolóxicos nun posible suicidio, falemos doutros axentes.

Vostedes falaron tamén do alcoholismo e das drogas. É chamativo que o inclúan no plan e, sen embargo, leven anos recortando dende o 2009. ¿Non quere falar de factores socioeconómicos? Falemos dos recortes na propia Consellería de Sanidade. ¡Claro, claro, temos un problema! Un 17 % menos nas partidas de prevención e promoción da saúde. ¿Canto tempo levamos denunciando aquí que algunhas asociacións tiveron que pechar, cando eran as que atendían as persoas e as que facían prevención, porque vostedes seguen sen asumir precisamente que é a Consellería de Sanidade quen ten que proporcionar esa prevención e esa promoción en materia de drogodependencias e de atención ao alcoholismo?

¡Claro, claro! ¡Falemos diso! Falemos de que recursos vai haber para eses medios e por que seguen os recortes ano tras ano, por que non se incrementan as partidas. Ou falemos, como xa o fixemos, como xa o fixen na anterior intervención, de atención primaria. Un 21 % menos de orzamento. ¿Con que medios se vai poder aplicar o plan? Sobre o papel, ¡eh!, non en termos reais. Fálolle dos termos nominais, do que hai no papel. ¡Home!, cando a situación do persoal é a que é en atención primaria, dende logo podíamos entender este plan non sei se como de cartón-pedra ou como unha cortina de fume, cando realmente non se vai poñer ningún medio máis —ou vostede, polo menos aquí, non respostou ao que lle preguntamos, imos ver nos orzamentos— para que se poidan aplicar estes e outros plans preventivos.

Vostede tamén podería atender ao incremento de ansiolíticos que din os profesionais da atención primaria que levan pautando nos últimos anos. Claro, pero isto ten que ver coas condicións socioeconómicas, pode ser ou non.

Pero ¿que sucede? Se vostedes non queren relacionar os recortes, se non queren relacionar a crise, que evidentemente é obvio que a situación socioeconómica dunha persoa afecta ao seu estado anímico, niso creo que estaremos de acordo —ou ao mellor tampouco, nunca se sabe aquí—, ¿por que vostedes non fomentan a investigación pero de verdade, non ese papel? ¿Por que vostedes non utilizan a modificación da Lei de saúde de Galicia 8/2008 para mellorar a situación da investigación e, sen embargo, retiran o Plan galego de investigación? ¿Por que vostedes facilitan o intrusionismo das empresas privadas e non hai un plan público de investigación en atención primaria, en atención especializada ou mesmo na Consellería de Políticas Sociais, porque moitos aspectos non dependen só da Consellería de Sanidade?

Vostede non quere falar doutra cousa, pero este é un problema transversal. Quéixase de que é un debate do estado da nación. Pois mire, aí dá vostede a medida do pouco que lle importa a prevención e a aplicación deses determinantes sociais, porque a saúde non se restrinxe só ao sistema sanitario, señor Almuíña. E con esas palabras que vostede trasladou aquí, con esa opinión, queda claro cal é o seu modelo: simplemente o modelo lonxe da prevención; o

modelo centrado na medicalización; o modelo centrado no hospitalcentrismo; e o modelo alonxado de que todas as consellerías teñen relación porque as condicións de vida das persoas condicionan, obviamente, a súa situación de saúde, tamén de saúde mental, tamén da situación anímica.

Está claro que hai moitos factores etiolóxicos, e non só os sociais e económicos, e, evidentemente, non só o consumo de drogas, pero por iso trasladabamos que se necesitaba unha implicación transversal. O único que hai no plan é creación de observatorios, de comisións e dunha serie de novos organismos que están sen definir, que non implican unha solución posterior, que non hai orzamento e, dende logo, entendemos...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: ...—e remato xa— que non ten vostede intención de mellorar a situación, dende logo, da saúde mental, da atención e da prevención, que ten que ser —xa digo— transversal.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Solla.

Grupo Parlamentario Popular, señor Núñez Centeno.

O señor NÚÑEZ CENTENO: Grazas, presidente.

Cando falou na primeira intervención a señora Prado da alta incidencia histórica en Galicia, eu creo que hai que facer un plan porque hai un problema, a incidencia histórica do suicidio en Galicia está recollida nun libro do profesor Quintanilla de Ferrol de hai trinta anos polo menos. É dicir, son unhas cifras especialmente altas. Se hai que facer un plan é porque hai un problema, non é por outra cousa.

Cando falaba agora de falar cos enfermos, falar cos enfermos non é, é falar do problema. É dicir, non hai que esconder, como se fixo durante moitos anos, ou intentar escapar de falar cos enfermos do problema do suicidio. É un tema de actuación, non é un tema doutro tipo.

O señor Torrado falou moito do modelo de Ourense, pero hai outros modelos. Hai un modelo en Ferrol, un sistema de actuación; hai outro en Coruña. Non sei que ten o modelo de Ourense que non teñan os demais. Efectivamente, é o modelo que se estudou, pero hai máis tamén.

E tamén manexou aquí un estudo sobre as relacións suicidio-crise. Eu penso que se fixera unha revisión chegaría á mesma conclusión que eu cheguei ou que chegan os expertos, que é que non hai un consenso, nin moito menos, nese tema, iso está descrito.

Eu acabo de revisar —e manexo o documento que está na web, non manexo outro documento— co buscador e aparece unha vez a palabra «psiquiátrica», cando di: o intento de suicidio é unha das principais causas de demanda de atención nos servizos de atención psi-

quiátrica. Eu non encontrei máis. De verdade que non sei que documento manexa. O que manexo eu é ese.

Falaba a señora Solla de que non se tomara ningunha medida contra o suicidio. O señor conselleiro relatou o que se fixo nas distintas EOXI en relación con iso.

E referente ao Plan de saúde mental, eu o único que dixen é que ten pouco sentido elaborar un plan galego cunha estratexia nacional en curso. Non quere dicir que non se poida facer, pero non ten moito sentido porque habería que axeitala.

Falar como se falou aquí de resolver o problema do suicidio a min paréceme tremendamente atrevido. Eu creo que temos que pelexar todos por diminuír a incidencia desta situación, que é bastante importante.

Señor conselleiro, escoitamos críticas, escoitamos eivas, é o que escoitamos aquí todos os días de pleno, ¿non? E nós cremos que hai unha sanidade pública galega da que os cidadáns están orgullosos e na que todos os profesionais, dende vostede ata o último que se contratou hoxe mesmo, temos a obriga de colaborar para que mellore día a día, actualizándose ás novas circunstancias demográficas, aos avances técnicos e á constante investigación de novas patoloxías e terapias, co traballo de todos. E tense que facer sempre de cara a favorecer as persoas. Desde logo, eu creo que, se se puidera facer caso de todas as cousas que se piden neste Parlamento, vostede ía ser o único conselleiro, non habería máis, porque creo que non habería máis orzamento posible que o da Consellería de Sanidade, o resto tería que desaparecer.

Nós pensamos que este plan é un plan ambicioso, que é un plan completo, que —como dicíamos— non é fácil de desenvolver, nin moito menos, en todos e cada un dos ámbitos, inclusive os non sanitarios, pero eu, coñecendo a dedicación e o esforzo de todos e cada un dos profesionais do Servizo Galego de Saúde, teño moi claro que os profesionais van colaborar —ou imos colaborar—, sen dúbida, para axudar a diminuír a incidencia do suicidio en Galicia.

E reitero o agradecemento a todos os profesionais que participaron na elaboración deste plan; a asociacións e sociedades que aportaron experiencias e coñecementos para facer realidade este completo documento. Parécenos importante a colaboración doutras consellerías, e, sobre todo, quero recalcar aquí a participación dos pacientes e as súas familias, a participación de Feafes. Eses pacientes que noutras ocasións son tan pouco considerados polos grupos da oposición, señor conselleiro, que se dedican máis ou se ocupan ou preocupan ás veces doutros colectivos máis que dos pacientes.

Paréceme especialmente importante a revisión deste plan tamén por expertos do resto do Estado. Foi revisado —xa o dixo vostede— polas sociedades de psiquiatría de Galicia, Universidade de Oviedo, Valencia, Servizo Andaluz de Saúde, Sociedades de enfermería e atención primaria.

Escoitando as verbas da señora Prado sobre o Plan de suicidio en Galicia, dá a sensación de que o Plan de suicidio galego non lle gusta moito ou que non lle parece ben, ou que incluso

ao mellor lle molesta que participe xente de fóra de Galicia. Nós, desde logo, desde o Partido Popular, aplaudimos esa colaboración.

Agradecemos o traballo de todos os que queiran aportar. O obxectivo do plan —ten razón vostede— ten que ser acadar unha diminución de cifras absolutas e corrixidas de suicidios. Iso soamente será posible establecendo mecanismos de coordinación que fagan posible a suma de esforzos de todos os organismos implicados traballando en conxunto na prevención, no manexo das intervencións e no acompañamento das persoas con intentos autolíticos e as do seu contorno.

Con este documento, señor conselleiro, dáse cumprimento ao compromiso que vostede fixo aquí en marzo deste mesmo ano. Esperamos o seu desenvolvemento cos medios materiais e de persoal necesarios para pelexar contra este grave problema de saúde que en Galicia, se o comparamos co resto das comunidades do Estado, sempre tivo unha importante incidencia.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Núñez Centeno.

Peche desta comparecencia, señor conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

Creo que hoxe é un día importante. A presentación aquí ante os parlamentarios deste Plan de prevención do suicidio en Galicia é importante. Marca un antes e un despois, algo solicitado pola sociedade, e sobre todo marca a implicación non só de profesionais senón, como dicíamos, de pacientes e familiares. Iso é moi importante.

Imos remarcar as sete liñas estratéxicas, as 37 medidas que imos pór en marcha:

A liña 1, de coordinación institucional ante a conduta suicida, dando especial consideración ao sistema educativo e aos servizos sociais.

Unha liña 2, de sensibilización, conciliación e diminución do estigma social asociado á conduta suicida, cunha guía de estilo que lle estaremos en condicións de presentar proximamente.

Unha liña 3, de prevención e abordaxe da conduta suicida, onde imos alcanzar fundamentalmente unha optimización da información e tamén un aspecto esencial, que é incidir na detección dos trastornos mentais, especialmente do trastorno depresivo maior e no abuso do alcohol.

Unha liña 4, de limitación do acceso a medios letais, vendo a diferente mortalidade que existe segundo o procedemento, por exemplo, entre intoxicacións e armas de fogo, e a limitación a todo o que poida ocasionar a morte do paciente. É moi importante con esa detección de puntos negros de suicidio e procurando impedir o acceso a eles.

Unha liña 5, de formación de profesionais en prevención e intervención da conduta suicida.

Unha liña 6, de posvención en superviventes.

Unha liña 7, de investigación e alerta epidemiolóxica sobre condutas suicidas, a través deste Observatorio Galego do Suicidio —que describiremos as persoas que van intervir nel posteriormente—. Temos que desenrolar todos os aspectos neste plan, pero, como digo, para nós é un día importante, un día onde Galicia se converte na segunda comunidade autónoma en dispoñer dun documento destas características, despois de Valencia, que presentou o seu plan o pasado mes de maio, hai escasamente catro meses. Hoxe, nada máis que 28 países contan cunha estratexia nacional de prevención do suicidio.

Desde a Consellería de Sanidade queremos salientar que as enfermidades mentais máis frecuentes son tratables e en moitos casos previsibles, polo que é importante asesorar a poboación acerca de signos que conleven que as persoas establezan un contacto cos servizos de saúde.

Señorías, a fortaleza deste documento está no consenso entre diferentes profesionais, entidades, sociedades, asociacións de pacientes, que conseguiron poñerse de acordo nun plan de prevención do suicidio que debe traspasar a liña da asistencia sanitaria e institucional, chegando ao plano social e comunitario. Tal e como nos din os expertos, sen participación da sociedade —nós, en conxunto— na prevención do suicidio ningún plan tería éxito. Neste aspecto, a Consellería de Sanidade está orgullosa de conseguir desenvolver un plan de prevención desde o punto de vista integrador, e ademais esforzándonos por ter o asesoramento de expertos en coñecemento do suicidio, que deron máis valor a este documento.

Señoría, levamos moito tempo traballando, e con este plan seguiremolo facendo, sempre co paciente como centro do sistema sanitario, escoitando os profesionais e desde o consenso de todos. O obxectivo final que queremos foi repetido ao longo desta mañá: a diminución da taxa de suicidios en Galicia, e para iso contamos con todos para poder enriquecer este documento e a planificación futura.

Moitísimas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Suspendemos a sesión ata as catro, ata as 16.00 horas.

Grazas.

Suspéndese a sesión ás dúas e trinta e cinco minutos da tarde e retómase ás catro e catro minutos da tarde.

O señor PRESIDENTE: Boa tarde.

Reanudamos a sesión co punto 4, que se corresponde co de mocións.

Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. David Rodríguez Estévez e D^a Paula Quintero Araújo, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co actual modelo de prevención e extinción de incendios forestais

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para formular a moción, ten a palabra o señor Rodríguez Estévez.

O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ: Grazas, presidente.

Boa tarde a todas e a todos.

As políticas pública levadas adiante no medio rural durante os últimos anos demostráronse insuficientes para a prevención e extinción de incendios, comezando primeiro polo abandono do rural, a falta de investimento en servizos públicos, a reforestación mediante especies alóctonas de ciclo curto —que hoxe supoñen máis do 50 % da nosa superficie forestal cando no ano 1987 apenas chegaba ao 3 %—, o abandono e a falta de coidados, así como unha política baseada na extinción e non na prevención.

Existe hoxe na Administración pública galega un discurso unicamente produtivista do monte que é negativo en termos sociais e en termos ambientais, pero tamén insuficiente e precario en termos económicos. Por iso cómpre mudar as nosas políticas de protección do territorio, prevención e extinción de lumes, avanzando cara a unha política de protección e conservación do monte galego como parte fundamental do noso ser social e económico.

Hoxe En Marea presentamos esta moción con 9 puntos que cremos que son esenciais para pórle fin á lacra dos incendios forestais no noso país. No punto número 1 pedimos acabar coa atomización do dispositivo de prevención e extinción de incendios e retomar o control da lacra dos lumes o dispositivo do Servizo Público de Defensa contra Incendios Forestais.

Facendo unha análise pormenorizada da evolución incendiaria e da eficacia do dispositivo galego de prevención e extinción de incendios forestais de Galiza, empregando para isto os datos do Ministerio de Medio Ambiente, chegamos á seguinte conclusión: a actividade incendiaria en Galiza é a máis alta de todo o territorio nacional, cuns datos medios de case 10.000 incendios ata o ano 2005 e cunha superficie media por incendio de 2,7 hectáreas; datos que demostran a altísima eficacia do dispositivo público, que ata esas datas era practicamente o 70 % de todo o dispositivo global.

A partir do ano 2005, e durante o sexenio seguinte, prodúcese unha diminución considerable da actividade incendiaria, reducíndose o número de lumes totais de case 10.000 lumes ao ano, a tan só 4.600 lumes ao ano de media. Pero, curiosamente, increméntase neste período a superficie queimada por lume, pasando de 2,7 hectáreas a 6,2 hectáreas.

A partir do ano 2011, e ata o ano 2015, redúcese a actividade incendiaria, pero, curiosamente, a superficie queimada oscila entre 4,7 hectáreas/lume e 5,2 hectáreas/lume, cuns datos me-

teorolóxicos bastante favorables, alonxándose de novo as taxas de eficacia da peor época incendiaria de Galicia.

Isto require unha análise profunda do asunto, do que percibimos catro causas principais.

En primeiro lugar, o peso do servizo público de extinción de incendios no dispositivo total, o cal, nos peores anos incendiarios de Galiza, rozaba o 82 % do total do dispositivo, ata actualidade, onde representa tan só o 40 %. Polo tanto, entendemos que partir desta maneira o dispositivo redonda nunha peor eficacia do mesmo, por iso como alternativa plantexamos o retorno total do dispositivo contra incendios forestais a mans da Xunta.

En segundo lugar, a evolución climática e o incremento de carga de combustible, que poden crear incendios potencialmente máis destrutivos, causando elevadísimas complicacións ao dispositivo de extinción.

En terceiro lugar, a diminución da capacidade de extinción dos medios aéreos debido a unha diminución paulatina da auga transportada, sendo moi claro nos helicópteros de tipo medio, os cales pasan de 1.500 litros aos actuais 1.200 litros, ou incluso menos, debido á limitación de carga, que se pode percibir visualmente, por causa do estrangulamento dos chamados bambis.

Durante o ano 2016, segundo datos oficiais do Ministerio de Medio Ambiente, atopamos algún dato positivo: como a importante redución do número de lumes; pero observamos dúas cousas curiosas: primeira, que a superficie total é de 21.000 hectáreas, isto supón unha superficie queimada por lume de case 9 hectáreas, que é o dato máis alto nos últimos 28 anos. Parécenos preocupante esta perda de eficacia do dispositivo.

Paralelamente, dos 22 grandes incendios forestais que se producen en España, 8 foron na Galiza, sendo o 7 % da superficie do Estado. Polo tanto, algo grave está a pasar no territorio do noso país cando unha tipoloxía de lume máis frecuente noutras partes do Estado español comézase a dar con moita frecuencia aquí.

Debemos mellorar a capacidade de extinción dos medios aéreos —como dicíamos—, apostando por medios con maior capacidade de auga. Curiosamente, no noso país carecemos de helicópteros pesados e eficaces, con alta estabilidade en condicións de moito vento, como poden ser os Kamov, e que poden descargar ata preto de 5.000 litros de auga.

Pedimos incrementar a vixilancia e disuasión a través de casetas de vixilancia, pechadas a día de hoxe, e volver introducir brigadas de vixilancia móbil no servizo, substituíndo a operación Centinela, que é un gasto importante e cremos que moi elevado para o traballo que fan. Coñecemos os datos dados polo Exército na súa exitosa campaña antiincendios na Galiza deste ano 2017, e detectaron preto de 150 lumes. Esta cifra conséguese nun só día cun risco elevado de incendios forestais e condicións meteorolóxicas adversas, nada novo.

O desmantelamento do servizo que está a levar a cabo o Partido Popular levou consigo á redución importante da capacidade de vixilancia, ao pechase máis do 50 % dos puntos de vi-

xilancia fixos, deixando moitas veces que sexa tan só o 085 o único elemento de información sobre lumes para o dispositivo.

Pedimos establecer unha mesa de análise para estudar a nova tipoloxía de lumes, moito máis perigosos e complexos, como son os lumes de cuarta e de quinta xeración e os lumes de tipo convectivo.

A loita contra os incendios debe partir dunha estratexia integrada, na que os propietarios, as administracións, etc., teñan ben claras as súas competencias, de forma que se permita a realización de adaptacións de xeito organizado e coordinado, conseguindo progresivamente que as accións preventivas teñan máis importancia dentro da planificación xeral de loita contra os incendios forestais.

Debemos crear protocolos precisos para a actuación nese tipo de lumes moito máis perigosos e destrutivos. Mesas de traballo e negociacións coa sociedade civil; mesas de traballo e negociacións coas maiorías sociais. Precisamos un modelo que perdure no tempo e que sexa froito do consenso entre axentes sociais, entre axentes empresariais e entre axentes políticos. Elaboración dunha política constante de información e de divulgación destes protocolos e dos plans de emerxencia entre a poboación, que contemple ademais comprobacións periódicas, formación, realización de exercicios e simulacros e revisión e actualización dos equipos e dos medios dispoñibles.

Debemos establecer reténs, 3 por provincia mínimo, xa que son moi operativos, tanto de día como de noite, para o control de lumes de alta velocidade de propagación. Con data de 18 de setembro, hai unha semana, publicouse no *Diario Oficial de Galicia* unha resolución do 6 de setembro da Secretaría Xeral Técnica da Consellería do Medio Rural, pola que se facía pública a formalización de 10 contratos mixtos de obras de prevención de incendios e un servizo de retén de maquinaria pesada para extinción de incendios forestais cofinanciados no PDR do ano 2014-2020 con fondos FIDER.

Está claro que a prevención constitúe unha das bases fundamentais na loita contra os incendios forestais. Defínese como un conxunto de accións encamiñadas a eliminar os riscos que poden ser orixe dos lumes e da súa propagación. O Plan de prevención da Dirección Xeral de Ordenación Forestal inclúe a regulación do uso do lume e as accións sociolóxicas e de educación ambiental, os sistemas de alerta preventiva, a silvicultura preventiva, creación e mellora de infraestruturas de defensa e accións de mellora de xestión forestal e das súas producións, para así redundar nun incremento do valor do monte.

O obxectivo do plan de prevención é levar a cabo accións tendentes a evitar que o lume se produza, e, en caso de producirse, minimizar os danos causados pola súa propagación. Para acadar estes obxectivos, o Plan de prevención estrutúrase segundo o Pladiga a través de accións dirixidas á poboación e de accións dirixidas ao territorio.

Exposto todo isto, ¿cal foi o motivo polo que estes contratos non se fixeron na primavera, antes da tempada de alto risco de incendios? ¿Que van facer os reténs de maquinaria pesada para a extinción de incendios forestais cando xa pasou o groso dos incendios forestais? ¿Non

cren que un investimento de prevención de preto de 1.800.000 euros sería moito máis eficaz se se realizara antes do comezo do verán?

Debemos aplicar formación específica para os bombeiros forestais da Galiza ante a multimerxencia das tipoloxías anteriormente especificadas. Dende o ano 2015, distintos sindicatos levan exixindo unha formación específica para as traballadoras e os traballadores do servizo público, xa que, ao longo de todo este tempo, o eido da cualificación e da formación dos seus traballadores nun servizo fundamental e prioritario para a poboación, e que no desempeño das súas funcións convive a cotío con situacións de alto risco.

A nova Lei de protección civil, concretamente no seu artigo 17, inclúe o Servizo de Prevención e Extinción de Incendios Forestais como servizos de intervención e asistencia en emerxencias de protección civil. Tamén a Unión Europea, a través das súas recomendacións, plantexa que todos e todas as traballadoras que non teñan unha cualificación específica deberán dispor dunha certificación profesional baseada na súa experiencia profesional e na súa formación específica. Esta certificación profesional deberían tela o antes posible.

¿Por que non pon a Xunta de Galicia os medios formativos dos que dispón para impartir unha formación seria e rigorosa que permita que os e as traballadoras do servizo público se formen axeitadamente nas súas lóxicas e legais unidades de competencia?

Necesitamos modificar o Decreto 37/2006, das listas de contratación, eliminando o guión para que as traballadoras e os traballadores de tres meses poidan optar a cubrir vacantes e non vacantes.

Respecto da posibilidade que ofrece a Administración, despois da modificación do Decreto 37/2006, de poder facer substitucións traballadores con xornadas inferiores á media xornada, é dicir os fixos-descontinuos con carácter interino, que tan só traballan tres meses ao ano, habería que sinalar que as opcións son moi peregrinas e moi complexas, posto que acceder a unha praza de nove ou de doce meses pasa necesariamente por renunciar á praza de tres meses definitiva, e logo estar á espera de que se convoque temporalmente a mencionada praza.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rodríguez Estévez.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Rivas.

O señor RIVAS CRUZ: Moitas grazas, señor presidente.

Boa tarde a todos e a todas.

Aínda concordando co espírito da moción, desde o BNG non a trataríamos así en conxunto, por ser un tema complexo que necesita de moito máis tempo de debate, e ademais porque é susceptible de parcelarse en temas con suficiente calado e complexidade como para seren

tratados por separado. Por iso, por mor do tempo, vou unicamente dar pinceladas diante dun tema de tan amplo espectro.

Desestacionalización dos lumes. Se o cambio climático é un feito, se cada vez é máis frecuente que teñamos períodos longos de seca cando non lles corresponde segundo os patróns climáticos aos que nos tiña afeitos este noso país, ¿non sería ben pensar en ampliar o servizo de protección —esa palabra rara, SPDIF— coa xente fixa descontinua, darlles a formación que a lei marca para as emerxencias e deixarse de farrapos de gaita?

Ordenación caótica dos montes. É dicir, ausencia de ordenación. Somos un país tan rico que podemos adicar terras e solos de primeira, mesmo solos agrarios de labradío con séculos de mimos e coidados, ao voraz predador. Isto cando no mundo hai xa países que meten cartos na compra de grandes extensións de terra para cultivo de futuro, prevendo a carestía alimentaria que se agarda no futuro. Nós aquí, seguindo as teorías que marca Ence.

Falamos, por tanto, da avidez da forestación con pirofitas de tipo eucalipto e outras ao xeito que marca a política forestal deste Goberno e deste partido ao longo da súa historia de goberno, que é longa, demasiado longa e pertinaz.

Neste sentido, denunciámos tamén aquí unha vez máis o intento continuado de privatizar a xestión dos montes veciñais en man común, cando non a municipalización dos mesmos. É o resultado dun acoso de hai xa anos, para ver se baixan a garda e se adican á explotación masiva de eucaliptos, segundo marcan as directrices outra vez do xa mentado Ence, de adxuntos ou adláteres.

Lumes de nova xeración e ausencia de protocolos de actuación e de formación. Non é o mesmo actuar diante dun lume, digamos, normal, cunha velocidade de expansión de 10 metros/minuto —habitual nos anos 1990— que dun lume cunha velocidade de 28 metros/minuto, como en Verín este verán. E xa non digo os 55 metros/minuto, como en Leiría, que se traducen en 3,5 quilómetros/hora. ¿Non serán xa horas, despois de tanto trapicheo e tanto negocio oculto, de sentarse os axentes implicados —técnicos e a xente sensata, que a hai— e falar de como facer diante destas novas modalidades cada vez máis frecuentes e perigosas?

A atomización do dispositivo de incendios. Todos os efectivos apagan desde diferentes chiringuitos sen teren unha homoxeneización imprescindible en formación, material, salarios e condicións laborais. Temos necesidade de ter un servizo único público, estable, capacitado, formado e entrenado, non soamente na extinción, senón nas emerxencias, practicando a prevención durante todo o ano. Faise, pois, necesario a volta a un dispositivo único e público de extinción e prevención, principalmente en medios humanos.

Estamos diante dun problema serio, moi serio. Visto o caos incendiario que se repite ano tras ano no veciño Portugal, o seu Goberno anunciou unha moratoria do eucalipto a principios de ano, así como a intención de ordenar o caos forestal que padecía e padece. A resposta non se fixo esperar. As mafias —permítanme a licenza— que operan nos lumes danan contundentemente en pouco tempo: Leiría, 95 lumes simultáneos o mesmo día, 64 mortos; pavor, pánico, ratoeiras, lume convectivo nunca visto nestas proporcións. Chámaselle

«rehén» ou «refén» a isto, outros chámanlle casualidade: Chile, Arxentina, Galicia 2006. E hai que dicilo alto porque isto é certo: hai unha mafia dos lumes que está detrás de todo isto. Non se atreve ninguén a dicilo e non hai probas, pero é certo. E isto confírmano todos aqueles que están metidos dunha maneira ou doutra no lume.

O problema está cando constatamos que en Verín este verán puido acontecer algo semellante ao de Leiría, ¡pouco lle faltou! Foi a valentía dun palista. (*Aplausos.*) ¡Foi a valentía dun palista! (*Aplausos.*) Si, señor, si. Nós aquí, en Galicia, temos masas de combustible arbóreas e de matogueira —ou ambas as dúas— que a punto están para facer calquera día que o inferno bíblico se materialice aquí tamén. ¿Alguén entende que un director de Incendios se enfrente a un lume contando cun mosaico de brigadas? E digo Eprif municipais, GES, privadas, Seaga, UME; cada unha co seu nivel ou desnivel de formación e material. E, aínda máis, contando cun coordinador de medios aéreos que non é público e si é parte da empresa que fornece estes medios. Isto ten un nome: caos e chiringuitos. Caos que está á espera dunha racha de menos sorte, e logo todo han ser desculpas e culpas dun tellado para outro.

Desde o BNG insistimos en que a cousa é moi seria. Cómpre sentar a dialogar moito e limpamente dos medios, das causas e das solucións, a curto e a longo prazo. Sabemos que vontade non teñen, pero desde o BNG seguiremos insistindo coma quen malla en ferro frío, porque este país é un polvorín.

O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor RIVAS CRUZ: Creo —e é certo— que hai incendiarios, pirómanos, mans negras que poñen lume, algúns ben coñecidos das brigadas e apadriñados no seu día por algún alcalde. Pero máis responsabilidade ten a administración que permite que exista combustible que facilite o lume e, sobre todo...,

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rivas.

O señor RIVAS CRUZ: ...que impida a súa neutralización rápida e eficiente, ¿ou non? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rivas.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Quiroga.

O señor QUIROGA DÍAZ: Boas tardes, deputados, deputadas, presidente.

Afortunadamente, as augas de agosto despexaron a ameaza dunha baga de lumes logo dunha tempada de gran seca que tiña por riba das nosas cabezas a incerteza da proliferación descontrolada dos lumes, e aínda hoxe non está de todo eliminada a teor dos incendios desta pasada fin de semana de Viana ou Pantón.

A realidade é que un ano antes ou despois podemos atoparnos cun serio problema de incendios, de aí que calquera iniciativa con senso común que faga propostas para mellorar a capacidade de resposta ante a ameaza do lume nos parece adecuada.

Esta moción que hoxe se presenta no Pleno está claramente encamiñada a mellorar o sistema de extinción, polo que a imos apoiar, aínda que é unha iniciativa, desde o noso punto de vista, susceptible de melloras.

Propónsenos, fálasenos, de acabar coa atomización do dispositivo, correcto. Iso supón mellora na coordinación, que é sempre positiva. De mellorar a capacidade de extinción, é necesario. De incrementar a vixilancia e disuasión, nunca sobra. De encarar novas tipoloxías de lume, importante. De protocolos precisos, de reténs estables, de *bulldozer*, parécenos adecuado. De formación específica, de subir de 3 a 9 meses a contratación para o persoal preparado, parécenos imprescindible. Son medidas concretas que a bo seguro han de contribuír ou contribuirán a facerlles fronte aos lumes en maior ou menor medida.

Hai que recordar que varias destas propostas xa viñeron ao Pleno e á Comisión en distintas iniciativas de diversos grupos. Por exemplo, a dos traballadores, de pasalos de 3 meses a 9 meses, porque é un persoal con formación, e desperdiciar a formación parécenos un perigoso exercicio. Ou mesmamente a última da anterior sesión, a do control dos incendiarios, que foi rexeitada, aínda que logo se prodigou polos medios de comunicación —por citar algunha delas—.

Pero aínda estando de acordo coa batería de medidas que aquí hoxe se nos presentan con algún matiz técnico, poderíamoslle engadir outras tantas e que non están na iniciativa, como axilizar as substitucións e cubrir as prazas de vacantes nas brigadas. No caso das substitucións, fanse tarde, mal e arrastro; as brigadas e motobombas poderían permanecer xuntas, buscando, ao mellor, unha maior efectividade; maior rapidez na saída das brigadas aéreas, que nos parece obvio; reconversión das brigadas municipais por persoal con maior formación, que é un tema no cal hai que profundar e non deixalo ao pairo; máis incentivos para a limpeza da broza, que é de senso común; implicación da Xunta na limpeza dos perímetros de lugares e aldeas, que se vai facer necesario —como xa se dixo aquí nesta sé—; maior axilidade na resolución das axudas para a limpeza dos montes veciñais, porque non hai dereito á tardanza en comunicar o inicio de obra, como pasou este ano, que no mes de xuño, xa cando se prohibe empezar a desbrozar a partir de certa hora, chegan as autorizacións. Isto non é operativo, isto non é un indicador de boa xestión.

E como estas poderíamos citar un longo etcétera. Aínda que todas estas medidas forman parte dun paquete que ten unha repercusión positiva, non debemos esquecer que o lume é un eslabón do Plan forestal.

En consecuencia, queremos facer unha chamada de atención á necesidade de sacar adiante o novo Plan forestal como peza clave da loita contra o lume; non poden estar dissociados, van intimamente ligados; un plan forestal que vimos reclamando que se poña á disposición de todos os axentes socioeconómicos implicados para poñer en marcha solucións que ordenen as especies e usos do chan forestal como ferramenta mestra a partir da cal se deseñen políticas contra o lume nun tempo de fortes cambios demográficos, sociais, económicos e medioambientais baixo o panorama do cambio climático.

É fundamental a profundización nas políticas de prevención, como a limpeza de montes e perímetros habitados. E aí necesítase máis implicación da Xunta, xa se dixo aquí en máis

ocasións. Non se pode mirar para outro lado e cargarlles aos concellos toda esta responsabilidade. É necesario acoutar o monocultivo das especies pirófitas e entremezclarlles bandas de frondosas e terreos de cultivo ou praderías, definir as especies e espazos onde ubicalas, ademais de como potencialas e acompasalas coa industria de segunda e terceira transformación. Para nós estes son parte dos eixos que teñen a prioridade da loita contra o lume.

Hoxe, neste caso concreto, imos apoiar esta batería de medidas parciais que van no bo sentido, aínda que non afondan no fundamental.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Quiroga.

Grupo Parlamentario Popular, señor Balseiros.

O señor BALSEIROS GUINARTE: Moitas grazas, señor presidente.

Señoras e señores deputados, moi boa tarde a todos.

Noutra iniciativa presentada hai un tempo nesta Cámara o que mallaba no ferro frío era o señor Quiroga; nesta ocasión é o señor Rivas Cruz. Dígolles o mesmo que lles dixen naquela ocasión: teñan coidado, porque como vostedes sempre se poñen de acordo en todo, independentemente da iniciativa que traian aquí —o caso é establecer ese cordón sanitario contra o Partido Popular—, teñan coidado porque non hai peor cuña que a da propia madeira. (*Aplausos.*)

Estamos preocupados no Grupo Popular polo tema dos incendios, aínda que, escoitando as propostas dos grupos da oposición, podemos estar xa máis tranquilos. Vostedes teñen esa fórmula máxica para arranxar todo, ¡lástima que non a utilicen cando gobernan ou onde están gobernando! (*Murmurios.*)

En realidade, señorías, o seu único fin é confundir, crear alarma, desestabilizar e procurar o desgaste do Goberno do PP. Pero como a realidade é tozuda e o que é medible non é opinable, nós, o noso grupo, imos facer uso dos datos oficiais, do rigor, da veracidade; en definitiva, dos argumentos obxectivos, que son públicos e contrastables, e sobre todo medibles.

Pero permítanme que antes de contrastar os datos e posto que, ao contrario que vostedes, o noso fin é traballar polo interese xeral e polo ben común, en materia de incendios, a pesar de que os datos dos últimos anos son tozudamente favorables e validan, polo tanto, as políticas da Xunta, nós non imos presumir, nin descansar, nin desprezar a ninguén, tampouco a vostedes. Non, señorías, nós no que se refire á prevención e loita contra os incendios, non imos escupir contra o aire, non, nin presumir ou morrer de éxito, aínda que os resultados e os datos acadados este ano e nos últimos de xeito global nos permitan ser moderadamente optimistas.

E falando de datos, din vostedes que hai moitos lumes máis perigosos e máis complexos. A realidade dos datos é diametralmente oposta. A principios dos 90 —como xa dixeron vos—

tedes — o número de incendios andaba arredor dos 15.000. A partir de aí calquera período de anos posterior que collamos amosa claramente unha decidida tendencia á baixa. Así, desde o ano 1995 ata o 2005 o número de incendios aínda superaba os 10.000, pero continuando cunha clara tendencia baixista. Logo, con algún pico ou dente de serra, o descenso foi drástico, estando nos últimos anos en cifras de entre os 1.232 no ano 2014 ou os 2.822 do ano 2015. Pero, é certo —hai que admitilo— que este ano 2017 houbo algún incendio máis que no ano 2016 —o típico dente de serra—. Si, señorías, hai que recoñecelo, hai que dicir a verdade, cando é bo e cando é malo. Iso si, este ano houbo case 500 incendios máis que o ano 2016; pero co mesmo rigor, coa mesma veracidade, hai que aclarar que a superficie afectada foi de case 9.500 hectáreas menos; é dicir, un 46 % menos ardido que o ano anterior, o que demostra a alta eficacia dos equipos de extinción.

Tamén critican o operativo da Xunta. Pois ben, os datos que lles acabo de relatar falan por si sós. Estes datos indican claramente que o operativo coordinado pola Xunta de Galicia é altamente eficaz. ¿Sabían vostedes que de todos os lumes que se producen o 80 % deles quedan en simples conatos; é dicir, non sobrepasan 1 hectárea de superficie queimada? Supoño eu que entenderán que iso se debe á extraordinaria coordinación, á axilidade dos medios de extinción e á inmediatez na súa actuación.

Señorías, ¿sabían vostedes que no único grande incendio deste verán, o de Verín, o dispositivo de extinción estaba actuando oito minutos despois de dar a alerta?

Cabe engadir aquí que, aínda que os incendiarios intentan colapsar o dispositivo de loita contra incendios mediante a proliferación de multifocos, actuando en horarios nocturnos para que os medios aéreos non poidan actuar, e dificultar os terrestres, o operativo continúa respondendo con grande eficacia, cun tempo de reacción de entre dezaseis e vinte minutos.

Agora vostedes afirman que hai unha desestacionalización dos incendios e que hai lumes de cuarta, quinta e non sei cantas xeracións. Créanme, señorías, non existe ningunha desestacionalización dos incendios, o que hai é un reforzo da actividade incendiaria cando as condicións climatolóxicas son favorables á propagación dos incendios.

Os que somos do rural como vostede, señor Cruz, sabemos que xa de rapaces ou mozos polo inverno ardían os montes. ¿Ou non se acordan do *veranillo* de San Miguel a finais de setembro ou do *veranillo de San Martín* a mediados de novembro? ¿E que pasaba cando xeaba polas noites e daba o sol con vento seco do nordés polo día? ¿Acórdase do refrán? En xaneiro ou febreiro ou enfría o poleiro ou arde o palleiro. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Aplausos.*)

Desgraciadamente, os que queren atentar contra o monte, contra o medio ambiente, contra a riqueza forestal e paisaxística, ou simplemente por vinganza ou egoísmo, fano en calquera ocasión que se lles presente, independentemente do mes ou da estación que sexa.

Por certo, en canto aos incendios de cuarta ou quinta xeración, miren, o que hai son incendios por descoidos, incendios por negligencias, incendios por causas naturais, incendios por causas sen determinar, e, sobre todo, hai incendios intencionados. Máis do 80 % dos incen-

dios forestais que se producen en Galicia son intencionados. Pois é certo, como é certa a concentración de lumes. Señorías, tristemente 40 concellos...

O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor BALSEIROS GUINARTE: ...suman a metade das hectáreas queimadas en Galicia, e 8 parroquias galegas acumulan máis de 600 incendios forestais en Galicia. Creo que son datos claramente significativos, pero vistos os aquí expostos por vostedes, señorías da oposición, realmente non sei de que incendios estaban falando. Se cadra estaban falando dos que se teñen producido en Andalucía ou no Levante ou máis recentemente en Canarias. Se cadra estaban a falar dos incendios...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor BALSEIROS GUINARTE: ...do veciño país de Portugal ou dos de California, dos Ánxeles ou de Australia. Pero a pesar dos datos, como lles dicía ao principio, nós non queremos presumir de nada nin ser prepotentes nin levantar a garda, nin estamos satisfeitos. Non mentres siga habendo un incendio, non mentres siga ardendo unha hectárea.

O señor PRESIDENTE: Grazas, grazas, señor Balseiros.

O señor BALSEIROS GUINARTE: Por último —e remato xa, señor presidente—...

O señor PRESIDENTE: Remate, si, por favor.

O señor BALSEIROS GUINARTE: ...queremos facer un chamamento a toda a sociedade galega para involucrarse na loita contra os lumes forestais, para concienciar a sociedade previndo, avisando, denunciando e colaborando.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor BALSEIROS GUINARTE: Chamamento que facemos extensivo tamén a vostedes. Agardamos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo autor da moción, señor Rodríguez Estévez.

O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ: Grazas, presidente.

Dentro de tres días, 436 traballadores con contrato de tres meses van quedar na calle outro ano máis, mermando considerablemente os efectivos para a prevención e a extinción de incendios forestais. Deste xeito, a Consellería desaproveita un capital humano importantísimo que podería estar empregando nas necesarias tarefas de prevención e protección das masas

forestais, á parte da extinción, segundo o momento e diversificación das súas funcións pola súa contrastada experiencia, formación e eficacia.

Medio Rural sostén que o dispositivo está dimensionado ás necesidades, cando o persoal laboral terrestre que está activo neste momento ascende a 1.500 traballadores, dos cales son persoal de campo 1.177 entre brigadistas e condutores de motobomba, o resto, 315, persoal de vixilancia, e 80 persoas nas bases aéreas.

En canto a brigadas, señor Balseiros, están compostas historicamente por 7 bombeiros forestais, pero na práctica, debido ás vacantes que vostedes non cobren desde a Consellería, non cobren as baixas, non cobren os permisos, non cobren o sistema de libranzas, é frecuente atoparnos con brigadas de 2 ou 3 bombeiros e bombeiras, coa conseguinte perda de eficacia que supón e o risco de accidentes laborais para esa brigada. Todo isto provoca que se concentre unha gran carga de traballo e que o persoal se pase de horas na súa xornada laboral, incidindo na propia seguridade das e dos traballadores.

Este estado de cousas pon de manifesto a cuestionable xestión que se fai do servizo de incendios, caendo na improvisación, o que deriva en que os lumes se propaguen con máis facilidade e se incremente o tempo e o gasto de extinción.

Asemade pode deducirse a falta de previsión e planificación da Consellería á hora de levar a cabo unhas axeitadas políticas de prevención e extinción de incendios forestais, porque non só descoida as básicas tarefas de prevención, senón que a súa clara actitude de primar só a extinción non a executa nin con dilixencia nin con eficacia.

Resulta obvio que o momento dos incendios forestais require novas estratexias de prevención. Os lumes de cuarta e de quinta xeración si que existen, non o dicimos dende En Marea, dino dende as universidades, que avalan os estudos de expertos na materia con modelos empíricos que serven para desenrolar un sistema de predición estacional.

Os incendios que arrasaron cada ano o noso país aliméntanse non só do oxíxeno e da madeira, senón tamén de corrupción, dicía o señor Rivas. Parece complicado relacionar mortes, feridos e feridas e hectáreas queimadas cunha serie de reunións informais que se convocan cada ano, dende o 2001, por varios grupos de empresarios españois no Hotel El Cruce en Manzanares, Ciudad Real. En realidade parece complicado relacionar as mortes e a superficie calcinada por incendios con outra cousa que non sexa a ineptitude política, os intereses das empresas locais ou pequenos propietarios de terras, a plantación descontrolada de eucalipto e os pirómanos.

Esta é a conclusión á que se chega se se estudan as investigacións por corrupción na adxudicación de contratos públicos de extinción de incendios realizados en Valencia, Andalucía, Baleares, Extremadura, Castela-León, Castela-A Mancha,...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ: ...Galiza, Canarias ou Aragón.

En Portugal comeza a haber denuncias de casos similares, incluso cos mesmos protagonistas que aquí no noso país, interpostas por particulares, traballadores de empresas públicas e privadas antiincendios, pero en todas existe un denominador común, que todas levan a marca España e a corrupción do Partido Popular.

No 2001 comezaron unha serie de reunións periódicas entre os administradores de varias empresas españolas de extinción de incendios. Estas empresas forman o que a Policía xudicial denomina o grupo 6. E si, hai algún cargo da Consellería...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ: ... da nosa Consellería do Medio Rural, da que logo teremos noticias.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Debatemos agora, de xeito acumulado, as seguintes mocións.

Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Eva Solla Fernández, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co Anteproxecto de lei de modificación da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa reforma da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia

O señor PRESIDENTE: Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada Montserrat Prado Cores, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda á moción do G. P. de En Marea. (doc. núm. 16632)

Emenda de adición.

Proponse engadir os seguintes puntos:

«1.- Mantemento das áreas sanitarias establecidas na Lei de Saúde de Galiza 8/2008 e crear as Áreas de Verín, Barbanza e Cee, para favorecer o coñecemento dos problemas de saúde da súa zona e, ao mesmo tempo, a eficacia e a continuidade da atención, co lóxico beneficio para @s usuari@s.

- Desenvolver xerencias de área sanitaria próximas, con funcións de identificación de necesidades de saúde, planificación e xestión asistencial, de saúde pública e saúde laboral e socio-sanitaria.

- *Posta en valor dos Hospitais Comarcais, descentralizar as tomas de decisión, respectar as competencias e a autonomía das áreas sanitarias comarcais.*

- *Dotar aos centros comarcais do persoal, material e tecnoloxía necesarios para unha atención adecuada ás persoas do seu ámbito de actuación.*

- *Recuperación das xerencias nos Hospitais Comarcais.*

2.- *Poñer en marcha un plan de Mellora de Atención Primaria, como porta de entrada ao sistema sanitario, é un elemento chave para o sistema sanitario público galego.*

- *Dotala cos recursos económicos, técnicos e humanos que sexan precisos para prestar un bo servizo e unha boa calidade asistencial.*

- *Devolverlle a súa capacidade organizativa e de xestión e a recuperación de xerencias directas.*

3.- *Mantemento tanto do Consello Galego de Saúde de Galiza como dos Consellos de Saúde de Área correspondentes ás áreas sanitarias establecidas na Lei 8/2008, do 10 de xullo, de Saúde de Galiza, coa composición e competencias que se contemplaba na mesma.*

- *Constitución e convocatoria inmediata dos mesmos.»)*

O señor PRESIDENTE: Para formular a moción, ten a palabra a señora Solla.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Pois unha vez máis vimos debater sobre a modificación da Lei 8/2008, de saúde de Galicia, e de seguro non será a última. E non só pola interpelación presentada —obviamente hoxe tocaba vir debater esta moción—, senón porque é indignante que a Xunta —e non porque o pidamos os grupos da oposición— non retire este anteproxecto e continúe insistindo en introduci-lo de forma unilateral a pesar das mobilizacións que esta mesma semana se van dar. Hai unha mobilización o venres no Salnés, hai outra mobilización o sábado en Monforte, e, dende logo, o que non está facendo a Xunta de Galicia é escoitar aquelas e aqueles que lle piden diálogo.

Dixémolo no anterior pleno, o Goberno intentou «colar» en pleno verán unha reforma profunda, ao noso entender, do sistema sanitario de xeito unilateral, publicando o anteproxecto —como xa trasladamos— o mesmo día que se sentaba coas centrais sindicais. Non antes, como se trasladou aquí, senón o mesmo día.

Non hai, polo tanto, diálogo, e é a súa forma habitual de actuación. Fan a súa lei, a súa proposta, pública, e logo, se tal, veremos se hai engádegas ou se se acepta algún comentario por parte xa non dicimos das forzas da oposición, senón por parte dos axentes sociais. Logo, non antes.

Unha norma que abre a porta á empresa privada, que é bastante opaca, que elimina a participación cidadá e que suprime —que se carga, dito coloquialmente— as áreas sanitarias, e mesmo que incumpre os principios que deron en florecer a Lei xeral de sanidade. Monforte,

O Barco, A Mariña e O Salnés desaparecen, así, dun plumazo; quedamos sen áreas sanitarias. Primeiro eliminaron ou se cargaron as xerencias de atención primaria, logo as xerencias destas áreas dos hospitais, e agora veñen tamén suprimir as áreas sanitarias enteiras. Obviamente, segundo o presidente, acorde coa situación que hai. Despois de eliminar as xerencias, había que harmonizar e cargarse —eliminar tamén— as áreas sanitarias.

E ¿por que é grave? ¿Para que serve unha área sanitaria e a que lle afecta á cidadanía que está nas súas casas?

As áreas de saúde son demarcacións territoriais destinadas a garantir a atención integral da saúde. Son estruturas básicas para coordinar a atención primaria, a atención especializada, o sociosanitario; para facilitar que a xente de cada área poida acceder da maneira mellor, máis precisa e máis rápida a todos os servizos, e coordinar os recursos; para que funcione mellor, para que se poida responder dunha maneira correcta en tempo e forma ás necesidades de saúde das persoas que viven nese territorio.

Pero o PP elimina catro áreas: Monforte, O Barco, O Salnés e A Mariña. E, de acordo coa Lei xeral de sanidade e coa Lei de saúde de Galicia, despois deberían delimitarse tendo en conta os factores xeográficos, socioeconómicos, culturais e incluso mesmo as dotacións de vías e medios de comunicación que existen nestes territorios. Por iso as áreas de sanidade, como elemento de xestión e de planificación, son importantes á hora de proporcionar servizos relacionados coas condicións de vida das persoas en cada territorio.

Polo tanto, así se cargan a capacidade de planificar as necesidades de saúde destas veciñas e veciños, que son específicas e diferentes ás das outras áreas sanitarias. Eliminar as áreas significa, polo tanto, perder servizos en saúde para a cidadanía. E a atención primaria queda desprovista dunha estrutura administrativa que lle permita ter unha negociación e que a equilibre coa atención especializada, quedando relegada a un papel subsidiario. É dicir, isto xa o iniciaron eliminando as xerencias de atención primaria, e agora aínda o fan máis grave no caso da atención primaria das áreas que agora se suprimen.

Leva a dereita desmantelando a atención primaria dende que tivo ocasión. A xente debe saber que eliminar esa área sanitaria significa que vai ter peor atención primaria. E aínda máis, queda relegada, queda excluída, dos órganos de xestión, dos órganos técnicos, con cada vez menos persoal, e o que estamos vendo agora, a ausencia de reposición do persoal, que asumiu precisamente —comentábamolo pola mañá— nunha deterioración forzosa.

A xente de Monforte, da Mariña, do Salnés e do Barco debe saber que a atención primaria das súas áreas vai funcionar aínda peor do que o está a facer agora. E trasladamos aínda peor porque xa agora o persoal de atención primaria —médicos e médicas e o resto do persoal— se atopa nunha situación, nalgúns casos, a verdade que bastante desesperante, sen posibilidade de que o substitúan cando solicita un permiso ou cando está de baixa, e atendendo ás persoas que o Goberno decide non enviar aos especialistas. Esas teleconsultas, ese eufemismo que puxeron en marcha, está implicando, ademais, que toda a responsabilidade vaia á atención primaria e que se evite que as persoas poidan acudir en moitos casos a consultas presenciais. E iso é quitar servizos, polo menos ao entender deste grupo parlamentario.

Porque, claro, ¿que sucede? Sucede que como había protestas e como a oposición estaba trasladando que se ían reducir servizos, o conselleiro de Sanidade ofreceulles aos alcaldes e alcaldesas na Fegamp que ían modificar o anteproxecto para que figurase que non ían retirar servizos. Claro, ninguén vai afirmar nin poñer nunha lei que van retirar o servizo de cardioloxía, o servizo de radioloxía ou calquera outro servizo. O que sucede non é iso, o que sucede é que non hai efectivos sanitarios para poñer en marcha, en condicións axeitadas, eses servizos, e redúcese, polo tanto, a capacidade de asistencia e o servizo que as persoas teñen nas áreas. Iso é o que sucede nos hospitais comarcais, primeiro, dende que se suprimiron as xerencias; agora sucederá tamén coa supresión das áreas. E o que sucede tamén en atención primaria: a redución da capacidade resolutiva e de proporción de servizos asistenciais cando cada vez hai menos efectivos.

Non fai falta que poñan por escrito que van suprimir un servizo, é evidente que isto se fai na praxe coa falta de medios humanos e materiais. É a realidade, e vémosto nos propios hospitais comarcais, en todos aqueles onde se suprimiron as xerencias. Todos teñen, por poñer un exemplo, algo que é común: carencia de celadoras e celadores, que é certo que vén de antes, de cando os hospitais eran nalgún caso fundacións, antes nin sequera de que pasaran ao Servizo Galego de Saúde. Pero esta situación mantense. De feito, os celadores e celadoras do Salnés veñen de estar mobilizados durante bastante tempo protestando polas súas condicións de traballo; no Barco sucede tres cuartos do mesmo; en Monforte —discutímolo o outro día—, 1 enfermeira/enfermeiro para 28 pacientes nas quendas de noite, só 2 celadores ou celadoras para atender todos os cambios posturais nas quendas de noite en todo o hospital. Obviamente, isto é insuficiente, non hai persoal suficiente no hospital de día, non hai persoal suficiente en radioloxía ou incluso para atender. Sucede tamén no hospital da Mariña, onde en todas esas consultas de oncoloxía hai atrasos tanto nas probas como no propio servizo. Sucedía tamén —e discutímolo o outro día— en Monforte, que tampouco hai dixestivos suficientes. Polo tanto, claro que se van afectar os servizos, e non é necesario que apareza por escrito.

Os señores do Goberno e as señoras do Goberno, evidentemente, tampouco están moi preocupados pola participación —tamén o discutimos o outro día—. E ¿en que afecta? Pois, evidentemente, hai un proceso de recentralización dos propios servizos e de eliminación ou —digamos— de limitación da participación comunitaria; descentralizamos a xestión e a planificación da participación da comunidade.

Aquí se recorta esa participación no Consello Galego de Saúde. Xa o discutimos no anterior pleno. Ninguén escoita xa os profesionais, pero parece ser que ninguén quere escoitar tampouco a cidadanía no que ten que dicir ou na posibilidade de participar do deseño das políticas de sanidade.

E hai outro aspecto importante —isto xa o discutimos o outro día— que, sen embargo, non se tocou; comentouno o señor conselleiro, pero non nos fixemos eco desa circunstancia: a modificación do que se considera autoridade sanitaria. Segundo a norma que propón o Partido Popular, todos os seus directivos, os seus xerentes, van ter capacidade sancionadora; non só van poder preparar un expediente, un informe, senón que a autoridade sanitaria comporta esa serie de dereitos, tamén a capacidade sancionadora. E eu pregunto para que o van utilizar.

E, ademais, esta modificación serve —como xa trasladamos no pasado pleno— para darlle tamén esa puntilla á investigación. Xa o comentamos. Elimina o Plan galego de investigación e introdúcese un modelo opaco de funcionamento que queda, como a meirande parte da norma, a expensas dunha regulación posterior.

Este é o espírito do anteproxecto: opacidade de regulación e eliminación de dereitos sanitarios. Obviamente —e remato xa—, o que solicitamos é, en primeiro lugar, que se retire este proxecto de lei, porque, se queren modificar a Lei 8/2008, teñen que facelo pola vía do diálogo e non da imposición. Pedimos, obviamente, que se reverta esa supresión das xerencias de atención primaria e tamén dos hospitais comarcais e, evidentemente, que se devolvan os dereitos laborais aos profesionais para que poidan comezar a traballar en condicións de dignidade.

Máis nada polo de agora. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Solla.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, señor presidente.

Boa tarde.

De inicio, a nosa posición é meridianamente clara. Queremos que se retire o Anteproxecto de lei de reforma da Lei de saúde, 8/2008. Querémolo —xa o expuxemos aquí o outro día— porque é absolutamente inxusto, absolutamente desmantelador e ademais é impropio do sistema sanitario que temos. ¿Por que? Pois por varias cuestións que imos expoñer, pero, fundamentalmente, porque os cidadáns perciben que a tendencia deste goberno é quitarlle servizos sanitarios, e —a verdade— é difícil non darlles a razón.

Hai un problema co sistema sanitario. Non son os profesionais, non son os pacientes, o problema son os xestores do servizo. Hai unha decidida intención de retirar servizos do sistema sanitario. Hai motivos claros para solicitar a retirada, hai motivos de forma e motivos de fondo.

Motivos de forma. Cando un ten a consciencias tranquila sobre as propostas que vai facer, non as fai o 2 de agosto, deixando quince días. Debe ser o único goberno do mundo que cre que en Galicia do 2 ao 17 de agosto é a mellor maneira de promocionar a participación cidadá. O 2 de agosto non se fai unha proposta deste calado, a lei sanitaria máis importante de Galicia non se reforma o 2 de agosto. A pesar diso, houbo máis de mil quiñentas alegacións —histórico, porque nunca houbo tantas—. A graza que tivo o Goberno galego foi prolongar ata o 31 de agosto o período. Fanse as cousas ás agachadas e, polo tanto, cando se fan as agachadas, dá a sensación de que alguén quere ocultar algo.

Este é un proxecto que nunca se anunciou. É un proxecto que non falou del o presidente cando fixo o discurso de investidura. Nunca falou o conselleiro aquí cando fixo diversas com-

parencias ou falou das necesidades do sistema segundo o seu punto de vista. Nunca se anunciou en prensa, nunca se lle consultou a ningún colectivo, nunca se expuxo a súa necesidade, nunca, e chegou o 2 de agosto e apareceu publicado. Iso si, tiveron a vontade, por obra e graza, de anunciálo ao redor de tres ou catro minutos antes nunha mesa de negociación aos sindicatos; esa foi a súa concesión.

Señores do Partido Popular, o diálogo non é unha solución de urxencia, é unha actitude. Agora vemos o conselleiro e moitos representantes do Partido Popular visitar as zonas máis afectadas, as zonas máis preocupadas, pretendendo chamar á calma, agora, a finais de setembro, máis de mes e medio despois, agora, cando xa hai mobilizacións, cando houbo protestas. Pero no momento en que se publicitou este anteproxecto ninguén colleu o teléfono, ninguén deu ningunha explicación. Agora, cando aparece unha certa presión, entón é cando imos aos sitios, facer unha publicidade barata do que supón o anteproxecto.

O diálogo non é unha solución a posteriori, é unha actitude. Pero, claro, na última interpe-lación que fixemos aquí no anterior pleno o conselleiro díxonos que os grupos políticos tiñamos o período de alegacións para facelo; debe ser que no Parlamento hoxe á mañá soubemos que o problema é isto de vir facer política aquí. Pero soubemos que as alegacións tiñamos que facelas desde o Portal de Transparencia da Xunta.

Teñen vostedes demasiado atrofiado o sentido do diálogo, hai que ser conscientes un pouco do que é o seu sentido do diálogo, non unha maneira, non facer unha consulta a posteriori. Consultar os colectivos a posteriori, desde que se toma unha decisión, é *marketing*; consul-talos antes é diálogo; unha pequena diferenciación.

Pero, como xa lles transmitimos naquel momento, evidenciou un exercicio de covardía política profunda. Total, ademais —é certo—, para vir aquí, como traemos, a recibir actitudes burlescas, comentarios desafortunados, a escoitar que se nos repiten slogans, aos que confrontamos datos repítensenos slogans, aos que confrontamos datos repítensenos slogans, e así un bucle absurdo de debate; debate que aínda lles recordo que non quixeron ter, que vetaron un debate sobre esta reforma desta lei neste Parlamento.

Hai, ademais destes motivos, motivos de fondo, claramente.

A evolución lexislativa sobre o sistema sanitario é máis ou menos clara. Hai dúas leis fundamentais sobre o sistema sanitario ao redor das cales vén pivotando toda a lexislación: en primeiro lugar, a Lei xeral de sanidade, no ano 86, e en Galicia a Lei 8/2008; houbo unha lei anterior un pouco cativiña ademais, a 2003, incluso recoñecido polo propio conselleiro, que era unicamente unha lei de ordenación.

As dúas leis, 86 en España e 2008 en Galicia, por certo, promovidas por gobernos socialistas e, por certo, as dúas leis votadas en contra polo Partido Popular. Non veñan defender agora o que non son. Vostedes votaron en contra das dúas leis máis importantes que rexen o sistema sanitario.

Temos agora a sexta modificación dende 2008, a sexta. Cando se intenta modificar seis veces unha lei, en realidade é unha lei nova. Polo tanto, vostedes queren conformar o sistema sa-

nitario a gusto do seu modelo, lexítimo por outra parte, pero non o escondan, é un modelo sanitario distinto.

Polo tanto, vostedes o que traen aquí é basicamente a puntilla a un modelo sanitario, un modelo que se define basicamente, aínda que poderíamos estendernos, en dúas claves fundamentais.

Primeiro, unha participación por decreto, agora vaise falar de sanidade por decreto. Dezaoito artigos que se propoñen modificar, dez dos dezaoito conteñen a idea de que van ser desenvolvidos por decreto do Consello; unha ampla participación, non cabe dúbida.

Mapas sanitarios. Vostedes agora presumen de que, con este anteproxecto legal, con esta normativa legal, se defenden adxudicacións e o funcionamento dos hospitais. Lémbrolles —xa o dixen na interpelación; ninguén recolleu ningunha apreciación por parte do conselleiro, nin en ningún momento vin nada despois— que vostede defendían aquí en maio deste ano sobre a ILP do Montecelo —léolles literalmente—: «O marco legal non é o lugar para definir a localización de infraestruturas e moito menos dos servizos sanitarios».

Polo tanto, se o argumentaban así en maio, non me veñan defender agora que esta iniciativa normativa o que propón é blindar os servizos. De tanto blindar vai ser como a caixa forte, que ninguén vai poder acceder a eles. Así que non argumenten agora o que non podían argumentar antes. Sexan un pouco coherentes nese sentido. Vostedes traen unha reforma que vai facer perder servizos.

Falando de servizos, porque sempre se discute aquí, escoito moitas veces deputados subir a dicir: é que o sistema sanitario vai a mellor, sen aportar ningún dato. Por aportar algúns das áreas sanitarias especialmente afectadas: Valdeorras tiña 2 rehabilitadores, agora non ten ningún en plantilla, veñen desde Ourense, normalmente distintos cada semana; se vostedes son conscientes do que é ter un rehabilitador distinto cada día que un vai a rehabilitación, son conscientes da dificultade. Había 2 pediatras, hai 1. Había 1 cardiólogo en plantilla, xa non hai; vén desde Ourense, distinto moitas veces. Había 1 urólogo, xa non hai; vai desde Ourense, distinto moitas veces. 4 traumatólogos, agora só van 2, distintos moitas veces; cando se satura o Servizo de Traumatoloxía, a operar a Ourense. ¿Que problemas trae isto? En Valdeorras, por exemplo, en rehabilitación, consulta solicitada o 16 de agosto, primeira consulta para rehabilitación, cita concedida o 26 de novembro do ano que vén; 16 de agosto, 26 de novembro do ano que vén. A vostedes parécelles que isto está ben.

Burela, 24 de agosto, primeira visita de cardioloxía, cita 8 de novembro do ano que vén; 24 de agosto, 8 de novembro do ano que vén —xa deste era tarde—, do ano que vén. Burela, cita solicitada, 1 de setembro do 2017 para dermatoloxía, 3 de maio 2018 —non é 2019, tranquilos—.

Isto é o seu sistema, isto é o que ocorre no seu sistema.

Hospital do Salnés, existía Neuroloxía, agora só hai 1 neurólogo que visita desde Pontevedra tres días á semana, por certo, só para os veciños de Vilagarcía. Antes había cardiólogo, agora

non hai, visitan desde Pontevedra, dous días a semana, só para os de Vilagarcía e Vilanova; os de Cambados, os de Ribadumia, os de Catoira xa van directamente a Pontevedra, perderon ese servizo. Antes había servizo de raios, agora hai que ir a Pontevedra. Antes había servizo de análises clínicas, hai que ir a Pontevedra.

Ese é o seu sistema sanitario.

Miren, hai unha señora maior que me pedía estes días que contara o seu caso, e vostedes saben que eu non son tan proclive a contar casos, pero este pareceume fantástico, polo lamentable. Ten 73 anos, rompeu o fémur, acudiu ao Servizo de Urxencias no Hospital do Salnés e contáronlle que a ían ingresar porque a tiñan que operar pronto, pero que a ían ingresar no Hospital Domínguez, concertado, privado, en Pontevedra. A explicación, despois de pedila varias veces, non lla deron ata o día seguinte, e contoullo un médico, pero non por vía oficial senón porque foi a única explicación que lle deron, porque aínda non recibiu explicación escrita. É que os anestesistas estaban todos en vacacións e non se substituíron, e, ademais, no Salnés non había sitio para ingresala despois da operación, entón tiña que ir xa ao Domínguez, de Pontevedra, onde tardaron unha semana, por certo, en operala. Iso si, durante ese tempo que ela estivo fóra, a terceira planta do Hospital do Salnés, que non tiña sitio para ela, si se abriu, para rodar unha serie de televisión. Vostedes abriron a planta do Hospital do Salnés, a terceira planta, para rodar unha serie de televisión. *(Aplausos.)* Isto supera aquela proposta de cambiarlle o nome ao Hospital da Costa. Abrírona para rodar unha serie de televisión. Se cadra poden combinar e facer o anuncio de televisión cambiándolle os carteis e xa teñen todo.

Vostedes lexislan basicamente ás agachadas, e cando un ten mala conciencia lexisla ás agachadas. Estes casos son constantes, continuos, e esa é a realidade do noso sistema, e vostedes queren continuar ese camiño, profundalo e chegar cada vez máis lonxe. ¿Para que? Para concentrar os servizos, e aqueles que teñan dificultade para acceder pois ¡que lle imos facer!, pobriños. Pois ese non é o noso modelo.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TORRADO QUINTELA: Nós plantexamos o servizo inverso: ampliar servizos, chegar, non facer cidadanía de primeira e de segunda, no acceso aos servizos. Nós cremos que a concentración de servizos non só é ineficaz, senón que é ineficiente. E, ademais —e recordo o seu ex-conselleiro—, demostra que vostedes fan política con pouquiña alma e con pouquiño corazón. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Prado.

A señora PRADO CORES: Diante desa modificación da Lei de saúde de Galiza, do ano 2008, pola porta de atrás, con nocturnidade, aleivosía, e mentira incluída, o Partido Popular pretende impoñer un relato fraudulento. Está intentando impoñer un relato mentireiro, está intentando impoñer o relato de que esta é unha modificación inocua e que non ten ningunha

xustificación a oposición á mesma que estamos a facer. Incluso hai algún alcalde do Partido Popular que chama a rebato contra esa oposición da ultraesquerda que está alterando a convivencia cidadá opoñéndose a esta lei; si, alcaldes do Partido Popular exaltados, ¡é o que hai!

Mais a realidade e tamén o autorrelato é que nos estamos opoñendo sen coñecer realmente a modificación e sen coñecer o contido. Por outro lado, argumento recorrente, un relato recorrente. Hoxe á mañá o conselleiro comparecía aquí e volvía acusarnos do mesmo, volvía dicir que resulta que non tiñamos lido o plan magnífico que nos estaba presentando.

E a realidade é que si, que o BNG si leu esa modificación da Lei de sanidade, e, como si o vemos, pois alí pon claramente que se pasarán a dar os servizos e as áreas en función dos recursos existentes, tendo en conta os recursos sanitarios existentes, literal, literal. Iso significa que, onde poñía «tendo en conta as necesidades sanitarias», agora pon «tendo en conta os recursos». É unha modificación importante, non é inocua, non é unha modificación inocua; é unha modificación que está na liña de flotación exactamente da sanidade pública de Galiza; o que significa é querer darlle rango de lei a poder non prestar servizos, non facer infraestruturas, facer recortes, non repoñer persoal, en función de que simplemente poidan dicir que non hai recursos, que non hai recursos sen xustificar, claro, porque aí podíamos establecer as prioridades do Partido Popular, porque podería dicir que non hai recursos para nada, pero non, non hai recursos para o que nós digamos; para sanidade non hai recursos, e poderá seguir habendo recursos para bancos e outras cuestións.

Lemos a lei, e entón na lei, onde establecía a participación cidadá, elimínana —pódolles dicir os artigos, señores e señoras do Partido Popular—, eliminan esa participación cidadá. Sácanlle competencias, déixana en meras asesorías, é dicir, onde lle poden ir contar pero ningunha capacidade para ditaminar informes nin para cuestionar a política sanitaria da Xunta de Galiza. É dicir, si vemos esta modificación que vostedes queren facer pola porta de atrás. Igual quen non a leu foron vostedes, que están percorrendo o país trasladando un argumento que case ninguén lles cre, señores e señoras do Partido Popular.

O BNG ten moi claro o que pretende o Partido Popular con esta modificación. Xa o dixen no anterior pleno: así como a Lei de prestacións sanitarias deu rango de lei á derivación á privada e a destinar recursos á sanidade privada, con esta lei o que pretenden é tamén darlles rango de lei aos recortes.

E como a vemos, por iso nos opoñemos á mesma; por iso estamos apoiando as mobilizacións que están facendo profesionais, que están facendo veciños, e os posicionamentos de concellos e deputacións contrarios a esta modificación; por iso imos estar este venres no Salnés, e por iso imos estar o sábado no Barco, e por iso imos estar o día 5 en Burela e o día 8 en Monforte, acompañando os veciños e veciñas, que si saben o que está en xogo, porque, por moito que vostedes intenten impoñer ese relato de que non pasa nada, si pasa; por moito que intenten impoñer o relato de que as áreas sanitarias comarcais, os hospitais comarcais non fixeron máis que mellorar, saben que menten descaradamente. Déronse aquí datos por activa e por pasiva, podíamos dar outros moitos, pero saben que están mentindo, saben que non fixeron máis que empeorar. Saben que eses hospitais comarcais, lonxe de ter mellores servizos, teñen peores, menos tempo e alonxan a asistencia sanitaria da poboación.

Por iso o BNG vai seguir traendo a debate aquí, ao Parlamento, esta cuestión. Hoxe imos apoiar as dúas mocións que se presentan. Presentamos unha emenda co obxecto de ampliar o abano de cuestións que se establecen nas dúas mocións presentadas, pero que imos apoiar de igual xeito. E, ademais de, evidentemente, demandar que se retire este anteproxecto de lei, o que pedimos é que se manteñan as áreas sanitarias establecidas. En vez de desmantelalas, en vez de eliminar catro e non consolidar tres que teñen hospital e que aínda non están en áreas, o que dicimos é que se complete a estrutura das áreas comarcais en vez de suprimilas e deixalas en sete, que haxa catorce áreas sanitarias en Galiza, para acercar a sanidade aos veciños e veciñas, desenvolver xerencias de área sanitaria próximas, con funcións de identificación das necesidades que hai nesas áreas, planificar a xestión asistencial, que estea próximo e faga unha saúde pública e saúde laboral sociosanitaria, que estea próxima e que detecte alí no seu ámbito cales son as necesidades, que se poñan en valor os hospitais comarcais, descentralizar as tomas de decisións e que teñan capacidade resolutiva; dotar os centros comarcais de persoal, de material e tecnoloxía necesarios para unha atención adecuada ás persoas no seu ámbito de actuación, e recuperación das xerencias dos hospitais comarcais.

En vez de ir na dirección do Partido Popular de concentrar e alonxar, no BNG o que propoñemos é ir na dirección contraria, na dirección de estar próximo e de que haxa capacidade de analizar e resolver no ámbito próximo.

¿Que máis demandamos? Pois poñer en marcha un plan de mellora da atención primaria. É que vir aquí, como se veu pola mañá, dicindo que imos facer non sei cantas cousas sen cambiar a folla de ruta, sen poñer en marcha un plan de atención de mellora da atención primaria, con recursos, con persoal, con acabar cos recortes de orzamentos, pois é pintar como querer, é papel mollado. Por iso demandamos un plan de mellora da atención primaria, dotada de recursos económicos, técnicos, humanos precisos, porta de entrada.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: Aínda que no plan que nos presentaron pola mañá xa poñía que a porta de entrada para o tema do suicidio era o 061, xa fixeron aí un cambio de paradigma vostedes que non sei, nalgún momento —supoño que sería un erro— terán que aclaralo.

Devolverlle a capacidade resolutiva á atención primaria e logo pois o mantemento da participación cidadá tanto cos consellos de saúde de Galicia como cos consellos de saúde de cada unha das áreas que estaban e das tres que non tiña contemplado o Consello de Saúde na Lei 8/2008.

Facemos unha emenda onde demandamos que se vaia xusto na dirección contraria que propón o Partido Popular. E traerémolo a debate aquí as veces que faga falta, insistindo nesta cuestión, porque, por moito que intenten impoñer ese relato fraudulento, a cidadanía deste país, os galegos e as galegas non son tontos e están tomando nota.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Polo Grupo Parlamentario Popular, señor Núñez Centeno.

O señor NÚÑEZ CENTENO: Grazas, presidente.

Boa tarde, señorías.

Eu o primeiro que teño que pedir é desculpas por aburrir as súas señorías, porque estamos a reproducir de xeito case textual o debate de hai quince días neste mesmo hemiciclo.

Hoxe debatemos dúas mocións do Grupo de En Marea e do Partido Socialista instando á retirada do borrador do anteproxecto da lei, e, asemade, o Grupo de En Marea, como explicou a señora Solla, engade un tema de negociación colectiva que foi debatido na última Comisión 5ª e tamén a recuperación das xerencias de atención primaria, e o señor Torrado, dos Socialistas de Galicia, solicita a conformación dun grupo de traballo que avalíe a prestación de servizos nos hospitais comarcais, grupos de traballo nos que aparecen representados os partidos políticos, sindicatos, xuntas de persoal e inclusive profesionais, pero dos que se exclúe os pacientes, curiosamente.

Parece que para os grupos da oposición —xa o dixen pola mañá— os pacientes non son nin importantes nin significativos, soamente admiten como representación popular organizacións político-sindicais, que agora mesmo se chaman plataformas; como son moi maior, xa foron asociacións, federación de asociacións, coordinadoras, movementos, mareas brancas... Curioso. Esta semana pasada aparecía nun periódico da provincia de Pontevedra que unha plataforma cambiaba de nome, chamábase agora A Voz da Saúde de Cangas. É dicir, creo que hai que cambiar con demasiada frecuencia, e por algo será.

A min gustaríame coñecer o número real de pacientes, de persoas da rúa, de xente do común que forman parte de todo este conglomerado, que casualmente soamente protesta cando goberna o Partido Popular, cando aparece o Goberno do Partido Popular protestan, (*Murmurios.*) aínda que agora (*Aplausos.*), coa aparición da nova política, se signifiquen nalgunha comunidade autónoma contra algún goberno socialista, casualmente onde non cogobernan con el tamén; é dicir, que as cousas creo que quedan claras.

Señor Torrado, eu pídolle que pensen algo nos enfermos e menos en facer política de desgaste do Goberno do Partido Popular, do Goberno do señor Feijóo. Xa o tentaron a pasada lexislatura, e os cidadáns, esas persoas que van aos centros de saúde, que van aos hospitais, déronlles as costas nas urnas. Desde logo, a nós crennos, señora Prado, parece ser que a quen non cren é a vostedes, non hai máis que mirar o número de asentos. (*Murmurios.*)

Eu dicía no debate da proposición non de lei do pasado pleno que sorprendía a virulencia con que se acolleu este borrador de anteproxecto. Foi sometido a alegacións durante un mes; efectivamente, presentáronse máis de mil cincocentas, o que quere dicir que período para facelas houbo; mil trescentas foron feitas por sindicatos e entidades locais, e pouco máis de trinta instaban á modificación do articulado, pouco máis de trinta.

Curiosamente, o señor Torrado fala do mes de agosto, e resulta que o prazo para presentar precandidatos nas primarias do Partido Socialista era no mes de agosto; parece ser que as primarias do Partido Socialista tamén estaban discretamente agochadas. (*Murmurios.*)

Xa dixemos o outro día, diante doutras novas, (*Murmurios.*), diante de serpes de verán, diante de que...

O señor PRESIDENTE: Silencio, silencio.

O señor NÚÑEZ CENTENO: ...non se pode falar de esperas, saíu o borrador.

E tocaron a corneta, tocaron a corneta para saír, toda a xente que sae, a rexeitar unha modificación lexislativa que é perfectamente legal e lexítima e feita de acordo coa normativa vixente, a diferenza de acontecementos que se están a vivir en España nestas datas e que algúns grupos desta Cámara apoian de xeito significativo. Os ex-alcaldes, por exemplo, señora Prado, incluído o do meu pueblo, apoian a xente que realmente si é xente «exaltada».

Non lle gustou que o borrador do anteproxecto se publicase na web de transparencia durante ese mes de agosto, pero resulta que se publicou e se alegou.

No ano 2008 os grupos que gobernaban naquel momento —o Partido Socialista e o BNG—, respectando a legalidade, dun xeito totalmente lexítimo, modificaron a Lei do ano 2003 que aprobara o Goberno do Partido Popular, daquela cun 52 % de apoio popular. O Partido Popular, a pesar de non ter votado esa lei, nos gobernos posteriores non a derogou, senón que a modificou, cousa que si fan con moita frecuencia os grupos da esquerda con calquera lei que se aproba do Partido Popular, tanto en Galicia como fóra de Galicia, no Parlamento nacional.

Pero, claro, a esquerda ten un convencemento de superioridade moral, e ese convencemento non permite que o Goberno do Partido Popular, o Goberno de Galicia, publique un borrador de anteproxecto de modificación, despois de case dez anos de vixencia da lei. Pero nós, o grupo maioritario desta Cámara, apoiamos esa modificación. Esperamos que o Goberno acepte as alegacións que considere que poden mellorar o texto e que remita a este Parlamento o anteproxecto definitivo, para que poida ser debatido en comisión e en ponencia, no pleno, para que entre todos poidamos axeitar esta lei á realidade social, aos factores xeográficos, socioeconómicos, laborais, epidemiolóxicos e de accesibilidade, e adaptala tamén ás normas estatais básicas e sectoriais que se foron aprobando.

Eu non vou volver falar do debate do día 8, aínda que naquel debate se falou de exemplos, como os que puxo agora o señor Torrado, bastante máis críticos. Aquela lei era un faro, era fermosa, e a sanidade estaba como estaba. Eu podo recordar os fax de «ordenos e mandos» que chegaban ao meu centro de saúde: ou se fai o que di a xerente de atención primaria ou a vostede métolle un expediente; iso recórdoo eu traballando.

Pero, claro, parece que a resposta social non ten o respaldo que se esperaba, ao mellor teñen que plantexarse o bocata e o autobús para encher algunha manifestación, non o sei, haberá que comprobar as fotos, a ver se é certo isto de que as fotos son o que son. (*Aplausos.*)

Desde logo non teñen vostedes credibilidade nin nos veciños e veciñas desas localidades, e vostedes sábeno, sábeno. Falan da privatización, falaron do ACIS, cando había un Instituto Galego de Investigación Sanitaria, que ningún caso a lei definía como público.

Por certo, do señor Torrado gustárame coñecer a opinión sobre as verbas do ex-ministro e actual eurodeputado don José Blanco, que instaba a Unión Europea a multar a Comunidade Autónoma de Galicia —ou sexa, os galegos e as galegas— por unha presunta —leo textualmente— «infrautilización debido ao recorte en persoal sanitario e recursos hospitalarios iniciado polo Goberno Feijóo». É unha gran contribución do señor Blanco á mellora da sanidade pública galega. Eu non sei quen foi o asesor do ex-ministro —ao mellor foi vostede, señor Torrado—, pero penso que as afirmacións son francamente desafortunadas e dubido que ningún galego ou galega as subscriba.

En resumo, señorías, dende o grupo maioritario apoiamos a modificación da lei. Pódense —e estamos seguros de que se fará— incorporar alegacións das presentadas neste mes. Pensamos que se quere furtar o debate parlamentario, houbo reunións con autoridades políticas e con colexios e asociacións, a última coa Fegamp.

Pensamos que a lei é beneficiosa para os cidadáns —olvidámonos moitas veces dos cidadáns—, que sitúa o paciente no centro do sistema, por diante doutros intereses doutro tipo, blíndase a existencia dos hospitais comarcais e dáse cobertura legal aos desprazamentos de profesionais. Esquécese sempre de Verín, Cee e Ribeira. Eu estiven onte en Cee, hoxe sae unha nova de prensa onde incluso a propia xunta de persoal non está absolutamente preocupada. Mellora a calidade de traballo e a formación continuada para os profesionais dos hospitais comarcais e favorece e facilita a incorporación de facultativos aos ditos hospitais; todos sabemos as dificultades que hai para cubrir esas prazas.

E do resto dos beneficios que contempla tampouco se fala. O recoñecemento —remato, presidente— por lei do Consello Asesor de Pacientes e a súa participación no Consello de Saúde, a creación da comisión interdepartamental entre Sanidade e Educación, os itinerarios profesionais, o recoñecemento da autoridade sanitaria e dos inspectores de saúde pública.

Por todo iso, creo que queda claro que non imos apoiar a súa iniciativa.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Núñez Centeno.

Grupo autor da moción, señora Solla.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, señor presidente.

En primeiro lugar, e sobre a emenda, imos aceptala, aínda que realmente é o contido que xa se debateu a pasada semana na proposición non de lei; e se os grupos teñen necesidade, tamén aceptaríamos a votación por puntos en todo caso.

Con respecto á iniciativa do PSdeG, evidentemente, imos apoiala, vai no mesmo senso — ¡faltaría máis!, é sobre a mesma temática—. (*Murmurios.*) ¿Teñen algún problema de comprensión? As iniciativas van sobre o mesmo temo, e ademais —como ven— van incluso acumuladas, señores deputados. (*Murmurios.*) Si, en fin...

Señor Centeno, sobre a súa intervención. Eu lamento que teña que facer este espectáculo e un ataque ás organizacións políticas e aos grupos parlamentarios para xustificar o inxustificable da lei. E vostede falaba de organizacións político-sindicais. Parece que —non agora, isto é histórico— o molesta a participación e a independencia das organizacións e non lles gusta cando a cidadanía se organiza para combater precisamente leis coma esta que van en contra dos seus dereitos. E esa cidadanía, organizada, ten dereito a facelo en partidos, en sindicatos, en asociacións e en colectivos. Xa vemos que a democracia de vez en cando os molesta un pouco, pero desgraciadamente para vostedes a cidadanía ten dereito a organizarse; e, claro, nós tamén temos dereito a replicar aquí.

Eu non son do PSdeG, pero paréceme bastante lamentable que vostedes teñan que utilizar os asuntos internos dos partidos para xustificar cando vostedes non fan unha boa praxe como é esta (*Aplausos.*), na que impoñen unha norma aos sindicatos e aos partidos.

Vostede dicía que estaba xa un pouco cansado e que os seus deputados estaban cansados de escoitar o debate desta lei. ¡Non lles queda nada, por certo! Pero o que é bastante cansado é que vostedes utilicen, día si día tamén, os asuntos internos. Se teñen algunha pregunta ou algunha dúbida, trasladannola fóra, non creo que ninguén teña problema en falar con vostedes.

Agora ben, estamos falando da modificación da norma máis relevante en materia sanitaria que ten esta comunidade autónoma. E vostede ten que falar de absolutamente todo menos da norma. Esa é a súa democracia e iso é o que lles importa, o relevante para vostedes dunha modificación dese calibre da lei. Eu pediría menos populismo, menos manipulación, máis debate serio e máis datos.

Porque é un aspecto que xa trasladamos... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio, silencio, por favor.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: ...no anterior pleno que é moi relevante con respecto aos datos: que o Consello de Contas di que ningunha das EOXI, coa excepción de Pontevedra-O Salnés, ten ningún informe de fiscalización das súas contas. Tampouco hai informes de xestión, non hai ningún tipo de datos; e, o que é peor —e trasladábao tamén o Consello de Contas—, dende que vostedes suprimiron as xerencias dos hospitais comarcais incrementouse o gasto en altos cargos; polo tanto, o que o PP defendía para suprimir esas xerencias era mentira.

E agora volve entrar unha norma na que utilizan argumentos peregrinos para xustificar precisamente un recorte sanitario que vai vir, evidentemente vai vir. O que se lles pide aquí é que recapaciten e apelamos á democracia participativa. Se o PP di que está tan aberto a dialogar e agora de repente acórdase de que hai concellos, que hai Fegamp, que hai sindicatos,

que hai colectivos e que hai asociacións, retiren a norma; e, se queren modificar a Lei de saúde, fágano de xeito participado.

Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo autor da moción, señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, señor presidente.

Dende o noso grupo imos apoiar indiscutiblemente tamén a moción de En Marea. Efectivamente, é unha proposta que se debate de maneira conxunta, por decisión do presidente; dígoo por se había algunha idea estraña sobre iso.

E non imos aceptar a emenda do BNG, aínda que estamos de acordo, votámola no anterior pleno. É unha cuestión un pouco de: xa que non a votamos, non a emendamos. Pero estamos de acordo e, ademais, se En Marea a vai incluír, ímola votar a favor; é dicir, é unha cuestión formal.

Apelouse aquí a que non pensamos nos pacientes. Gustaríame saber con cantas asociacións de pacientes se reuniu antes da publicación do anteproxecto. O que si me gustou foi que o Partido Popular non se considere pacientes da sanidade pública; grazas por recoñecelo. Eu alégrome, en serio. (*Aplausos.*)

De todas formas, eu plantexei aquí varias citas: de setembro para maio, de agosto para novembro do ano que vén, outra de agosto para o ano que vén. Son persoas tamén, persoas que se tiveron que operar noutro lugar porque non había médicos para operar no seu hospital. Son persoas, son pacientes tamén. Igual é que vostedes tamén van decidir quen son pacientes e quen non.

En todo caso, señor Aurelio Núñez —vostede sabe que lle teño moito respecto—, non esperaba que fixera este papelón de ter que vir aquí falar doutra cousa que non era da lei. Pero voulle dicir con sinceridade: eu prefiro elixir entre compañeiros e elixir en que agrupación os vexo a ter que elixir se os meus compañeiros os visito en Alcalá-Meco ou en Soto del Real. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*) A verdade,... Eu, eu. (*Murmurios.*) Se cadra hai outras opinións. Non o esperaba, de verdade, non o esperaba. (*Murmurios.*) Esperábao doutra xente do seu partido, con outros voceiros podería esperalo; con vostede, non. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio, silencio.

O señor TORRADO QUINTELA: Con vostede, non.

Por certo —tan previsibles—, non instaba a nada o señor Blanco, era unha pregunta —digo: é tan previsible porque a teño aquí—. E o que pregunta basicamente —leo literalmente— é: «*si existe algún mecanismo para asegurar que las inversiones realizadas puedan seguir funcio-*

nando». Para asegurar, porque están en perigo —pode ser— pola súa acción. E a pregunta do señor Blanco... (*Murmurios.*) Si, vostede sácame notas de prensa, eu sácolle a pregunta do Parlamento Europeo... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) É unha cuestión de discrepancia, vostede saca un periódico e eu a pregunta do Parlamento Europeo —se quere, déixolla aí no estrado—. Xa que me pregunta polas novas do señor Blanco, eu quérolle preguntar, porque é certo: vostede dixo que é o mesmo debate que na última vez. Non, non é o mesmo, desta vez fala vostede e non o conselleiro.

E xa falando de verbas, hai un alcalde que teñen vostedes na miña comarca, que é portavoz do PP na miña comarca, que fala da fuga de pacientes por culpa do persoal —este mesmo a quen chama «tontos»—. Onte no pleno chamounos «indios»: estes «indios» que veñen protestar ao pleno. «Indios», «tontos»; eu esperaba que me explicara estas verbas, porque ao día seguinte vostede se reuniu con el.

E se falamos de verbas, eu quería que vostede me dixera se está de acordo co seu alcalde de Vilanova, que di que somos todos uns «indios» e que o persoal do Salnés, se hai algún problema, que se vaia a Montecelo. Eu quería saber a súa opinión, non era o mesmo debate, vostede podía explicalo.

Pero, en todo caso, eu traio citas de persoas, vostede di que non falamos de pacientes, pídeme que explique unha cousa no Parlamento Europeo e alégame cunha nota de prensa e eu coa pregunta no Parlamento. Vostede dime que tal e non me falou da lei. Mala conciencia...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TORRADO QUINTELA: ...debe ter sobre a lei. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Votación das mocións

O señor PRESIDENTE: Procedemos á votación das mocións.

Pechen as portas, por favor.

Comezamos votando a Moción do Grupo Parlamentario de En Marea por iniciativa de don David Rodríguez Estévez e dona Paula Quinteiro Araújo.

Non se presentaron emendas.

Votamos.

Votación da Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. David Rodríguez Estévez e D^a Paula Quinteiro Araújo, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co actual modelo de prevención e extinción de incendios forestais

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: **Votamos agora a moción do Grupo Parlamentario de En Marea por iniciativa de dona Eva Solla.**

Votamos.

Votación da Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Eva Solla, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co Anteproxecto de lei de modificación da Lei 8/2008, de 10 de xullo, de saúde de Galicia

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: **E votamos a moción do Grupo Parlamentario Socialista.**

Acéptase a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa reforma da Lei de modificación da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: **Remataron as votacións das mocións.**

Abran as portas, por favor.

E continuamos coa orde do día.

Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Paula Vázquez Verao e D. Luís Villares Naveira, sobre a demanda á Xunta de Galicia en relación co aumento do número de equipos de valoración e orientación (EVO) para acadar no presente ano a redución

das listas de agarda para a valoración do grao de discapacidade ata, como máximo, tres meses

O señor PRESIDENTE: Hai unha autoemenda do Grupo Parlamentario de En Marea e unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. de En Marea, por iniciativa da súa deputada Paula Vázquez Verao, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación:

Debido ao tempo transcorrido dende a presentación desta Proposición non de lei e o debate da mesma consideramos que é necesario ampliar e cambiar a parte resolutiva, polo que se debe substituír o texto desta polo seguinte:

“ O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

- 1. Reforzar e aumentar o número de Equipos de Valoración e Orientación (EVO) para o recoñecemento do grao de discapacidade en aras de acadar a redución das listas de agarda para a valoración do grao de discapacidade até acadar un tempo máximo de agarda de tres meses.*
- 2. Cubrir inmediatamente todos os postos de traballo vacantes nos EVO.*
- 3. Aclarar ao Comité Intercentros da Xunta de Galicia, como lexítimo órgano de representación de traballadores e traballadoras, a situación do acordo de colaboración entre o SERGAS e a Consellería de Política Social para a valoración do grao de discapacidade, achegando copia do borrador do mesmo a dito Comité.”)*

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada Montserrat Prado Cores, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de adición:

Proponse engadir un novo punto co seguinte texto:

“Garantir que cada equipo de valoración teña a composición que se establece na ORDE do 25 de novembro de 2015 pola que se regula o procedemento para o recoñecemento, declaración e cualificación do grao de discapacidade, e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes, en concreto no Artigo 6. Composición e funcionamento do órgano de valoración e asesoramento da discapacidade.

- 2. Cada órgano de valoración e asesoramento terá unha composición mínima dun/dunha profesional médico/a, un/unha psicólogo/a e un/unha traballador/a social, e poderá ser integrado, a maiores, por outro persoal técnico da xefatura territorial con perfil social e sanitario.”)*

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Boas tardes a todos e a todas.

Presentamos unha proposición non de lei que fala de prioridades políticas, que fala de atención á dependencia. Nunca participo nestes debates e escoito con atención os debates e o conselleiro e os voceiros do Partido Popular, e dáme un pouco de rabia que nunca se recoñezan determinadas liñas que iniciaron aquí gobernos progresistas.

A política de dependencia ás persoas foi iniciada, tanto no Estado coma no Goberno da Xunta, por gobernos progresistas, que plantexaron plans ambiciosos non só para atender con dignidade todas as mulleres e homes que o precisaran e para axudar os familiares e achegados que teñen que aturar determinadas circunstancias moi duras senón tamén para crear, tamén conxuntamente con outras medidas, un novo modelo económico baseado na creación de emprego nestes sectores, que crean emprego de calidade e que son sustentables, e que son, ao noso modo de ver, o futuro deste país; e non son unha carga, como parece entender o Partido Popular que son; o gasto en dependencia non é unha carga.

E todos os deputados e deputadas do Partido Popular —tamén, coma calquera—, que teñen unha vida normal, saben o que significa para moita xente neste país —sobre todo recae nas mulleres— cando na casa existen persoas con alzhéimer, persoas que non se poden mover da cama, etc., etc., o que iso supón para a vida de moita xente, que ao mellor pasa anos e anos cuidando de persoas dependentes.

Nós cremos que debería de ser unha prioridade que se expresase tamén nos orzamentos e nas decisións de cada goberno, pois iso vai de prioridades políticas. E presentamos unha proposta moi concreta que trata sobre os equipos de valoración e orientación, que son equipos multidisciplinares encargados de cualificar o grao de discapacidade das persoas que o soliciten. Contén médicos, psicólogos, traballadores sociais, e a situación en xeral é de falta de medios destes equipos de valoración e orientación, que conleva o atraso nas valoracións do grao de discapacidade, sendo especialmente grave a situación na provincia de Pontevedra, na que hai dezaioito meses de espera.

É unha situación que nós consideramos estrutural e que, evidentemente, ten a súa orixe ou a súa causa na falta de persoal suficiente. Fronte a esa falta de persoal, o Goberno galego actual non aposta por contratar persoal para estes equipos de valoración e orientación, senón que promove unha solución en colaboración ou conveniada co Sergas para que os médicos do Sergas ou persoal do Sergas faga ese traballo de valoración do grao de discapacidade. Parece ser que, a día de hoxe —digo parece ser porque eu persoalmente non o sei, seguramente a miña compañeira si—, os sindicatos descoñecen o contido diso, de como vai funcionar, e teñen dúbidas de que poida funcionar axeitadamente ou de que non se utilice por exemplo un método de valoración telemático, informatizado, etc.

Simplemente nós cremos que, ante este atraso estrutural de meses de xente que está esperando para que se lle valore o seu grao de discapacidade, hai que tomar medidas, e as medidas que nós propoñemos é que se reforce e aumente o número de equipos de valoración e orientación para que se acade neste ano a redución das listas de agarda para a valoración do grao de discapacidade ata como máximo tres meses.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Prado.

A señora PRADO CORES: Grazas, presidente.

A campaña ininterrompida e constante do Partido Popular de ataque aos servizos públicos non ten fin. Cando falamos de ataque aos servizos públicos, falamos de persoas, con nomes e apelidos, que quedan na estacada.

Cada vez que xorden problemas, problemas de gravidade, encontrámonos con declaracións da consellería, do Partido Popular, do tipo de plan de choque, de que efectivamente recoñecen certo nivel de listas de espera, de que os mecanismos non son todo o áxiles que deberan, mais a realidade é que os problemas se manteñen no tempo.

Estamos a falar neste caso dos equipos de valoración da discapacidade, uns equipos que veñen regulados por normativa legal, en concreto pola Orde do 25 de novembro do ano 2015, e diante desta normativa legal, diante das listas de espera inasumibles, diante das listas de espera para as que a lexislación establece un prazo de meses, resulta que nos estamos encontrando con prazos de anos, de anos, en moitos casos de máis dun ano, pero incluso de anos en plural —nunhas partes con máis insistencia que noutras; xa se dixo aquí: no caso da provincia de Pontevedra, dun xeito moito máis importante—, e non se lle ocorre outra cousa ao Partido Popular que saltar a lexislación en vigor; ese Partido Popular para o que estes días a palabra de orde é que hai que cumprir a lei, que a lei está para cumprila, que a lei non se pode saltar, salvo que, efectivamente, sexa para os cidadáns normais que non teñen do seu lado o Tribunal Constitucional, non teñen a Garda Civil, non teñen a Policía Nacional que vaia na súa defensa. Non teñen eses recursos, que poidan destinarse miles de euros, millóns, para defender os dereitos dos veciños e veciñas.

Entón, a lei está para cumprirse sempre que estea do lado do poder e do lado dos intereses. Cando están en risco cuestións tan elementais como discapacidades, como dependencia, resulta que aí a lei pode quedar para outra ocasión.

Por iso imos apoiar esta iniciativa que presenta En Marea, mais presentamos unha emenda na dirección de que non soamente se acrecenten os equipos, que é fundamental e é unha demanda que se leva facendo dende hai moito tempo, senón que se garanta que cada un destes equipos se faga acorde co que establece a lexislación en vigor. A lexislación en vigor é a Orde do 25 de novembro do ano 2015 pola que se regula ese procedemento para o recoñecemento da declaración e cualificación do grao de discapacidade, que no seu artigo 6, onde fala da composición e funcionamento dos órganos de valoración, di que cada órgano de valoración e asesoramento terá unha composición mínima dun profesional médico ou médica, unha psicóloga ou psicólogo e un traballador social e poderá ser integrado a maiores por outro persoal técnico de xefatura territorial con perfil social e sanitario. Di: «a maiores», en ningún caso di que poida facerse a valoración exclusivamente por un profesional sanita-

rio, que é o que está intentando facer neste momento o Partido Popular con ese convenio que acaba de asinar co Sergas, onde pretende que parte desas valoracións as faga exclusivamente un médico ou unha médica, saltando absolutamente toda a lexislación en vigor.

E non soamente iso, senón que fai referencia a que no artigo 19.6 di que poderá cambiarse isto con base en circunstancias especiais da persoa interesada que non poida por algunha razón acudir a eses equipos, pero da persoa interesada, non por unha decisión discrecional e unilateral da consellería.

E aínda máis: establece a lexislación o tema de que o acceso á historia clínica só se fará, por persoal que non sexa o dos equipos, por autorización da persoa interesada, e resulta que ese convenio, que non sabemos se está en vigor ou non o está ou como é o caso, porque hai contestacións totalmente contraditorias por parte da propia Xunta de Galiza ao respecto — nunha parte pon que está en vigor, noutra parte di que se está estudando... —,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...pois aí establece os mecanismos para que o persoal do Sergas poida acceder a datos destas persoas sen que haxa autorización das mesmas.

Parécenos que estamos diante dun auténtico despropósito, estamos diante dunha actuación discrecional e unilateral por parte da Xunta de Galiza, do Partido Popular, saltando todos os dereitos destas persoas, intentando baixar a lista de espera sen facer o que ten que facer, que é destinar recursos e orzamento...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRADO CORES: ...ás mesmas. Co cal imos votar a favor desta iniciativa tanto se se aproba ou se acepta a emenda como non. E, dende logo, o que lle pedimos ao Partido Popular é que rectifique e non leve a cabo este despropósito.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Blanco.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Moitas grazas, presidente.

Moi boa tarde, señorías.

Dende o Grupo Socialista hoxe queremos lembrar que nos faltan neste país 1.534 persoas, son eses refuxiados e refuxiadas que tiñan que estar aquí (*Aplausos.*) se non tiveramos un goberno insolidario, inxusto e que fai que a súa cidadanía se teña que avergoñar e poñer colorada. Non é un país para refuxiados, como tampouco é este un país para as persoas con discapacidade nin para as persoas dependentes.

Esta iniciativa de En Marea é moi semellante á que presentabamos e debatíamos o día 8 de xuño na Comisión 5ª. Non saíu adiante polos votos en contra do Partido Popular. O que pedíamos, precisamente, era incrementar eses equipos de valoración de discapacidade.

A desatención nestes equipos, no número e nos recursos de medios materiais e medios humanos, non é algo novo, igual que tampouco é novo o envellecemento da nosa poboación. Levan desde 2002, exactamente quince anos, sen convocar prazas para estes equipos. E claro, daqueles barros estes lodos, unha lista de agarda de máis de 17.000 expedientes que se están acumulando.

Non é soamente denunciado isto polos grupos da oposición, éo tamén pola propia Valedoría do Pobo, que di que está a ocasionar esta situación graves prexuízos a aquelas persoas que solicitan a valoración de discapacidade; algúns deles, atrasos na solicitude de descontos en transporte colectivo, de prazas de aparcamento, de prestacións económicas, e mesmo na comunidade autónoma que ten a taxa máis baixa de ocupación de persoas con discapacidade houbo un rapaz que non se puido presentar a unhas oposicións da Xunta de Galicia por non ter esa valoración feita.

E tendo en conta esta situación, ¿que fixo o Goberno galego? ¿Crear prazas? Non, o que fixo foi un remendo: asinar un convenio de colaboración entre dúas consellerías, incrementar ou intentar incrementar a carga de traballo do persoal médico ao servizo do Sergas cun curso de dúas semanas para que estas persoas fagan o traballo que outras levan facendo durante moito tempo; unha medida que nós consideramos que é curtopracista, que non vai solucionar este problema, que bota balóns fóra e que é un parche que é custoso, máis custoso que crear prazas para as arcas públicas.

Non é eficaz, señorías, porque estes equipos non soamente están formados por persoal sanitario, hai persoal da área social. Entón, ¿que é o que vai pasar? Que van ser resoltos os expedientes na parte sanitaria e se vai acumular na parte social. Eu non sei —igual nolo pode aclarar a voceira do Partido Popular cando suba aquí— se a pretensión é tamén a de seguir asinando convenios para psicólogos, para traballadores sociais ou incluso recorrer a entidades privadas, algo que dende o Grupo Socialista non descartamos que estea en mente do Goberno galego.

Nós o que levamos tempo pedindo —igual é que nos entenderon mal; a ver se hoxe, señor Sánchez, ten vostede máis sorte—, levamos reclamando dende hai anos, tamén nesta comisión, non era incrementar a carga de traballo aos empregados públicos, era incrementar persoal nestas unidades. Dígoo por se o tema de que votaran en contra da do Partido Socialista foi unha mala interpretación do Grupo Popular, pois a ver se nesta ocasión o Grupo de En Marea ten un pouco máis de sorte ca nós e consegue sacar adiante algo que pensamos que é prioritario e que repercute no día a día de miles de persoas neste país.

Por se fora pouco o desleixo, todo isto se fai ás costas do persoal. Non se reúnen co Comité intercentros, que están fartos de pedirllas unha reunión, simplemente para saber cales son os plans da consellería e como ten previsto levar a cabo esta cesión de competencias, que é como a cualificamos dende o Grupo Socialista.

Deron mesmo unha rolda de prensa o 1 de agosto. E nós dende aquí lle solicitamos —ademais de dicir que imos apoiar esta iniciativa e votar a favor—, por favor, ao conselleiro de Política Social que se reúna, que dialogue co persoal dos equipos de valoración, que os quite desta incerteza na que están dende que se coñeceu esta medida que, como se fora positiva, anunciou o presidente da Xunta de Galicia a bombo a platillo. E, por suposto, o que teñen que facer é convocar esas prazas, que son as precisas, as necesarias para que estes equipos de valoración de discapacidade funcionen de maneira eficiente e de maneira áxil para estas persoas.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Blanco.

Grupo Parlamentario Popular, señora Rodríguez-Vispo.

A señora RODRÍGUEZ-VISPO RODRÍGUEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Boas tardes, señoras e señores deputados.

Traen vostedes hoxe unha iniciativa a este pleno que foi xa debatida no pasado mes de xuño na Comisión de Sanidade, na que o Grupo Popular está de acordo na esencia da mesma, xa que nós tamén queremos acortar os tempos de espera para a obtención do grao de discapacidade. Pero no que non estamos de acordo é nas solucións que vostedes plantexan para resolver este problema.

E explícome. Na comunidade autónoma galega existen sete seccións de cualificacións, con varios equipos de valoración en cada un deles: A Coruña dispón de 4; Ferrol, 2; Santiago, 2; Lugo, 2; Ourense, 3; Pontevedra, 3; e Vigo, 3. E o obxectivo —e volvo repetir que eu quero deixar ben claro que nós o compartimos absolutamente, señor Sánchez—, que é reducir o número de expedientes pendentes de recoñecemento e conseguir esa valoración no prazo establecido na normativa, cremos que non é unha cuestión que dependa única e exclusivamente do reforzo dos equipos.

En cada caso particular, en cada sección existe unha problemática diferente. Eu son funcionaria e sei que depende das seccións, en que hai uns problemas e outros para resolver o mesmo expediente, polo que nós presentabamos unha emenda na comisión de xuño que non foi aceptada, e trataba precisamente de estudar o impacto das medidas de mellora que está implementando o Goberno galego para analizar, con datos obxectivos, se se necesita ou non o incremento do persoal dos EVO.

Para vostede, señoría, ¿que é o importante: que se solvente o problema do tempo de espera ou que se aumenten as prazas dos equipos de valoración? Para nós, dende logo, o primeiro deles. Nós pensamos que tamén é o máis importante para os cidadáns de Galicia que nestes momentos se atopan agardando e se atopan nestas circunstancias.

E é certo que se incrementou moitísimo o número de solicitudes. Incrementouse por moitos factores: polo envellecemento poboacional, polo progresivo incremento do número de be-

neficios que están aparecendo nos distintos ámbitos socioeconómicos dirixidos ás persoas con discapacidade, polo progresivo incremento das solicitudes de revisión do grao de discapacidade como consecuencia dos dous anteriores. E isto o que significa é que se están a facer as cousas ben e que o Goberno de Feijóo está dedicando a política social unha gran parte do orzamento, e na discapacidade en concreto está a conseguir políticas máis beneficiosas para a xente, polo que o que antes non solicitaba o grao de discapacidade —e isto é moi importante— hoxe o solicita.

Dende o Goberno estanse implementando continuas accións de mellora para reducir estes tempos de tramitación para conseguir que se cumpran os prazos fixados e conseguir rematar con estas listas de agarda. Conseguiron dende o ano 2011 a diminución dun 23,78 % dos expedientes e dende o ano 2013 implementáronse máis actuacións das que falamos na Comisión de Sanidade —que agora non vou repetir aquí por falta de tempo—.

Reforzáronse os EVO de Ferrol e Santiago con técnicos de dependencia, modificouse a RPT de Santiago e Ferrol, onde se prevén postos de reforzo nas seccións de valoración, e redistribuíronse os concellos da Coruña en función das unidades para mellorar a atención.

Nestes momentos, trabállase na implementación de medidas, para as cales se firmaron os oportunos acordos de colaboración coa Consellería de Sanidade, respecto ao acceso da historia clínica das persoas solicitantes por parte dos médicos dos EVO; é dicir, os médicos dos EVO poderán acceder ao Ianus, co que suporán as vantaxes para a rapidez na resolución destes expedientes, e tamén se reforzarán a través de profesionais médicos dependentes do Sergas.

Nós é ben certo, señor Sánchez, que non facemos ao mellor plans tan ambiciosos como fan os gobernos de esquerdas na Lei de dependencia, por exemplo, pero é moi fácil —e vostede darame a razón— facer unha lei sen dotación económica. Nós o que facemos facémolo tendo en conta os recursos dos que dispoñemos. (*Murmurios.*)

A outra opción, que xa apuntou a señora Blanco, para solventar os atrasos nas valoracións sería a externalización, pero supoño que vostede non estará de acordo con ela. Nós dende logo non o estamos. Nós, dende o Grupo Popular, preferimos que sexan os empregados públicos do Servizo Galego de Saúde os que tomen parte nesta cuestión, que produce tantos quebradeiros de cabeza aos galegos e galegas que están agardando pola súa valoración. ¿Vostedes non confían no bo facer do persoal sanitario? Nós dende logo que si, estamos seguros de que tanto os médicos do Sergas (*Aplausos.*) como os médicos dos EVO farán os recoñecementos e acelerarán este proceso, que é o que lles importa de verdade aos cidadáns de Galicia.

Nós pretendemos incluso facilitar tamén non só o traballo do persoal dos EVO senón tamén a resolución da súa valoración a todas esas persoas, evitando en moitos casos os desprazamentos. O señor Torrado non está aquí e non me escoita, pero nós si que somos partidarios de acercar o servizo ao administrado e así o estamos demostrando. O Goberno galego si se preocupa pola xente...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ-VISPO RODRÍGUEZ: ...por facilitarlle as cousas —e remato, señor presidente— e por pór en marcha todos os mecanismos necesarios para eliminar as solicitudes pendentes.

Respecto do punto 2, señora Prado, si se cumpre coa normativa, porque foi unha normativa que fixo precisamente o Goberno de Feijóo, polo cal sería un pouco absurdo non cumprir as propias ordes que se fan. (*Murmurios.*)

Respecto do punto 3, no que solicita información —e xa remato, señor presidente— ao Comité intercentros, confírmanme da Consellería de Política Social que os acordos se trasladaron en dúas ocasións á Comisión de Persoal, que é a representante de todo o persoal da Administración autonómica.

Polo tanto —non tendo máis tempo—, non podemos apoiar a súa iniciativa.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez-Vispo.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Vázquez Verao.

A señora VÁZQUEZ VERAO: Grazas, presidente.

Claro que si, concordamos en que o prioritario aquí é reducir as listas de agarda, claro que si, pero precisamente por iso criticamos a solución, que nin sequera coñecemos, porque é falso que coñezan os lexítimos representantes de traballadores e traballadoras este convenio, é falso. E se quere, xa que non ten a ben o Grupo Popular recibir o Comité intercentros, voulle deixar logo ao presidente as súas reivindicacións e poden consultar con eles.

E tamén claro que si que debatemos esta cuestión na Comisión 5ª, pero é que lles quedou esta materia pendente para setembro. Segue habendo uns 17.000 expedientes en lista da agarda, segue habendo persoas que precisan que se lles recoñeza ese grao de discapacidade para acceder, como saben, a numerosos dereitos que lles foron garantidos por esa lei chamada de dependencia, que parece mentira que vostedes non recoñezan que foi o Partido Popular quen lle recortou ese desenvolvemento.

Por iso, precisamente, porque queremos reducir esas intolerables listas de espera, nós presentamos a solución que cremos que é acaída: por unha parte, cubrir os postos que permitan atender as necesidades estruturais, que as hai, que, ademais, somos unha poboación moi envellecida; pero tamén, por outra parte, claro que nos abrimos a estudar que tipo de demanda é a mellor, e, seguramente, mellor que pagarlle a persoal do Sergas horas extras por esas valoracións individuais, será mellor contratar para sacar adiante eses 17.000 expedientes e en todo caso dialogar cos representantes de traballadores e traballadoras deses equipos sobre cal é a mellor solución.

Esta cuestión non só repercute gravemente nas usuarias e nas persoas que precisan esta valoración de grao de discapacidade para acceder a eses dereitos, senón que tamén repercute

nos servizos sociais municipais. Por iso nós aquí temos representantes do Concello de Ribadumia, que viñeron ao Parlamento para denunciar que eles xa en 2016 enviaron unha moción —tamén, se non a teñen—, que foi presentada por rexistro na Consellería de Política Social o 14 de novembro de 2016, na que denunciaban eses atrasos intolerables de dezaoto meses. E despois do debate da Comisión 5ª ao que se referiu nós fomos a Ribadumia e precisamente —¡que casualidade!— nese momento chega a resolución dun expediente en que foi pedida esa valoración de grao de discapacidade o 2 de decembro de 2014 e resólvese o 9 de xuño de 2017.

Non pode ser, as agardas son intolerables, a solución non nos parece acaída, e tamén nos parece escurantista que nós pediramos ese borrador de convenio a través do artigo 9 e se nos responda: está en fase de borrador, e os sindicatos non o teñen —preguntamos—, pois pásennos o borrador. ¿Por que non son transparentes? ¿E por que, sen embargo, médicos si reciben por parte do seu Colexio a información xa bastante antes de que nós o pediramos, a información de que vai haber este convenio?

Aquí pasa algo. Aquí pasa que non se goberna de xeito transparente. Aquí pasa que segue a xente con esas listas de agarda intolerables. Por iso nós mantemos a nosa solución e, ademais, reforzámola con esa autoemenda que nós fixemos, que cremos que é importante recalcar. Agardamos que sexa tida a ben por parte de todos os grupos. Aceptamos incorporar a emenda do Bloque, que é algo que non engade nada novo. Así que agardamos que sexa tida en conta, e non só polas persoas usuarias que non poden acceder a eses dereitos, tamén polos servizos sociais comunitarios, que se ven desbordados e que fan de parapeto da incompetencia deste goberno por non poder cumprir a súa propia norma de resolver en tres meses. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vázquez Verao.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Luisa Pierres López e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para aumentar a convocatoria de concursos públicos de redacción de proxectos de arquitectura e urbanismo, así como propiciar fórmulas de participación dos profesionais novos e dos pequenos estudos

O señor PRESIDENTE: A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Popular.

(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta, ante esa Mesa, a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución:

Débase substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia para que:

- *Estableza convenios co Colexio de Arquitectos para promover concursos de ideas naqueles supostos nos que a singularidade das actuacións a levar a cabo así o aconsellen.*

- *Os órganos de contratación da Administración Xeral da Comunidade Autónoma e do seu sector público adopten medidas que faciliten o acceso á contratación de profesionais novos e novas e dos pequenos estudos de arquitectura nos supostos de contratos menores e procedementos negociados sen publicidade, de acordo co previsto na lexislación de contratos do sector público.”)*

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Pierres.

A señora PIERRES LÓPEZ: Grazas, señor presidente.

Boa tarde a todos e a todas.

Antes de nada, gustaríame saudar os profesionais de arquitectura que hoxe nos acompañan na tribuna, representantes do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, así como arquitectos e arquitectas independentes que hoxe quixeron estar aquí con nós. Benvidos e grazas por achegarnos as vosas preocupacións e aportacións, que son as que dan base a esta proposición non de lei.

Quero empezar a defensa desta iniciativa facendo mención a dous conceptos que duns anos a esta parte parecen estar esquecidos, e que son a calidade e a oportunidade. A merma ou a ausencia de ambos durante os últimos anos veñen parellas á crise económica, que comezou xa hai máis de dez anos. E non nos equivoquemos: a súa falla non é exclusiva dun único sector, senón que afectou a meirande parte das galegas e galegos.

Pero é certo que, se houbo un sector claramente afectado, foi o da construción. Este feito constátano os datos económicos e laborais oficiais. Segundo datos do IGE, no 2007 executáronse en Galicia 45.614 vivendas de nova planta, mentres que no ano 2015, último ano do que se teñen datos oficiais, foron apenas 1.149.

Pero quizais o máis grave e o que máis acentuou a crise neste sector foi a rápida desaceleración que sufriu, incapaz de recompoñerse a tempo.

No 2008 construíronse menos da metade das edificacións do 2007 e no 2009 xa era un terzo das do ano anterior; así ata chegar a este ano do 2017, cunha actividade do 3,43 % da que había no 2007. Isto quere dicir que onde antes se facían 100 visados ou 100 obras agora fanse apenas 4.

Fagan contas: se no 2015 se visaron menos de 2.500 proxectos de vivenda, tendo en conta que en Galicia exercen actualmente uns 2.700 arquitectos e arquitectas colexiadas, a cousa é que a proporción non sae sequera a un proxecto por profesional. Esta é a realidade, que afecta estes 2.700 profesionais, pero que, ademais, se traslada aos 2.440 arquitectos técnicos colexiados de Galicia, así como a todos os profesionais implicados e ligados ao sector da construción; estes son os delineantes, os xeólogos, os topógrafos, os albaneis, os encofradores, os soldadores, os ferrallistas, os carpinteiros, os xefes de obra, os cristaleiros, os instaladores

eléctricos... Estamos a falar, polo tanto, de miles de empregos, dunha cadea longa de afectados pola crise, dun sector que segue a agonizar logo de dez anos dende o inicio da crise.

Comentábase na parte expositiva desta iniciativa como o número de arquitectos colexiados baixou en preto de cincocentos profesionais. E se temos en conta que foron máis os arquitectos e arquitectas licenciados nos últimos anos e que Galicia recolle así mesmo profesionais formados nas escolas de arquitectura, especialmente do norte de Portugal, non pode ser máis que preocupante. A lóxica dinos que o número tería que ter subido pero nunca baixar. Isto ten unha clara lectura: que son moitas as licenciadas e licenciados que nos últimos anos tiveron que marchar de Galicia.

E falemos aquí, por tanto, dun dos dous conceptos que introducín ao principio, falemos da oportunidade. As xeracións que comezaban no 2007-2008 a súa independencia profesional, logo de seren moitos deles e delas falsos autónomos durante anos en estudos que coa crise tiveron que prescindir deles e delas, atopáronse cunha realidade difícil de asumir. A falta de proxectos de actividade na construción, a falta de experiencia contrastable como redactores ou directores de obra, fixo que algúns reconducisen o seu labor profesional cara a outras actividades e moitos outros víronse na obriga de buscar traballo no estranxeiro.

E quero deixalo claro, non era xente motivada pola aventura, por encher os seus *curriculum vitae*, por viaxar, por coñecer mundo, algo que aquí nalgún debate xa insinuou o señor Feijóo. Non fagamos desta diáspora das xeracións mellor preparadas da historia recente de Galicia e de España unha cuestión de desexo, pois foi un acto de responsabilidade e de obriga co seu propio futuro. Hoxe, dez anos máis tarde, moitos deles e delas xa non residen en Galicia, e por iso hoxe tamén quero citar concretamente algúns deles. Sandra e Carlos viven en Lima, en Perú, con dous fillos nados alí; Fátima e Jesús, en Alemaña, cun fillo nado alí; Miguel e Yolanda, en Bruxelas, con tres fillos, tamén nados alí. Todos eles traballan como arquitectos. E podería falar de moitos outros e moitas outras, pero os que acabo de nomear, así como moitos máis, son exemplo de profesionais excelentes academicamente, e premiados profesionalmente na nosa terra, cando si había traballo. Pero —e quero recalcar isto— víronse na obriga de marchar. E no seu caso polo feito, se cabe máis agravado, de ser parellas de arquitectos, incapaces de sobrevivir pola extrema dificultade de que polo menos un dos dous atopase un traballo na profesión para a que estaban formados.

Isto, señores e señoras deputadas, ten un nome, chámase talento perdido, ese que agora tanto se nomea neste Cámara. Marcharon seis e, con eles, outros seis futuros galegos e galegas, a renovación xeracional da que tanto adoce esta terra, o futuro talento que talvez perdamos, ese si, para sempre. E iso tamén ten un nome, chámase futuro perdido. Por iso, falemos das oportunidades, das que eles e elas non atoparon.

Un dos puntos da iniciativa que hoxe presentamos reclama unha revisión dos criterios do procedemento de adxudicación dos contratos para propiciar fórmulas de participación dos profesionais máis xoves, e dos pequenos estudos. Estamos a falar, polo tanto, da defensa dos pequenos profesionais liberais, ou autónomos, así como dos pequenos estudos de dous ou tres profesionais, que, pola dimensión das súas empresas, se ven con serios problemas, por non dicir totalmente imposibilitados, para optar ás contratacións públicas.

Foron moitos os procesos de concursos que nos anos previos á crise se levaron a cabo. Exustamente quero lembrar hoxe os concursos de vivenda pública que no 2007 se licitaron, e nos que moitos dos pequenos estudos e profesionais máis novos e novas conseguiron a oportunidade de participación. Foi unha grande aposta pola política de vivenda nese momento, e pola igualdade de oportunidades para os profesionais do sector. E iso é o que con esta iniciativa estamos a reclamar aquí: que se poñan en marcha medidas de discriminación positiva que permitan aos arquitectos máis novos acceder a procesos de contratación, tanto de obra grande como de pequena.

E como o meu afán, o desta deputada, sempre é —espero que sempre o sexa— construtivo e propositivo, recollan o testigo de experiencias xa levadas a cabo polo propio Colexio de Arquitectos de Galicia nas que se promoveron concursos nos que unha das cláusulas de participación exixía precisamente a presenza de polo menos un arquitecto ou arquitecta nova no equipo redactor.

Estas son as medidas exemplares que agardamos dunha administración autonómica como esta, que entendemos que debería facer o posible por, por un lado, reter o talento, e, por outro, dotar de oportunidades de traballo os profesionais con máis dificultades.

E falemos agora doutro concepto, da calidade. Vostedes argumentan que os concursos de ideas e de proxectos só teñen cabida cando as obras son de envergadura e cando os tempos o permitan. Antepoñen —e así o comentan na súa resposta escrita a esta mesma iniciativa— a prontitude respecto da calidade. Nós temos claro que este tipo de concursos son os que aseguran a calidade das obras, sexan estas grandes ou pequenas, e non os tempos de execución.

Falar de calidade é falar da capacidade para ler o territorio, para visualizar o futuro dunha área, as sinerxías que unha edificación vai provocar no seu contorno próximo, de propor a mellor calidade construtiva, a mellor funcionalidade, a súa adecuación ao uso. Esa é a calidade, a suma de todo isto, a capacidade para propor o mellor proxecto que responda a todos os condicionantes dun lugar e dunhas necesidades previas.

E todo isto ten que ver co talento, e ese vai coa persoa. Son os concursos de ideas os que mellor aproveitan ese talento, e son os máis talentosos os que deberían desenvolver as edificacións públicas de Galicia. Porque os galegos e galegas merecen algo máis que contedores de funcións que sexan estables simplemente á chuvia e ao vento. Os galegos merecen arquitectura na calidade que se demanda para o turismo, para a gastronomía, para o sector téxtil. Se vostedes promocionan a calidade dos produtos galegos, do turismo galego, da moda galega, da cultura galega, promocionen a calidade das edificacións, que serán patrimonio de todos os galegos e galegas, dando exemplo e poñendo o acento no talento. Todos nós merecemos escolas, garderías, centros de saúde, centros sociais, centros de día, residencias de anciáns, mercados, piscinas e espazos públicos de calidade.

Entendan que un concurso de ideas dá a posibilidade á Administración de poder elixir, ademais, entre moitas propostas tanxibles, e non só en función dun perfil meramente técnico ou de experiencia. Estes concursos serven de feito tamén para primar o esforzo dos profe-

sionais que resulten finalistas, algo que serve e serviu no pasado como méritos precisamente de cara a concursos futuros. E isto é abrir portas ao futuro, ese que moitos non atoparon. Por iso, pedimos o incremento destes, e pedímoslle un compromiso para fixar eses obxectivos dun xeito cuantitativo que teña o horizonte posto no 2020.

A expensas de seguir coa exposición no turno de réplica, agardo de verdade o apoio de todos os grupos a esta iniciativa, e, en todo caso, que poidamos transaccionar un acordo que acade un consenso.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pierres.

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Prado.

A señora PRADO DEL RÍO: Moitas grazas, señor presidente.

Benvidos, e un saúdo tamén para os profesionais que nos acompañan.

Señorías, efectivamente trae hoxe o Partido Socialista unha iniciativa que recolle as reivindicacións dun dos sectores máis afectados pola crise. A baixada do número de visados, como comentaba a señora Pierres, tivo consecuencias, xa que a crise afectou dunha forma especial o sector da construción. Ao longo destes anos, a actividade dos profesionais do dito sector reduciuse, se ben xa se percibe unha mellora evidente, á que axudan as políticas postas en marcha pola Xunta de Galicia.

De acordo co marco competencial da Consellería de Ordenación do Territorio, a Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo aporta subvencións ao planeamento municipal e financia obras do Plan Hurbe nos concellos: proxectos de humanización, de urbanización e equipamentos. No primeiro caso é o concello o órgano que contrata, e, no segundo, o financiamento ten lugar ben con convenios que se materializan por transferencia directa aos concellos ou por financiamento íntegro da Dirección Xeral.

Tamén conviría, señora Pierres, que, ademais de animar a Administración autonómica a que poña en marcha esta iniciativa, tamén os concellos onde vostedes gobernan ou as deputacións que vostedes gobernan —tres das catro deputacións da nosa comunidade autónoma— tomasen nota desta iniciativa e das súas propostas, coas que o Grupo Parlamentario Popular está de acordo, e así llo trasladamos. Temos presentada unha emenda e creo que é posible chegar a un acordo, porque o Grupo Parlamentario Popular tamén ten recibido reivindicacións deste colectivo. Reunímonos con representantes do Colexio de Arquitectos de Galicia e recibimos esas emendas, esas suxerencias á Lei de contratos do Estado. Nós trasladamos aos nosos compañeiros e compañeiras do Congreso dos Deputados as ditas reivindicacións —que tamén lles chegaran do Consello Superior de Colexios de Arquitectos de España—. E, das 13 emendas que presentou o Consello Superior, 7 foron aceptadas integramente co texto literal que propoñía o Consello, e 3, parcialmente. Estamos falando de 10 de 13, case o 80 % das reivindicacións quedaron recollidas nese proxecto de lei que se aprobou no Congreso dos De-

putados, que agora está no Senado e que volverá ao Congreso para ser definitivo. Polas emendas que eu vin que se presentaron no Senado, esas demandas non quedan tocadas; é dicir, non hai emendas sobre esas cuestións nas que houbo acordo no Congreso dos Deputados.

Pero o que si é certo é que nós tamén coincidimos con que hai que apoiar os pequenos estudos, hai que apoiar os novos profesionais, a xente máis nova, e por iso na nosa emenda e creo que, despois, nun texto que estamos traballando para transaccionar melloramos incluso tanto o texto da proposición como o texto da nosa emenda. E, se todos conseguimos chegar a un acordo como ao que se chegou no Congreso dos Deputados, pois creo que as necesidades e as demandas destes profesionais, —sobre todo dos máis novos, que o que máis nos preocupa é darlles oportunidades de traballo a estes profesionais— poden quedar perfectamente resoltas; aínda que sempre se pode facer máis, por suposto, pero neste caso creo que si.

Falaba vostede, señora Pierres, dos concursos de proxectos. Nós cremos que deben aplicarse ás intervencións que teñan especial relevancia arquitectónica ou urbanística, como pode ser o recentemente convocado concurso para a transformación da estación de autobuses para edificio da Administración da Xunta de Galicia. E nestes de especial transcendencia, nos que as propostas poden ser moi variadas e ofrecer distinta solucións de cidade, ou de intervención no territorio, pois pode resultar interesante adxudicar o servizo atendendo exclusivamente a criterios técnicos obxectivos. Pero como hai outras cuestións que non poden ser suxeitas a un concurso de ideas, como por exemplo a renovación dunha cuberta dun edificio —que ás veces pasa en colexios, en centros de saúde, exemplos que vostede puxo aquí—, pois, efectivamente, non se pode xeneralizar a todos os casos. Aí vai a nosa emenda, e aí vai un pouco a nosa proposta.

Por tanto, todos os nosos esforzos están destinados á creación de emprego, e fundamentalmente aos máis novos. E nese sentido cremos que, ademais de todas esas cuestións que se resolveron no Congreso dos Deputados, como incrementar os anos de solvencia técnica, primar a calidade fronte á oferta económica, engadir no obxecto do concurso a dirección de obra, incrementar tamén os procedementos abertos ou restrinxidos, a compensación económica obrigatoria na segunda fase do concurso, ampliar os membros do xurado coa mesma cualificación que a exixida aos participantes, o carácter vinculante do ditame do xurado e o desenvolvemento regulamentario das disposicións sobre concursos de proxecto —insisto, demandas que xa están recollidas na Lei de contratos do Estado despois do acordo ao que se chegou no Congreso dos Deputados—, creo que en Galicia podemos seguir traballando para facilitar que os profesionais máis novos e que os pequenos estudos teñan máis traballo, e insisto en que non só a Administración autonómica, senón tamén todos os concellos, incluídos nos que goberna o Partido Socialista, o Bloque Nacionalista Galego e As Mareas de Podemos, e tamén as tres deputacións gobernadas polo Partido Socialista, señora Pierres, ás que vostede tampouco debe perder de vista.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Boa tarde.

Esta iniciativa pon o foco nunha realidade que é máis que evidente nos últimos anos, que é a da precariedade, a da inestabilidade e o incremento do desemprego en todas as profesións relacionadas coa construción, como xa se dixo aquí, e que levou á perda de centos de postos de traballo de profesionais; non só na arquitectura, evidentemente.

A nós parécenos importante facer unha referencia ás causas desta situación, que non é exactamente, entendemos nós, dende o BNG, a crise, senón o fracaso dun modelo económico, da creba desa cultura do ladrillo, da especulación e do beneficio rápido para a banca e para as promotoras que levou a graves consecuencias sociais, a auténticos dramas sociais e tamén a unha redución brutal da obra de iniciativa pública e tamén da obra de iniciativa privada.

Por tanto, estamos, ou debemos estar, nun debate sobre o necesario cambio dese modelo económico, que pasa, entre outras cousas, por incentivar o investimento público, o investimento en equipamentos e infraestruturas relacionadas coa obra pública, coa construción e a vivenda, coa rehabilitación, coa rexeneración urbana —tanto nas cidades, nas vilas e no rural—, co patrimonio cultural, co patrimonio natural, cunha mobilidade diferente á que predomina nestes momentos. E todo isto serviría tamén para incrementar a actividade económica e a creación de postos de traballo, xa digo, cun importante papel do sector público e da iniciativa pública.

A realidade é que estamos centrando o debate nos concursos, e os concursos *per se* non son tampouco unha panacea. Nos últimos tempos escoitamos con moita frecuencia visións críticas de profesionais e de colexios de profesionais de arquitectura a respecto desta cuestión. E cito un exemplo que pode ser representativo de moitas opinións a este respecto: «A convocatoria de concursos de arquitectura pola Administración e particulares foise convertendo nun método para obter de maneira case gratuíta a achega de valor engadido de calidade, ofrecendo a cambio unhas gratificacións, cando as hai, cada vez máis exiguas».

Compartimos, polo tanto, a preocupación desta situación e esta demanda que fai o Grupo Socialista, aínda que non nos convence exactamente a fórmula deste 10 %; pensamos que, realmente, o debate está noutro ámbito: ten que ver, efectivamente, con esa reforma da Lei de contratos do sector público para traspoñer as directrices europeas. Parécenos que o camiño é esas emendas que foron formuladas polo Colexio Superior de Arquitectos e Arquitectas do Estado, que, algunhas delas, efectivamente, foron tidas en conta —aínda non está aprobado o texto desa lei—, e entendemos que o camiño é profundar nesas cuestións; e, en todo caso, desenvolver a lei con regulamentos ou con códigos —que temos que facer tamén aquí, en Galiza— de boas prácticas, códigos sobre os concursos de proxectos, establecendo, por exemplo, que as licitacións de servizos de arquitectura e urbanismo, hoxe en día, son prestacións de carácter intelectual e, polo tanto, teñen unhas características diferentes ás doutros servizos.

Tamén nos parece fundamental avanzar na necesidade de que haxa por sistema dúas fases nos concursos de proxectos: unha primeira fase na que se presente unha idea, un antepro-

xecto e, na segunda fase xa, as propostas seleccionadas desenvolvan un proxecto definitivo, e que neses casos —parece lóxico— haxa unha compensación económica aos participantes. Tamén estamos de acordo, desde logo, en incrementar o período de anos de solvencia e de experiencia fronte a ese criterio moi restritivo que estaba, nun principio, no texto da lei.

E tamén nos parece oportuno e necesario —tamén en consonancia coas directrices europeas— mellorar o que sería o incentivo e a promoción da participación de pemes e de profesionais xoves nos concursos de proxectos.

E tamén, desde logo, apoiamos que os criterios de valoración lles dean prioridade á calidade dos proxectos, aos valores técnicos e funcionais, e aos valores arquitectónicos e ambientais.

E tamén compartimos que os xurados teñen que estar compostos maioritariamente por persoas expertas e que o seu criterio ten que ser determinante, ten que ser prioritario; polo tanto imos apoiar esta iniciativa, aínda que non compartimos exactamente esta vía das porcentaxes. E parécenos máis oportuno abrir un debate, que se ten que dar tamén neste Parlamento, sobre a necesidade de que nos dotemos en Galiza dun código de boas prácticas, no camiño que parece perfilar esa nova lei, para que realmente avancemos e mellorar as prácticas a respecto dos concursos de proxectos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Cal.

O señor CAL OGANDO: Grazas, presidente.

Boa tarde a todos e a todas.

Boa tarde á xente que nos acompaña tamén na tribuna.

O noso grupo vai votar a favor desta iniciativa que presenta hoxe o Partido Socialista, porque recolle as demandas dun colectivo moi relevante, que está atravesando unha difícil situación derivada da crise do sector da construción.

Apoiamos esta demanda concreta, que traslada o Parlamento galego á Xunta de Galicia, e as alegacións dos colexios de arquitectos, focalizadas en dúas actuacións moi concretas, referidas a un aspecto parcial da problemática deste colectivo. Nos concellos do cambio, onde gobernamos —como di a señora Prado, «as Mareas de Podemos»—, xa se deron pasos neste senso para dignificar o traballo deste colectivo —debe informarse vostede mellor antes de vir aquí—: polo tanto, a nós parécenos totalmente acaído.

Dito isto, imos aproveitar o tempo desta intervención para ampliar o foco do problema, non só dos arquitectos senón do conxunto do sector, das persoas que traballan na construción, do papel deste sector na estrutura económica e na crise.

Un dos elementos diferenciais da crise global, tanto en Galicia como no conxunto do Estado español, foi a explosión da burbulla inmobiliaria. A construción, tanto de vivenda como de obra civil e infraestruturas públicas, acadou en España e en Galicia un peso desproporcionado na actividade económica e no emprego. Durante máis dunha década, foise creando unha situación especulativa baixo a responsabilidade do *lobby* construtor, en alianza co bancario, que contou coa complicidade dos diferentes gobernos, que tivo efectos moi negativos sobre a estrutura económica e a especialización produtiva; unha situación insostible que, cando estoupou, levou por diante miles de empresas, millóns de empregos e unha boa parte do sistema financeiro. Un tempo de estafa á cidadanía, porque a falta de políticas de vivendas públicas e a rapina das inmobiliarias dificultaron o acceso á vivenda das familias, que tiveron que endebedarse para toda a súa vida para pagar vivendas con prezos inflados. A recesión, agravada pola explosión desta burbulla, supuxo ademais unha condena a moitas familias, que foron expulsadas das súas vivendas, ao tempo que se xerou un enorme parque de vivendas deshabitadas: xente sen casa e casas sen xente.

En termos de emprego, en España pasouse de 2,5 millóns de empregos directos na construción a tan só 863.000: perdéronse 1,6 millóns de empregos. En Galicia, pasamos de 131.000 en 2008 a 61.000 en 2014: perdéronse máis de 1 de cada 2 postos de traballo directamente empregados no sector, sen ter en conta as industrias e outras actividades relacionadas. E no segundo trimestre de 2017, o número de ocupados é de tan só 62.300. Estas cifras marcan os límites do que deberían ser o papel e o peso do sector na economía galega, moverse nunha situación intermedia entre o mínimo actual e o insostible nivel de 2008: o sector debería moverse na contorna dos 100.000 empregos.

Agora ben, para recuperar o nivel de actividade e de emprego non se pode volver aos erros do pasado; non se pode volver enladrillar o país nin dedicarse a construír aeroportos sen avións ou autoestradas sen coches. Recuperar o nivel de actividade que permita que os arquitectos volvan ter traballo e tamén o resto das persoas que traballan na construción pasa por actuar con intelixencia e lóxica económica e social, que, na opinión de En Marea, pasa por catro eixos: por unha banda, un plano de rehabilitación de vivenda, porque unha parte relevante delas está envellecida e mesmo foi construída con baixos estados de calidade. Rehabilitar para mellorar a habitabilidade, avanzar na eficacia enerxética ou solucionar os problemas de accesibilidade para mellorar a vida das persoas.

Por outra banda, unha política de vivenda pública, en especial en réxime de alugueiro, para dar unha oportunidade real de acceso á vivenda ás persoas de menos recursos e como forma de impedir unha nova escala especulativa.

Outra cuestión sería a recuperación do investimento público necesario para as infraestruturas de carácter social, na sanidade, no ensino ou na protección a persoas dependentes, que permita obras de mellora en moitas instalacións deterioradas por falta de mantemento. E, por último, unha política intelixente de investimento en infraestruturas de proximidade, en obras necesarias para articular a vida económica e social, que actúe en termos de sustentabilidade e intermodalidade, que abandone a lóxica das obras faraónicas en favor da lóxica da necesidade do aparato produtivo e da xente.

E remato. O que nós propoñemos é recuperar a actividade para recuperar o emprego, o dos arquitectos e arquitectas, pero tamén o do resto dos profesionais do sector. E facelo dende a intelixencia e a responsabilidade para non avanzar por un camiño que nos levou ao desastre.

Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Cal.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Pierres.

A señora PIERRES LÓPEZ: Grazas, presidente.

Ben, agradecer, o primeiro, o apoio dos grupos parlamentarios e a intención, ademais, de chegar a acordos nunha cuestión que, creo, é de xustiza cun sector duramente xa castigado.

Tamén, grazas, señora Prado, polos consellos; pero non deixe de durmir por este tema, que me consta que o propio Colexio de Arquitectos está tamén a petar noutras portas e administracións. Así que durma tranquila.

Señor Bará, ten razón, hai moito que traballar nas fórmulas e cláusulas dos concursos de proxectos e avanzar nese código de boas prácticas que vostede comenta. Agardo tamén que ese debate poida ser levado aquí nun futuro.

Por outro lado, agradezo o apoio, posto que aquí, con esta iniciativa, nin sequera se pretendía nin pedir máis contratacións, nin máis licitacións, nin máis vivendas; esta iniciativa fala só de primar a calidade, aínda que sexa pouca a obra nova que se execute, e de apoio tamén a aqueles que menos oportunidades teñen. O de pedir máis obra pública, especialmente de vivenda pública, é, señores do Partido Popular, case inexistente a día de hoxe; deixámolo xa para outro día.

E xa para ilustrar aínda máis a situación dos arquitectos máis novos —e, aquí, gustaríame facer un inciso: un arquitecto considérase novo ata os 40 anos de idade e é polo mero feito da lentitude do proceso construtivo—... Decía que a todos eses arquitectos, que foron falsos autónomos durante anos, que foron colaboradores de estudos, dentro da nosa comunidade ou doutras, que coa crise prescindiron dos seus servizos, eu pregunto: ¿que opción lles quedaba? ¿Danse conta de que, a pesar da súa valía, posto que moitos foron executores na sombra de moitos dos mellores proxectos desta comunidade, esa valía e experiencia non lles vale de nada se non demostran contratacións ou direccións ao seu nome?

O mesmo que ocorre con moitas mulleres arquitectas, que, sendo copartícipes coas súas parellas de estudos de arquitectura, decidiron, conxuntamente cos seus socios, non estar colexiadas para aforrar gastos de estudio, o que lles impediu aparecer como coautoras de moitos proxectos que levaron a cabo e, polo tanto, non poden a día de hoxe acreditar esa solvencia ou experiencia. Este tamén é outro tema, que fala da transversalidade, da posta en marcha de medidas de igualdade entre homes e mulleres —máis ben da falta de posta en marcha de medidas— e que sería, tamén, froito doutra iniciativa.

E, xa para rematar esta intervención: nesta Cámara fálase sempre do pequeno emprendedor, do impulso que precisa, das axudas que destinan a impulsalo, a que se estableza, aplauden os e as valentes que emprenden o seu propio camiño. Pois este é o momento para que fagan gala dese apoio e capten o talento, fomenten que xurda e que permaneza, porque de nada serve darlles todo para empezar se logo non teñen clientes potenciais. Lembren a cifra que dei antes: menos dun encargo por arquitecto en Galicia.

Onte dicíame unha persoa que non entendía como as administracións do Estado e as autonómicas non puñan en marcha cláusulas de rescisión de contratos de todos os que marchaban de Galicia, como fan os clubs cos futbolistas. Están formados aquí, cos medios do país, pero o froito de todo ese esforzo, que é futuro conxunto para un país, pérdese e déixase escapar. Sirva este comentario e reflexión, cando menos, para facernos recapacitar sobre a baixa estima que neste país se ten polo talento propio e, especialmente, nas carreiras científicas ou técnicas.

Fagamos o posible por mimar, animar e convencer todos os que marcharon de que aquí teñen un oco e de que temos en conta a súa valía. Sumemos talento, calidade e oportunidades e aseguremos un futuro para Galicia.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pierres.

Se negocian a transacción fáganme chegar o acordo.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións do Goberno galego en relación co proxecto de construción dun macrocomplexo comercial e de lecer no monte comunal de Liñeiriños-Cabral

O señor PRESIDENTE: A esta proposición non de lei non se presentaron emendas.

Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Boa tarde.

Quero darlle a benvinda a este Parlamento á representación da veciñanza de Cabral, que está aquí presente. E quero recoñecer expresamente o seu exemplo de loita, dunha loita en defensa do monte fronte á especulación, fronte ao espolio do patrimonio e a destrución do tecido comercial local que se intenta perpetrar; unha loita fronte a un modelo económico depredador, empobrecedor, de explotación e de precariedade, que nos parece que, ademais, é un exemplo claro desa economía especulativa, da economía de casino, de ladrillo — precisamente, da que falamos antes —, que nos levou a esa catástrofe. Un sistema, un modelo depredador do solo e do monte, para beneficio privado e empobrecedor da economía local, destruindo emprego estábel e creando emprego precario, e destrutor tamén do tecido urbano

—e este é un dos principais impactos que teñen estes grandes macroproxectos: que desertizan os centros urbanos, e temos exemplos próximos de cidades galegas que están sufrindo esta situación—. E cando se destrúe o tecido urbano estase eliminando esa función vertebradora e cohesionadora que ten o comercio das nosas cidades. Son proxectos que teñen fortes impactos ambientais non só no que ten que ver coa destrución da paisaxe e o monte, senón tamén no que ten que ver coa mobilidade, provocando desprazamentos innecesarios á periferia para compras, provocando contaminación, perda de tempo, deshumanización e tamén, normalmente, frecuentemente, a desfeita que provocan na construción dos accesos.

Esta é, a de Cabral, podemos dicir que unha loita de David contra Goliat, unha loita na que David xa tivo importantes éxitos e vitorias, como, por exemplo, o feito de que gañase a veciñanza de Cabral unha asemblea da comunidade de montes na que se aprobou por maioría rexeitar a venda de terreos para este proxecto no ano 2013. Esa é a democracia, a democracia da veciñanza dicíndolle «non» a este proxecto, loitando e tendo esta vitoria democrática fronte e contra a todopoderosa maquinaria económica, propagandística, de xigantes da economía especulativa e dos macronegocios como INTU e Eurofund Investments, que son multinacionais que están promovendo en todo o Estado estes grandes macroproxectos, como o de Zaragoza, como en Málaga, como en Mallorca, e que utilizan moitísimo diñeiro para comprar vontades, para intentar comprar a opinión pública con ilusións, con promesas, con engados e con abelorios. Xa di aquela vella cita de que é máis fácil conquistar con abelorios que con fusís. Son empresas multinacionais expertas na manipulación, que están levando esa campaña propagandística millonaria, cunha enquisa incluída, unha consulta popular seica moi rigorosa, na que lle deben preguntar á xente se queren que se creen 4.000 postos de traballo na área de Vigo. Falan dun investimento de 685 millóns de euros e de que é un proxecto máis que verde, un proxecto, con todo o que dixen antes, máis que verde. É dicir, a fantasía dos mundos de Yupi.

Agora, máis alá desa campaña propagandística, máis alá dese intento de comprar vontades, veñen cunha campaña para condicionar as decisións da Administración intentando que se fagan leis e normas á medida dos poderosos, preparando o terreo para esas novas normas que pretenden imponer e utilizando como aliados tamén unha certa colaboración indíxena —que é propia de todos estes proxectos coloniais— con, sobre todo, o apoio da directiva da Comunidade de Montes de Cabral, esa directiva que perdeu esa asemblea na que a veciñanza dixo «non» a este proxecto.

E, claro, fronte a esta situación e estes intentos agora de que se tomen decisións por parte da Administración, hai quen ten unha postura clara e hai quen se move na ambigüidade. E pensamos que este debate vai servir, vai ser útil, precisamente para que cadaquén se retrate e diga qué pensa, qué opina, arredor deste proxecto, un proxecto dun macrocentro comercial e de lecer que suporía a ocupación de máis de 300.000 metros cadrados de monte comunal, un proxecto fantasma que non pasou da fase das infografías; con grandes marcas comerciais como Ikea, que xa se instalou practicamente en todo o territorio próximo e vemos moi difícil que estea interesada neste proxecto que vai botar anos se chega alá —que esperemos que non—, e con pistas de esquí con neve artificial, cunha lagoa artificial navegable. Como se ve todo, todo, moi perfectamente artificial. E con esa supercampaña millonaria e propagandística nestes momentos non hai nin anteprojecto nin hai proxecto nin estudo de viabilidade

nin de impacto ambiental nin de nada parecido. Este era un desenvolvemento previsto no Plan xeral de Vigo como de iniciativa pública, e, como ese plan está anulado por unha decisión da xustiza, pois non ten outra vía de saír a adiante que a que están intentando agora os promotores do proxecto, que é a dunha proposición non de lei de iniciativa popular —popular do pobo, non do Partido Popular— que pretende instar a Administración a desenvolver Porto Cabral como un proxecto supramunicipal ou como un proxecto de interese público. Claro, coma se fose un hospital, coma se fose un colexio, coma se fose un servizo público realmente de interese público, quérenlle dar ese carácter de interese público a unha iniciativa que busca claramente a especulación, o beneficio máximo, o beneficio privado de grandes multinacionais que deixan aquí os impactos e que levan os beneficios para fóra.

Se non lles vale esta fórmula, que, claro, cando chegue aquí terá que ser apoiada por algún dos grupos presentes nesta Cámara, porque así se tramitan as iniciativas destas características, as iniciativas populares de proposicións non de lei, pois agora teñen outra solución no Partido Popular, que é a nova Lei de implantación de iniciativas empresariais, que inclúe figuras como a declaración de proxectos empresariais singulares ou os proxectos industriais estratéxicos. E supoñemos que estarán pensando nalgunha destas fórmulas para apoiar este macroproxecto de Cabral, pasando por riba das competencias municipais e tamén da lexislación sectorial.

Pero ben, arredor deste proxecto de Liñeiriños hai moitas zonas de sombra, hai moitas manobras na escuridade, moita ocultación e moitas sospeitas. É un proxecto que está baixo sospeita e baixo as sombras de dubidosa legalidade. E aquí, neste proceso, ten un papel clave a directiva da Comunidade de Montes de Cabral, con actuacións que bordean a legalidade ou que se sitúan claramente dentro da ilegalidade, presuntamente delitivas —e hai procedementos xudiciais abertos precisamente sobre esta cuestión—, cunha xestión económica pouco transparente e pouco democrática, e levando a cabo decisións como, por exemplo, as permutas de terreos fraudulentas como a que se fixo o 10 de abril do ano 2012, na que se permutaron dúas parcelas agrupadas, unha delas mercada ao Concello por 198.000 euros, cualificada como solo urbano de uso industrial, por dúas parcelas agrupadas de solo rústico de protección forestal e que se permutaron cunha promotora privada chamada Grucave. Pois ben, ¿saben en canto se valoraban as parcelas da comunidade de montes? En máis de 800.000 euros. E as parcelas de Grucave, entre 70.000 e 80.000 euros. Precisamente por isto esta permuta está baixo investigación xudicial; e o presidente da comunidade de montes, imputado por apropiación indebida.

Tamén nos últimos anos 2012, 2013 e 2014 a comunidade de montes levou a cabo a compra de terreos, sen a autorización da Xunta de Galiza, por valor de máis de 2 millóns de euros. Isto parécenos extremadamente grave porque a Xunta de Galiza está facendo deixación de funcións e non está vixiando para que se cumpra a Lei de montes. Está permitindo que esta comunidade de montes, que esta directiva, mellor dito, actúe como unha axencia inmobiliaria mercando terreos, traficando con terreos, para favorecer este proxecto empresarial.

Tamén foron denunciadas obras ilegais de explanación dos montes, cortas de árbores non autorizadas. E, recentemente, denunciouse a construción dun paseo no río Lagares sen autorización de Augas de Galicia, unha obra que ten un investimento de máis de 1,5 millóns de

euros e que o BNG tamén vai facer que se debata nesta Cámara, porque nos parece que é unha tomada de pelo que se permita desde a Administración autonómica que se fagan estas ilegalidades.

Por tanto, estamos diante dun «sen fin» de irregularidades coa pasividade cómplice da Xunta de Galiza a pesar de todas as denuncias dos comeneiros da parroquia. Pensamos que hai que poñerlle freo a este proxecto, que é un proxecto que ten un impacto negativo, un impacto paisaxístico, un impacto ambiental negativo, un impacto sobre o emprego e sobre a economía. E a maneira de facelo é desde as competencias do Concello e tamén desde as competencias que ten a Xunta. Ao Concello, desde logo, corresponderalle facer un plan, un novo plan, que impida esta aberración que se pretende cometer no monte da parroquia de Cabral. E á Xunta correspóndelle, no uso das súas competencias tamén...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor BARÁ TORRES: ...por exemplo, o que propoñemos, que é aprobar un plan sectorial de equipamentos comerciais e unha moratoria de dez anos na implantación de grandes superficies comerciais na área de Vigo, igual que exercer o control e vixilancia sobre o funcionamento —para que sexa un funcionamento claro, transparente e democrático— da Comunidade de Montes de Cabral.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Losada.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Grazas, señor presidente.

Señoras e señores deputados.

Señor Bará, xa que me consta que vostede sabe que a historia importa, eu neste caso vou acudir á historia. Vou acudir á historia porque creo que vostede contou unha parte do que está acontecendo, pero esqueceuse doutra.

Seguro que sabe quen é Lois Pérez Castrillo, seguro que sabe quen é Xabier Toba e seguro que sabe quen era Xabier Rivas. Eran o alcalde de Vigo, o concelleiro de urbanismo e o xerente de urbanismo da cidade, do Concello de Vigo. E sabe perfectamente que o plan xeral proposto por un goberno presidido polo señor Castrillo lle custou a alcaldía a un alcalde socialista. Porque o Bloque Nacionalista Galego retiroulle o apoio e permitiu que Corina Porro fose alcaldesa de Vigo o resto da legislatura. Se quere, doulle as datas: exactamente o día 13 de decembro do ano 2003. Ese plan, que é o plan do 2008 —non se sorprenda, creo que non estou dicindo ningunha cousa que sexa falsa—, o plan aprobado no ano 2008, recoñecía o ámbito PAU-6 Cotogrande como chan urbanizable non programado, suelo urbanizable con destino a uso comercial, nada de uso público. Non sei quen llo dixo, pero dixéronllo mal. ¡Suelo comercial! E suelo comercial —polo menos na miña cabeza— son

comercios, son comercios. Eu non vou defender as grandes multinacionais do ocio, do lecer, e das superficies comerciais. Pero o que non se pode é falsear a historia político-urbanística do Concello de Vigo nas dúas últimas décadas. Creo que non se pode e, desde logo, non se debe, non se debe. Polo tanto, esta é a primeira cuestión: 1,5 millóns de euros que —insisto— lle custaron ao Partido Socialista de Galicia a alcaldía de Vigo, porque era unha condición *sine qua non* do Bloque Nacionalista Galego para apoiar a Ventura Pérez Mariño como alcalde de Vigo. E, polo tanto, estaría ben que iso tamén constara en acta para que teñamos todos os datos.

Dito iso, eu non vou defender a actual directiva. Supoño que se defenderá soa. O que si é certo é que a min me parece absolutamente lícito que, con indemnizacións pagadas á comunidade de montes por ocupación pública de terreos —por exemplo, Aena—, se compren outros montes. E se a alguén non lle parece lícito ou lle parece especulación e tráfico de non sei que influencias, ¡home!, estaría ben que, ademais de dicilo, o explicara. Porque eu francamente non o entendo, pero pode ser un problema de comprensión deste deputado.

Un arquitecto eu creo que sobranceiro no que é a obra de Vigo e a propia concepción urbanística de Vigo e da súa área, como é Salvador Fraga, que seguro que vostede coñece, dixo nalgún momento, con bo sentido, que unha cidade industrial, e que ten bastantes servizos especializados en apoio á industria, necesita un sector de servizos comercial importante. Eu non sei se ten que estar en Liñeiriños, non sei se ten que estar nalgún outro lugar. Eu non son urbanista, non son arquitecto. Eu sei que neste momento hai un certo déficit dalgunhas marcas comerciais moi relevantes na área urbana de Vigo. E vostede, que seguro que coñece a moita xente de Vigo, e seguro que os veciños de Cabral que nos acompañan tamén o saben, sabe os centos de persoas... Hai un estudo feito —que é verdade que é un estudo e, polo tanto a través dun muestreo— que fala de 2 millóns de desprazamentos anuais dende a área metropolitana de Vigo a unha marca comercial concreta na Coruña e en Porto, en Porto-Braga. Polo tanto, sabemos do que estamos falando. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, Ikea, exactamente, Ikea. Está perfectamente estudado e, polo tanto, non sei se son 2.000.000, 1.800.000 ou 2.100.000 desprazamentos. Polo tanto, eu négome a curtocircuitar o desenvolvemento económico e comercial da área metropolitana de Vigo. Por suposto que a protección medioambiental do monte de Vigo, toda. Volvo repetir: curtocircuitar o desenvolvemento económico, non. Non sei se vale aquilo de «*dentro de la revolución todo; fuera de la revolución, nada*», pero a idea é esa. Curtocircuitar o desenvolvemento económico, non.

Por certo, hai apoio de asociacións comerciais a este centro; non todas efectivamente. Non está absolutamente contrastado e hai algún caso... O de Palma non o coñezo. No caso de Zaragoza, a raíz dunha información que estiven vendo, tampouco o impacto —polo menos o impacto que aparece na prensa— é tan negativo. Tamén é verdade que Zaragoza é unha cidade absolutamente illada, digamos que no medio dun deserto demográfico, con todos os respectos á cuestión.

E, polo tanto, volvo repetir, eu creo que convén máis rigor. Non me gusta nada esa palabra de «indíxenas», pareceume volver ao colonialismo belga do XIX. Non sei que significa indíxenas. Nativos gústame un pouco máis, porque indíxenas de verdade me...

E logo, de verdade, señor Bará, falar de comprar vontades con grandes mentiras, eu creo que nestes tempos, co que está pasando neste país, case mellor non falar moito diso; case mellor non falar de comprar vontades con grandes mentiras.

Nós imos votar en contra desta iniciativa por dúas razóns fundamentais: primeiro, porque me parece que unha moratoria no concello de Vigo... Vostede aquí dixo na área, pero o que pon no texto é «no concello de Vigo». Polo tanto, a ver se o van facer en Mos, ja ver se o van facer en Mos!... Claro, é que a min preocúpame un pouco iso. (*Aplausos.*) Polo tanto, unha moratoria. ¿E por que non en Pontevedra, na Coruña, en Ferrol, en Santiago, en Lugo e en Ourense?...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ...¿por que non? Tamén.

E logo, señor Bará, de verdade, hai entre 2.800 e 2.900 comunidades de montes. Que un grupo parlamentario veña aquí pedir que se investigue explicitamente unha, paréceme, cando menos, discutible. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Losada.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Merlo.

O señor MERLO LORENZO: Moitas grazas, presidente.

Quero dar tamén a benvida aos nosos convidados de hoxe, que levan loitando moitísimo tempo por este tema.

E, ben, falamos aquí dun macrocomplexo de lecer, comercial, que realmente é un proxecto moi ambiguo, un proxecto do que ninguén ten en concreto coñecemento de absolutamente nada, máis aló dos panfletos publicitarios. Xa o expoñía o propoñente, o señor Bará, ao inicio da súa intervención.

Vigo agora mesmo é unha cidade saturada por centros comerciais, presentes e futuros; moitos están xa desenvolto, outros sobre o papel, pero que, se se puxeran en marcha a día de hoxe, suporían ter oito grandes centros comerciais, que non son asumibles. Estes proxectos, como facía referencia o señor Losada na súa intervención, teñen un exemplo moi claro no centro xemelgo deste, dos mesmos promotores, que é Puerto Venecia, na cidade de Zaragoza, no que o impacto —din— non é tan importante. O impacto é tan importante como que dende que se abriu hai 1.200 locais pechados no centro de Zaragoza. Se iso non é importante... Eu penso que si o é.

Por outro lado, este macrocentro de ocio e de máis, supón outro problema a maiores: supón o problema de que constituiría unha barreira que disuadiría a entrada de miles de persoas ao ano á cidade para acceder a eses comercios e negocios. Nós non estamos de acordo nese modelo; ese modelo non ten sentido.

Pero eu quero centrar a miña intervención tamén —que votaremos a favor da proposta que se trae hoxe aquí— nun detalle que nos parece moito máis importante neste ámbito. Vigo é unha cidade que ten milleiros de metros cadrados de chan industrial ocioso. Non se está facendo un estudo, non se está sabendo realmente canto solo industrial temos ocioso en Vigo e, polo tanto, hai moitos lugares, como o polígono de Valadares, que poderían dar acollida a esas teóricas multinacionais que queren instalarse en Vigo. Eu non o sei. No panfleto publicitario nomean moitísimas delas, e eu, sondeando cos meus contactos dentro delas, vexo que a metade delas non tiñan a intencionalidade nin o interese de vir de momento a Vigo. Polo tanto, pode que o proxecto sexa máis bluf do que parece.

Por outro lado, se temos ese chan ocioso, ¿por que hai que allear 300.000 metros cadrados de monte común?, unha cuestión que a nós tamén se nos fai sospeitosa dende o punto de que ese alleamento de terreo suporía mermar practicamente na totalidade os montes en mancomún da parroquia. Non entendemos un pouco esa postura. É evidente que para nós hai unha forma de actuación un pouco escura; falta de transparencia, digamos, por parte de Eurofund e do Concello de Vigo neste tema.

Entretanto, aquí, como xa se dicía tamén, hai quen recolleu firmas dun xeito tendencioso para tramitar unha ILP que traerán a esta Cámara posiblemente. Nese momento, todos os grupos deberán mollarse; é dicir, os veciños de Cabral xa se mollaron, as principais federacións de comerciantes de Vigo xa se mollaron, o BNG desta volta está nesta mesma liña, xa se mollou, nós mollámonos en contra disto e faltan os outros grupos, un que se molla en sentido contrario e outro que veremos o que fai.

Nós, polo tanto, imos apoiar isto. Sabemos que a defensa principal que temos que facer desa zona é defender a coroa forestal para un uso que sexa verdadeiramente o que ten que ser o deses terreos, e non subscribilo a un interese xeral e demais, porque non pensamos que sexa un xeito de garantir o futuro e a viabilidade dos proxectos que teñen que ver con estes terreos.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Merlo.

Grupo Parlamentario Popular, señora Egerique.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Boas tardes.

Grazas, presidente.

Boas tardes, señorías.

Boas tardes, veciños de Vigo e de Cabral, benvidos ao Parlamento de Galicia.

A verdade é que, señor Bará, ten vostede que aplicarse todo o seu discurso porque, como dixo o señor Losada, no Plan xeral de ordenación municipal de 2008 quen planificou que Leiriños fora un ámbito comercial foi o Bloque Nacionalista Galego. Foi un plan xeral no

2008 que votou o Bloque Nacionalista Galego, que votou o Partido Socialista e do que votou en contra o Partido Popular no pleno municipal.

Despois ese plan pasou á Xunta de Galicia e foi aprobado na Xunta de Galicia por un goberno bipartito do Bloque Nacionalista Galego e do Partido Socialista tamén. (*Murmurios.*) Seguramente, ademais, aprobado coas presións e coa presión do alcalde de Vigo, Abel Caballero, porque viñan unhas eleccións municipais. Entón, presentouse ás eleccións municipais co Plan xeral aprobado, un plan xeral que tumbou o Tribunal Supremo. Polo tanto, a situación de Vigo agora, a situación urbanística de Vigo agora, é de parálise absoluta; de parálise absoluta polas chapuzas e as trapalladas que fixeron o Bloque Nacionalista Galego e o Partido Socialista, porque hai que facer un pouco de historia e saber como está o desenvolvemento urbanístico neste momento en Vigo e que planificación de futuro pode haber en Vigo.

Vostede está aquí, ademais, dando por feito algunhas cousas que están sen determinar aínda. Agora hai que facer un plan xeral. O Goberno municipal de Vigo ten que decidir e definir cal vai ser o futuro comercial de Vigo e por onde hai que tirar, e ten que redactar un plan xeral de ordenación municipal. Polo tanto, nós queremos insistir en que o Partido Popular e o Goberno da Xunta de Galicia, que era do Bipartito... O Partido Popular non tivo nada que ver na implementación da área comercial. Se non houbera área comercial deseñada no 2008, nese Plan xeral, non habería ningunha proposta de planificación de centro comercial alí. Iso vén a raíz de que no 2008 vostedes aprobaron un plan xeral cun ámbito comercial aí, e insisto en que o Partido Popular votou en contra diso.

Agora hai que facer un plan xeral de ordenación municipal novo, nove anos despois, e ademais, para que a cidade de Vigo non se paralice, o que está facendo este Goberno da Xunta e este Parlamento é intentar poñer as ferramentas necesarias para que non quede anquilosada a industria, para que se poidan xerar postos de traballo... Por certo, En Marea vota en contra da ampliación de Citroën para que poida haber ámbitos concretos e se poidan ampliar e se poidan facer industrias, para que se amplíe o Ifevi e poidan desenvolverse moitas actividades.

Pero, insisto, unha cidade como Vigo neste momento está completamente, desde o punto de vista urbanístico, paralizada, e non se lle espera, non se move ningún papel e non se ten intención de definir, nin de delimitar, nin de facer e clarificar o futuro comercial, por suposto o futuro comercial, porque non fai falta abrir unha superficie comercial para que pechen os comercios no centro, porque en Vigo hai que facer unha serie de planificacións urbanísticas e tamén por onde vai o futuro comercial da cidade. Polo tanto, dende o Parlamento non poden entrar vostedes como elefantes nunha cacharrería e definir o futuro comercial de Vigo, cando, ademais, non teñen representación no Goberno municipal, e non teñen representación precisamente por algunhas chanzas e chapuzas deste estilo que digo a raíz tamén deste plan xeral. (*Aplausos.*)

O PSOE non é alleo a isto. O PSOE ten unha maioría absoluta actualmente en Vigo e ten que definir, insisto... Ademais, actualmente a concelleira de Urbanismo de Vigo foi a conselleira que aprobou o Plan xeral que tirou o Tribunal Supremo. Polo tanto, eu o que pido é que o alcalde de Vigo e a señora Caride poñan as pilas e traballen no urbanismo da cidade, porque é importante para o desenvolvemento e para o futuro, porque temos que deseñar o futuro.

Aquí vostede pon unha serie de posibles centros comerciais que se poden facer e que se poden facer nun lugar ou noutro lugar. Xa falaba o señor Losada de que non ten por que ser en Cabral. ¿Por que ten que limitar vostede e ter unha moratoria en Vigo e non noutros ámbitos ou nunha zona concreta? Está falando de cousas que aínda están por decidir; é que aínda están por definir.

Polo tanto, nun primeiro lugar, que se deseñe un plan xeral de ordenación municipal. ¿Que pasa? Que o Plan xeral ten que tratar e teñen que tomarse decisións con moita xente, que quizais non vai mantelo no seu sillón e como operador que el cre que é. Ten que traballar, ten que mollarse, ten que baixar e ten que facer un plan de ordenación municipal para Vigo, que é moi necesario. Non boten nin ao Parlamento, nin ao Goberno da Xunta, nin ao Partido Popular as responsabilidades que teñen que ter vostedes, que ten que ter, neste caso, o Partido Socialista, que é o que está gobernando na cidade.

E ao Bloque Nacionalista Galego, insisto, quero dicirle que non queiran vostedes facer dende aquí, dende o Parlamento —porque non poden facelo dende Vigo, porque non teñen representación municipal—, o deseño da cidade, que sabemos moi ben, perfectamente, que é o que queremos e o que non queremos.

Eu insisto, con respecto á comunidade de montes, a verdade é que nese caso a comunidade é unha comunidade autónoma independente, si que están controladas as subvencións, perfectamente controladas. E, ademais, gustaríame lembrar que xa está regulada a partir de 2012, porque a Lei 7/2012, de montes de Galicia, establece a obriga das comunidades de reinvestir no monte polo menos un 40 % dos ingresos que recibe. ¡E quen lles dera a moitos montes de Galicia estar como está o monte de Cabral!, porque teñen que pasar para alí para saber que ben coidado está ese monte. Polo tanto, nós, dende o punto de vista ambiental, nada que obxectar.

Termino xa dicindo que os veciños de Cabral, os veciños de Vigo e o Goberno municipal de Vigo serán os que decidan e os que definan o futuro comercial de Vigo, e non poderán facelo vostedes aquí porque crean que dende o Parlamento de Galicia se pode ter a potestade de facelo.

Polo tanto, que o alcalde e que a señora concelleira de Urbanismo poñan as pilas e fagan un plan xeral como merece Vigo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Egerique.

Grupo autor da proposición non de lei, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Dixemos que este debate ía servir para que se retratase cada grupo, e o que nos quedou claro é que o Partido Popular vai ser o que tramite esta proposición non de lei de iniciativa popular, ou que intentará tramitar este proxecto pola vía da nova lei que están tramitando no Parlamento, e que o PSOE —tamén nos quedou claro— apoia este proxecto.

Sorprendeume un pouco a acritude do señor Losada, que o vin un pouco excitado neste debate. O que teño que dicirlles a representantes do PSOE e do Partido Popular é que non ten nada que ver este proxecto co que estaba contemplado no Plan xeral do ano 2008, no que, efectivamente, se prevía solo comercial, pero era de iniciativa pública. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Nada que ver con este proxecto, que responde a un interese claramente privado, privatizador e de espolio do monte comunal.

E, señor Losada, eu non dixen que a compra de terreos fose ilícita, dixen que ten que cumprir a lei, e a Lei de montes di que ten que contar —esa compra de terreos— coa autorización da Xunta de Galiza. Neste caso, non houbo ningunha autorización da Xunta de Galiza. E vostede faloume dese caso, pero non me falou da permuta de terreos, non me falou desas obras ilegais que foron paralizadas por Augas de Galicia a respecto do río lagares.

Ben, está claro que neste tema temos visións e proxectos antitéticos a respecto das grandes superficies comerciais. O BNG ten un modelo, o PSOE e o Partido Popular teñen outro completamente diferente. Nós queremos apostar polo comercio de proximidade, polo comercio local, que crea emprego e que dinamiza os centros urbanos. Vostedes apostan por estes macrocentros e pola desertización dos centros urbanos, construíndo grandes macrocentros comerciais que teñen un impacto ambiental e que causan unha auténtica desfeita, un destrozo da paisaxe e do territorio. *(Murmurios.)* Iso é o que están vostedes apoiando.

En consecuencia, as responsabilidades de cadaquén están claras: a responsabilidade do Concello de Vigo, que ten que apoiar un novo plan xeral, e a responsabilidade da Xunta, que nós lle propoñemos que faga dúas cousas —non sei se está nerviosa a señora Paula Prado e quere dicir algo— *(Protestas.)* Propoñémoslle dúas cousas —non falaron das dúas—: propoñémoslles un plan sectorial de equipamentos comerciais —non sei se teñen algún problema porque se apoie este plan sectorial de equipamentos comerciais— e, en segundo lugar, propoñémoslles unha moratoria de dez anos en centros comerciais en Vigo. Ou, se queren, cambiamos o de Vigo pola área de Vigo, non hai ningún problema. ¿Se poñemos a área de Vigo válelles? ¿Apóiano PSOE e Partido Popular? ¿Válelles así? Levámolo á comisión, traémolo outra vez ao pleno... ¿Válelles a área de Vigo? Porque non hai ningún problema, cambiamos iso, apoiamos unha moratoria e apoiamos un plan sectorial de equipamentos comerciais.

E a segunda proposta que facemos é que a Xunta de Galiza cumpra as súas funcións de control. Non pedimos que investigue á comunidade de montes, porque iso xa o están facendo os xuíces, xa o están facendo os xulgados. Hai imputacións de representantes desas comunidades de montes —que vostedes coñecen ben— que creo que teñen algunha vinculación con esta persoa.

Pedimos que a Xunta de Galiza cumpra as súas funcións de control da administración, da xestión económica e do cumprimento da lei por parte da comunidade de montes.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

(O señor Losada Álvarez pide a palabra.)

Si, señor Losada, ¿para que quere a palabra?

Perdón, silencio. Por favor, silencio. ¿Para que quere a palabra, señor Losada?

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Quería saber cal era a vinculación, entendo que miña, co presidente da comunidade de montes de...

O señor PRESIDENTE: Non se referiu a vostede.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Entendín que si. Entón, gustaríame saber cal era a vinculación.

O señor PRESIDENTE: Eu entendín que non. Non, entendín que non; non, non se referiu a vostede.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ¿Non?

O señor PRESIDENTE: Non, e así o pode corroborar. Non se referiu a vostede, non.

Está pechado. Non era vostede e, polo tanto, tranquilo, estea tranquilo.

Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Antón Sánchez García, sobre a constitución dunha comisión parlamentaria de estudo para a elaboración participativa dunha proposta de plan de transporte público de Galicia, así como as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego ao respecto

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para formar a proposición non de lei ten a palabra o señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Grazas.

A verdade é que a iniciativa anterior moveu un pouco os marcos aquí, foi moi entretida, porque parece que o Goberno pasou a ser oposición, a oposición Goberno..., entón, está ben.

Hai que falar máis de Vigo. Ademais, o Partido Popular, polo ton no que falou, parece ser que dá por bos os resultados que está tendo na cidade de Vigo e que coñece mellor ca ninguén as necesidades das cidadás de Vigo (*Protestas.*) Creo que vai ben.

Ademais, tamén me fixo graza que acusase o BNG de vir facer aquí política municipal, cando todos sabemos —que levamos anos aquí, no Parlamento— que o Partido Popular nunca utilizou este Parlamento nin a Xunta de Galicia para facer política local en Vigo. (*Aplausos.*) Todos o sabemos, si señor. Debe ser a persistencia do Partido Popular de vir aquí facer política municipal e política de reforzo ás compañeiras e compañeiros que teñen alí e aos que non lles debe de ir moi ben.

E por moito que repitan unha mentira non vai ser verdade.

Non sei se os que veñen aquí repetir a mentira de Citroën o fan por descoñecemento ou o coñecen e menten, pero o que aprobou aquí o Parlamento, co voto en contra de Alternativa Galega de Esquerda —cando estaba eu en Alternativa Galega de Esquerda—, non foi unha solución para Citroën. Ninguén se opoñía a unha solución para Citroën. Aprobouse unha solución para calquera concello de Galicia, para poder facer a política que verdadeiramente lle interesa ao Partido Popular, e a non planificación e a chafallada constante é que nos veu traer a situación urbanística que temos nos concellos de Galicia e da que son responsables vostedes, que gobernaron a maior parte do tempo neste país. (*Aplausos.*) Son responsables da desfeita urbanística. E, polo tanto, habendo solucións para facer esa operación na Citroën, vostedes meteron pola porta de atrás para favorecer... (*Protestas.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio, por favor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...os concellos. Poden berrar e berrear o que queiran. As verdades escocen, pero eu non vou calar. Poden ofenderse o que queiran. Teñen moito tempo, moitos medios de comunicación para falar...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio, pídolles que escoiten.

Desculpe, señor Sánchez, perdoe un momento. Señor Sánchez, desculpe un segundo.

Por favor, rógolles que garden silencio e que escoiten a quen está no uso da palabra.

E prégolle que nos centremos no asunto. Adiante.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Cataluña e Zaragoza. ¿Como era iso de Quevedo de: *no he de callar, por más que con el dedo avises o amenazas miedo?* ¿Ou algo así, non?

Pois mire, van ter que aguantar, porque cando se vén aquí hai que saber do que se fala, e hai que aguantar, cando lle contestan, sabendo do que se fala.

E tamén, señores do Partido Popular —non se poñan tan nerviosos, aínda van vir máis coas que se poden poñer nerviosos—, poden seguir, en cuestión do transporte público por estrada, optando por negar a realidade, por non recoñecer os erros e poden optar, en definitiva, por ser pertinaces no erro. Poden, e votarán os 41 e as 41 contra todas as propostas que traen os grupos da oposición para corrixir os erros que vostedes cometeron nestes anos nesta materia e seguir con aquel conto do rei desnudo, de cando os cortesáns dicían «que bonito é o traxe do rei» e o rei ía desnudo. Bueno, vostedes, como cortesáns, tamén están dicindo: «que bonito é o transporte... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Señor Tellado, por favor, o seu papel de *pit bull* do Partido Popular...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Señor Sánchez, non se dirixa aos deputados.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...fágao cando compareza diante da prensa, pero deixe que lle explique unhas cousas... (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Señor Sánchez, continúe vostede e déixeme a min regular o debate. (*Murmurios.*)

Silencio, por favor. Silencio.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Acabamos de aprobar unha lei de protección de benestar animal, non se preocupe. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Estou respectando, estou sendo moito máis respectuosos ca vostedes, que están seguido faltando ao respecto.

Ben, cortesáns, señores cortesáns do Partido Popular, poden seguir dicindo que este plan de transporte é moi bonito, pero realmente o rei vai desnudo.

Esta primeira fase do Plan de transporte acumula decenas de queixas e incidencias, e non queixas e incidencias menores. Como xa dixó o meu compañeiro no pleno pasado, Marcos Cal, os xornais recollen queixas na Mariña, Lugo, A Estrada, Ferrol, Cedeira, Taboada, Monforte, Chantada, Sanxenxo, Marín, Bueu, Allariz, Pobra de Trives, Salvaterra, O Porriño, Ponteareas, Salceda, Mondariz, Mondariz Balneario, Barbadás, A Cañiza, Coles, Covelo, As Neves, Melón e Ribadavia. Ademais, tivemos acceso a queixas, e tivemos xuntanzas con algún concello, como o concello de Salceda, de Mos, do Porriño, que nos contaron a verdadeira situación que vostedes aquí nunca queren recoñecer.

Isto, ademais, é consecuencia da continua improvisación e da fuxida cara adiante que vostedes están facendo co Plan de transporte público dende hai anos. Dende que o Tribunal Supremo en marzo de 2016 anulou a resolución de febreiro de 2010, aprobada polo Goberno do Partido Popular, anulando 129 concesións, o seu foi unha carreira cara adiante, e ademais deixou en evidencia que entre os anos 2010 e 2016 non planificaron e non previron o que podía acontecer se había unha sentenza dese estilo ante unha denuncia da Comisión Nacional do Mercado da Competencia.

Vostedes non fixeron os deberes, e o feito é que foi unha carreira: sentenza en marzo do 2016, Lei de medidas urxentes do transporte en xullo do 2016. E como foi improvisada, mal feita, e non estaba o traballo feito, tiveron, na Lei de acompañamento dos orzamentos do 2017, que completar a chafallada. E dicían: aquí non pasa nada. Hai un plan de participación pública dos concellos, das entidades locais, un cuestionario de catro follas, o mesmo cuestionario para todos os concellos, teñan 1.000 habitantes ou 10.000, que pregunta, por exemplo, pola información sobre os problemas do servizo actual, por destinos importantes por motivos de traballo pouco ou non atendidos, indique brevemente cales... Bueno, pois contesta aquí un concello: Vigo, Tui, Salvaterra, O Porriño e Ponteareas. Pregunta tamén sobre lugares e centros de saúde onde será necesario reforzar a liña de transporte: Hospital Álvaro Cunqueiro, hospital Meixoeiro.

Este é o proceso de participación das entidades locais. Este é un proceso de participación pública. Este é o escrito, con 300 sinaturas, de veciños e veciñas do concello de Salceda de Caselas, denunciando o recorte en frecuencias, denunciando franxas horarias de ata 3 ou 4 horas sen autobuses cara a Vigo e sen autobuses de volta de Vigo e denunciando horarios irracionais, denunciando liñas irracionais. En Lugo sur, o mesmo; 269 veciños e veciñas de Chantada; 850 sinaturas na Cañiza, protestando polos recortes de frecuencias; etc., etc., etc.

Esta é a realidade. ¿E que está pasando? Estas queixas chegan á Dirección xeral de Mobilidade. ¿E que fai a Dirección Xeral de Mobilidade? Está desbordada, e dilles aos concellos que dá unha autorización provisional para que acorden coas empresas as liñas, os horarios, etc., etc.; é dicir coma se non houberse plan. A planificación non serviu para nada. Autorización provisional para acordar coas empresas todo; é dicir, ¿de que valeu o traballo que vostedes fixeron? ¿De que valeu, se hai que volver empezar de cero?

É dicir, a Dirección Xeral de Mobilidade está desbordada agora, pero non tivo capacidade nunca, por falta de recursos humanos suficientes e porque en catro anos tivo catro directores xerais, o que demostra unha vez máis a improvisación constante deste goberno e a falta de capacidade para facer calquera cousa que sexa planificada cun mínimo de rigor, que teñen vostedes.

Polo tanto, o que nós plantexamos, se teñen un mínimo de humildade, señoras e señores do Partido Popular, é que recoñezan os erros. A primeira fase xa non ten remedio. Os concellos, os veciños e as veciñas e as empresas teñen que apañarse eles como poidan, non poden contar con vostedes. Esa primeira fase xa foi un auténtico fracaso, un caos e un desastre, como din alcaldes de todas as cores políticas e veciños e veciñas, que o único que queren é un bo servizo.

Pero aínda hai unha oportunidade para que no verán do 2018 se aprobe un plan de transporte mellor que o que se aprobará se vostedes seguen actuando como están actuando. O único que lles pedimos é que teñan esa humildade de recoñecer os erros e que actúen doutro xeito. Non hai solución máxica. As únicas solucións son facer o que vostedes non fixeron: sentarse a falar con cada concello, traballar con cada comunidade educativa e patear o país para coñecer o país e as necesidades da xente. Precísase moito traballo de rúa, non serve un traballo de despacho e de *Google maps*. Non hai solucións máxicas, hai este traballo previo. É moito traballo, sabémolo, non é fácil, pero si que sentará as bases para que non só se conserve o transporte que había, senón que se mellore, e para que tanto nas zonas urbanas como nas rurais teñamos un servizo para a xente que mellore as condicións que teñen actualmente.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Bueno, e acabo co conto. Vostedes poden optar e seguir dicindo que o rei viste moi ben, pero serán iso —se seguen dicindo iso—, serán os cortesáns dese conto, e precisamente non terán a dignidade do neno que grita: o rei vai desnudo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Sánchez.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Bará Torres.

O señor BARÁ TORRES: Penso que é a sétima vez que debatemos esta cuestión, aínda que quedarán moitos debates, sobre todo porque estamos aí batendo contra un muro, contra ese frontón do Partido Popular, que se nega a aceptar a realidade.

Nós dixemos desde un primeiro momento —e creo que todos os grupos da oposición o recoñeceron— que este é un asunto extraordinariamente complexo e que facer un plan de transporte público en Galiza ten unha enorme dificultade; tamén porque vimos dunha situación con moitas carencias e con moitas precariedades. Vimos dun sistema obsoleto, do que hai que dicir que ten moitas responsabilidades o Partido Popular, porque foi quen gobernou máis tempo e quen foi facendo todas esas concesións ao longo das décadas, moitas veces clientelares: ti vai facendo, ti vai facendo, ti vai facendo, e chegamos a onde chegamos. E tamén porque o Partido Popular, despois do ano 2010, o que fixo foi ocultar o problema e negar a realidade, varrer para debaixo da alfombra, nunha fuxida cara adiante que levou a un auténtico caos na propia Consellería, como se demostra co feito de que tiveron catro directores xerais de Mobilidade practicamente en catro anos. Despois, cando chegou a sentenza do Tribunal Supremo no ano 2016, non lle quedou máis remedio que ir a correr, que ir ás presas, que intentar poñer parches, intentar poñer situacións provisionais e facer experimentos, e así chegamos á situación na que estamos, que non temos un plan.

Vostedes venderon como gran logro que seguiu habendo autobuses o día 7 e 8 de agosto, pero a nós iso, desde logo, non nos vale, aspiramos a máis. Penso que vostedes, tamén como gobernantes, teñen que ser máis ambiciosos que que funcionen autobuses o día 8 de agosto.

Vostedes este experimento utilizaróno para reducir custos, para reducir servizos. E en moitos aspectos —como se demostrou nas alegacións e nas queixas que houbo en todas as comarcas do país ou en gran parte das comarcas do país— mesmo se empeorou o que había antes, e ademais con numerosos erros, con ese traballo moi deficiente que xa denunciámos aquí das empresas consultoras, que cobraron 800.000 euros por ese traballo tan insuficiente, con moitas irregularidades e con moitas deficiencias, sobre todo con deficiencias de participación e diálogo. Dicímoslle unha vez máis, porque non houbo un verdadeiro diálogo, principalmente cos concellos, que son quen máis e mellor coñecen o país e as demandas da poboación e que están dicindo agora que non houbo diálogo. Houbo unha reunión, houbo unha enquisa, pero tiña que haber despois a presentación deses anteproxectos e o debate nas comarcas cos concellos. E cando o houbo, como, por exemplo, coa conselleira de Infraestruturas no caso do Condado, resulta que se reuniu cos alcaldes e coas alcaldesas e despois gardou as demandas nun caixón, non as tivo en conta. Iso non é diálogo; iso é reunirse, pero non é diálogo. O mesmo no caso das ANPA, que dixeron que ían ver como funcionaba o novo sistema pero que non o avalaban, que non estaban de acordo, porque teñen outro modelo e outra proposta.

E todo isto no medio dun escurantismo e dunha ocultación da información sobre as licitacións e sobre as adxudicacións, que volvemos manifestar aquí, porque nós pedimos a documentación e estamos agardando aínda a que nola proporcionen. E as empresas licitadoras tamén tiveron moitísimas dificultades para acceder a esa documentación.

A maiores disto, estamos vendo como está habendo incumprimentos dos contratos e como non se están realizando os servizos ofertados. E non se está prestando unha das grandes novidades deste suposto novo plan, que era o transporte a demanda. ¿Onde está o transporte a demanda? ¿Cando pensan implantar este sistema? ¿Como se vai facer? Non sei se teñen algunha idea ao respecto porque non a estamos vendo por ningún lado.

Desde logo, parécenos un enorme atraso, un sistema regresivo e discriminatorio, o do novo sistema de transporte escolar integrado. Xa non é transporte escolar, son liñas xa integradas nas liñas de transporte regular. Polo tanto, están dando os primeiros pasos para a definitiva desaparición do transporte escolar, con todos os problemas de xestión e de seguranza que se están comentando a este respecto e coa opinión —como lles dixen— contraria das ANPA, que fixeron comunicados públicos dicindo que non querían ese sistema de transporte integrado.

E, claro, vostedes presentaron como solución máxica isto porque trouxeron aquí o conselleiro de Castela-León para dicir que tiveran 42.000 persoas usuarias deste novo sistema integrado en catro anos. Eu non sei se lles parece un resultado magnífico; a nós parécenos realmente moi pobre. E ademais porque había un sistema, que era o Tes+bus, que se podía mellorar e ampliar nas zonas rurais e que tiña sentido, que estaba funcionando ben. Non había que dar este paso a algo que na práctica vai supoñer —como dixen— a desaparición do transporte escolar.

En consecuencia, nós imos apoiar esta iniciativa. Pensamos que hai que facer unha análise e unha revisión crítica desta chamada primeira fase, do que se fixo nestes últimos meses. E, desde logo, temos que ir a unha proposta ambiciosa dun verdadeiro plan que sexa froito do diálogo e da participación de todos os sectores, que sexa un plan de futuro...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor BARÁ TORRES: ...para a mobilidade non só do transporte por estrada senón de todas as formas de mobilidade, tamén do transporte por ferrocarril, do ferrocarril de cercanías, tamén do transporte marítimo de ría e da mobilidade natural sustentábel e saudábel, que temos que apostar por ela como solución de futuro.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Bará.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, o señor Fernández Fernández.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Grazas, señor presidente.

Boa tarde a todas e a todos.

O pasado 15 de setembro culminou a implantación da primeira fase do Plan de transporte público de Galicia co comezo do curso escolar en secundaria; unha primeira fase do plan sen plan, sen concretar un deseño global de transporte público de Galicia. A señora conselleira preferiu e decidiu tirar polo absurdo camiño da indefinición, que nin repuxo os dereitos perdidos da poboación galega nin avanzou na necesaria planificación dun plan global; unha temeraria decisión unipersoal e unipartidaria con negativas consecuencias no presente e temo que tamén no futuro. Unha decisión tomada, ademais, para afrontala dende a peor das predisposicións, baleira de humildade e cargada de prepotencia e soberbia. Unha forma de proceder reducida a unha cuestión persoal nun tema ou nunha cuestión funda-

mental, sen participación —polo tanto, excluínte—, sen transparencia —polo tanto, opaca—, sen achegas, alérxica ás aportacións, sen diálogo e en contra de todos, como se demostrou con posterioridade e así o teñen manifestado.

En definitiva, a señora conselleira comezou este proceso coa peor das actitudes: cargada de prexuízos, máis predisposta a confrontar que a concertar e entregada a asistencias externas de manifesta insolvencia que amosaron a falla de confianza nos servizos centrais e provinciais, de recoñecida eficacia e compromiso co transporte dende hai moitísimos anos. Preferiu unha imposición do plan a compartilo cos sectores implicados. Con esta actitude a señora conselleira situou en contra do plan todo o sector do transporte. E constatouse que a súa elaboración foi un proceso excluínte, non participativo, con máis monólogo —eu diría que con exclusivamente monólogo— no lugar de diálogo.

Señorías, a implantación material da primeira fase do Plan de transporte só foi posible polas aportacións da realidade, das fases de anteproxecto e proxecto feitas polos excluídos intencionadamente na elaboración do plan, excluídos os servizos provinciais de transporte, excluídas as adxudicatarias, as concesionarias, e excluídos os concellos. Transformaron un plan teórico de despacho inaplicable nunha posibilidade de implantación real, ridiculizando con iso os actores da elaboración do plan.

Señores deputados, señoras deputadas, quero facer algo de historia para que non se repita nesta Cámara e no propio Goberno. Os gobernos do señor Feijóo tiveron tempo suficiente para evitar este conflito que nos acosou nos últimos meses, tamén e sobre todo para acadar un modelo de transporte público de persoas por estrada coa vocación de permanecer no tempo; un proxecto estratéxico para Galicia.

Pasaron dez anos dende o coñecemento do Regulamento europeo 3070/2007, que condicionou a situación das concesións do transporte público regular; pasaron oito anos dende a súa entrada en vigor, a principios de decembro de 2009; e pasaron sete anos dende a resolución ilegal —febreiro de 2010— da Dirección Xeral de Mobilidade. Anos perdidos, anos sabáticos dos gobernos do Partido Popular en transportes; oportunidade, polo tanto, perdida. Oito anos perdidos porque non se avanzou no modelo, porque non se avanzou no deseño, porque non se concitaron complicidades. Oito anos de pasividade, de desinterese, de abandono. É un ano ás carreiras, desnortado, sen rumbo, sen un modelo definido, improvisado, a bandazos, que deu como resultado un plan sen rigor técnico, sen rigor económico e sen rigor xurídico, un plan de despacho sen aportacións dos actores do transporte que están ubicados no propio territorio; unha primeira fase do plan no que as condicións dos pregos que dan soporte aos contratos de adxudicación feitos polas asistencias e o exercicio real do transporte, que comezou o 15 en canto a rutas, paradas, horarios e coordinación feito polas adxudicatarias, teñen coincidencias só reseñables na categoría de anécdotas.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Este plan só é recoñecible polos modificados, non ten parecido á proposta feita polo Goberno en boca da señora conselleira.

Xa remato, señor presidente.

Cómpre reaccionar. Dentro de dous anos finaliza a interinidade das recentes adxudicacións e en menos dun ano debe estar listo o Plan de transporte público de Galicia. Quixen poñer en evidencia os procedementos e carencias da elaboración da primeira fase para apostar por unha proposta de participación...,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: ...de diálogo, de avaliación de recursos, de tramitación nesta Cámara como un plan estratéxico, que é o que lle corresponde. O Goberno Popular ten que decidir se quere un modelo compartido e dialogado ou continúa cun modelo único, partidista, excluínte e monologado.

Imos apoiar a iniciativa.

Máis nada. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Fernández.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario Popular, o señor Fernández Prado.

O señor FERNÁNDEZ PRADO: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

Señor Sánchez, á parte de Vigo, os únicos concellos que pediron utilizar esa Lei de medidas urxentes foron os que gobernan As Mareas na Coruña e en Santiago, para facer as intermodais; foron os únicos que pediron esa lei. ¡Non será tan chapuceira e tan trapalleira se a pediron! Iso si, para facer as intermodais, porque para obras vostedes non necesitan esa lei porque obras non fan ningunha, como xa sabemos. (*Aplausos.*) Grazas a que as fai Fomento, porque non son capaces de xestionalas no Parlamento.

Pero imos ao tema do transporte, que a min si me interesa, non como a vostede, que dedicou a metade do tempo a falar doutras cousas.

Este plan xa está a facerse dun xeito participado —sei que non lles gusta escoitalo—, pero, ademais, con rigor técnico e ampla participación social. Entendemos que esas conclusións ou posibles achegas que vostedes propoñen desde unha comisión parlamentaria non chegarían a tempo polos prazos que xa vemos que se utilizan nesta Cámara nese tipo de comisións. Pero vostede mesmo contradíse. Falaba na PNL de crear esa comisión, pero agora nas súas verbas di que fagamos o que xa está facendo a Xunta, que é patear, falar cos concellos e solucionar todos os problemas que van aparecendo ou os posibles desaxustes, porque, evidentemente, sempre hai algún desaxuste que pode aparecer. Pero así é como se está facendo. E, como dicía, quedan dez meses para que teña que estar ese plan aprobado. Hai que traballar e facer posible que cheguen as achegas de todos os colectivos doutro xeito distinto e dun xeito máis eficaz.

E respecto desta lei, ademais, eu creo que xa discutimos dabondo os principios políticos; xa se discutiu aquí na lei, e varias veces. Pero cando se trata de facer o documento que desenvolve o documento do plan, que é un documento técnico, terán que ser os técnicos —iso si, con participación e diálogo dos axentes implicados— os que dean resposta a esa solución técnica que ten que dar o plan. Polo tanto, o que de verdade —non o que falou vostede— plantexa a súa proposición non de lei pois, evidentemente, non é unha solución axeitada e, polo tanto, non podemos apoiala porque se está facendo —entendemos— dun xeito máis eficaz, en constante participación cos axentes sociais. Non lles gusta escoitalo. A min gústame recordarlles que se fixeron reunións cos concellos, coa Fegamp, coas ANPA, coas empresas, cos sindicatos... Creáronse dúas comisións de seguimento, unha interdepartamental e outra cos sindicatos, están funcionando e non hai ningún impedimento —se fose necesario— para que se constituía algunha multilateral entre os axentes implicados. Pero estase dando resposta e estana tendo os colectivos que queiran involucrarse.

Aos concellos que se involucraron desde o principio —os concellos que están aportando ideas, solucións e que solicitan cousas— estáselles respondendo dun xeito rápido, e ademais estanse dando solucións. Outros non queren, e o único que queren é desestabilizar, xerar problemas, en lugar de axudar, en lugar de pedir cousas concretas, e están, como vostedes, a poñer paus nas rodas, a intentar evitar que este plan teña éxito, a pesar da importancia que ten para o país —recórdollelo sempre—. Vostedes prefiren facer esa política partidista en lugar de apoiar e axudar a que se solucionen os problemas. Pero estanse resolvendo estas pequenas incidencias. Estas incidencias —que é normal que aparezan— están tendo resposta a pé de rúa, coa xente implicada —como vostede pedía— de verdade, e non o que escribiu na proposición non de lei.

Claro, non lles gusta escoitalo, señor Bará, pero, evidentemente, despois de que se renunciara a 600 liñas, claro que era importante que non tiveramos nin un só día sen transporte no rural, ¡claro que é importante! E máis cando había unha folga na que non se respectaban os servizos mínimos, e máis cando os grupos da oposición estaban a calquera outra cousa e non a axudar nun tema estratéxico de país.

Polo tanto —como digo—, entendemos que esta comisión parlamentaria que propón a proposición non de lei non é a solución axeitada neste momento. A Consellería vai seguir con diálogo, con participación, dando resposta ás necesidades e ás demandas que teñen os distintos concellos, que son os que están máis preto dos cidadáns e destes problemas. Todos os que se achegaron á Consellería e piden e trasladan cousas concretas están tendo resposta dela, e esperamos que siga así nos próximos meses.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Fernández Prado.

Ten a palabra, por parte do grupo parlamentario autor da proposición non de lei, o señor Sánchez García.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Acaba de intervir un cortesano para tratar de convencernos de que o rei vai vestido e de que ten un vestido moi bonito. Pertinaces no erro, pertinaces na mentira, e tanto dá, ¡tanto lles dá!

Vostedes si que poñen por diante os intereses partidistas e electorais antes que o interese xeral. Vostede sabe que todo o que dixo aquí é mentira. Non lle fai falta coñecer a realidade, non importa. Vostede vén aquí de cortesano a dicir que o rei vai vestido.

Mire, ampla participación social. Pero xa lle dixen, catro follas a contestar en cinco días hábiles. Cinco días hábiles tiñan os concellos para contestar, teñan 1.000 habitantes, 10.000 ou 20.000; teñan persoal cualificado ou non o teñan. No se xuntaron nunca a falar con eles, nin sequera en conxunto, e moito menos un por un, que é o que se necesita para aquí. Fixérono dende o Google Maps.

Despois, á parte, empezou a dicir que os que lle presentan queixas —que, por certo, non contestan—... Mire, voulle ler un parágrafo que demostra —e non é o único, non teño máis tempo— que vostedes non están nin sequera contestando. O Concello de Salceda de Caselas, ante esta situación de inestabilidade no transporte público, ponse en contacto coa empresa para poder coñecer a situación futura do transporte, polo que a mesma empresa lle comunica que está redactando unha nova proposta de horarios que permita ampliar a cobertura horaria de autobuses.

Iso é o que están facendo en multitude de concellos; é dicir, que se busquen a vida entre as empresas e os concellos. E normalmente o que están facendo é volver á situación anterior, ás mesmas liñas que tiñan anteriormente á súa ocorrencia. ¿Que vai pasar? Evidentemente, se desistiron antes, chegará un momento en que tamén desistan. E o que significa é un fracaso da planificación. Vostedes non o van recoñecer, pero é así.

E non é só Salceda, é Salceda, Mos, O Porriño, Mondariz, Mondariz-Balneario, Lugo Sur, Barbadás, A Cañiza... En todos estes sitios houbo recollida de sinaturas e houbo queixas dos concellos que non son contestadas. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Non son contestadas! ¡É mentira! Non son sequera contestadas porque está desbordada a Dirección Xeral de Mobilidade, pois chegan queixas de todas partes: porque recortaron frecuencias, porque non hai información, porque fixeron uns horarios irracionais, porque hai franxas... Ademais nin sequera dicían no rural. Na liña Salceda-Vigo, unha das zonas máis poboadas de Galicia, se nesa zona houbo empresas que desistiron é porque había un mal deseño, non porque non haxa condicións para ter liñas rendibles. E nesas liñas hai franxas de catro horas sen viaxes, sen frecuencia.

E mire, os concellos, eses que lle digo a vostede que criminalizan porque din que están poñendo paus nas rodas... está criminalizando a participación. Non, mire, fanlles propostas que son as que tiñan que sentarse a escoitar, fanlles propostas moi razoables. É dicir, propostas de liñas circulares con lanzadeiras para ir a Vigo, propostas de horarios, de frecuencias, cuestións de sentido común, porque os alcaldes e as alcaldesas, que teñen que dar a cara diante dos seus veciños, si que se xogan pasar vergonza diante dos seus veciños e si que teñen que facer as cousas con sentido común, sexan do partido que sexan. E vostedes...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...seguen coa mentira, co erro e co fracaso total dun plan de transportes que ao final conseguirá o obxectivo de desmantelar o transporte en moitas zonas do país. Ao final conseguirán o que consegue o libre mercado, que haxa transporte nas áreas metropolitanas e no rural quede desmantelado. Polo tanto, seguirán cos índices...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...que teñen de despoboamento e de envellecemento do rural e co desequilibrio do país. Pero a vostedes con tal de ter 41 deputados xa lles chega, non queren outra cousa.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Sánchez.

Suspendemos a sesión ata o día seguinte.

Moitas grazas a todos.

Suspéndese a sesión ás sete e trinta e nove minutos da tarde.



PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25